



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 20 de agosto de 2021 (1061/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana (online)  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez (online)  
D. Carlos López Font (online)  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira (online)  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro (online)  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e vinte minutos do día vinte de agosto de dous mil vinte e un, en segunda convocatoria e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(729).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 9 de agosto e ordinaria do 12 de agosto de 2021. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(730).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO DE GASÓLEO C PARA OS PARQUES DE SERVIZO DE BOMBEIROS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6359/213.**

Visto o informe de fiscalización do 13/08/21, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 12/08/21, que di o seguinte:

## 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 6 de maio de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado para o subministro de gasoleo C calefacción para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 18 de marzo de 2021.*

*2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 22 de abril de 2021.*

*3º.- Autorizar o gasto por importe de 24.352,20 euros, do que 4.226,42€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13602210300 “ Combustible gasoleo” do presuposto municipal vixente.*

*Ano 2021: 6.088,05€*

*Ano 2022: 12.176,10€*

*Ano 2023: 6.088,05€*

*4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.*

**Segundo.-** Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación con data do 27 de maio de 2021 procedeu á apertura do sobre que contén a documentación persoal e a proposición avaliábel mediante fórmula e acordou, á vista da documentación presentada, *“conceder un prazo de tres días aos tres licitadores presentados para que poidan emendar a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:*



## Concello de Vigo

- *CODISOIL, S.A.: deberá presentar un novo DEUC porque o presentado está incompleto (só constan as páxinas impares) e non se pode comprobar se concorre con solvencia de terceiros (parte II), se cumpre ou non todos os motivos de exclusión (parte III) así como os criterios de selección (parte IV). Así mesmo, deberá presentar o Anexo II esixido na cláusula 14.2A e apartado 6B do Anexo I -FEC-.*
- *ESERGUI DISTESER, S.L.: deberá presentar un novo DEUC porque no presentado non consta que posúa a habilitación profesional esixida no PCAP. Para os efectos de facilitarlle a cumprimentación deste documento indícase que pode declarar esta circunstancia respondendo afirmativamente á pregunta da parte IV "Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección requeridos".*
- *GASÓLEOS AMIGO, S.L.: deberá presentar o Anexo II esixido na cláusula 14.2A e apartado 6B do Anexo I -FEC-".*

Rematado o prazo concedido para a emenda da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos, ningún dos licitadores presentou documentación, polo que a Mesa acordou, por unanimidade, *"non admitir neste procedemento a CODISOIL, S.A., ESERGUI DISTESER, S.L. e GASÓLEOS AMIGO, S.L. por non ter emendado a documentación persoal dentro do prazo concedido para o efecto"*.

En base ao anterior, a Xunta de Goberno local, na sesión do 10 de xuño de 2021, acordou:

*"Declarar deserto o procedemento aberto simplificado para a contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213) porque a Mesa de Contratación acordou non admitir a ningún dos licitadores presentados por non ter emendado a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos dentro do prazo concedido para o efecto"*.

**Terceiro.-** A proposta da Mesa de Contratación de data 21 de xuño de 2021, a Xunta de Goberno local, na sesión do 24 de xuño de 2021, acordou:

*"Retrotraer o procedemento aberto simplificado para a contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213) ao momento da cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos ao terse informado polo Servizo de Administración Electrónica que os tres licitadores presentados a esta licitación presentaron documentación dentro do prazo concedido pero por motivos de actualización e implantación de novos procesos da Sede Electrónica do Concello de Vigo, aconteceu un erro que consistiu en que as solicitudes Web rexistradas non foron transferidas ao sistema de Xestión de Expedientes Municipais nas datas indicadas"*.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 22 de xullo de 2021, adoptou o seguinte acordo:

*“a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:*

- *ESERGUI DISTESER, S.L.*
- *GASÓLEOS AMIGO, S.L.*

*b) Inadmitir a CODISOIL, S.A., por non presentar a documentación requirida durante o prazo conferido ao efecto”.*

**Quinto.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 30 de xullo de 2021, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213) na seguinte orde descendente:*

1. *Gasoleos Amigo S.L.*
2. *Esergui Disteser S.L.*

*Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, Gasoleos Amigo S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, GASÓLEOS AMIGO, S.L., o día 30 de xullo de 2021, que presenta a documentación requirida o 6, 9 e 10 de agosto, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 12 de agosto de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos



## Concello de Vigo

licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GASÓLEOS AMIGO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GASÓLEOS AMIGO, S.L., de conformidade co informe asinado polo xefe do Servizo de Bombeiros o 26 de xullo de 2021 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”*.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a GASÓLEOS AMIGO, S.L. (B-36.736.049) o procedemento aberto simplificado para a contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213) por un prezo total de 24.352,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.226,42 euros e un desconto sobre o prezo de referencia do gasóleo (PR) de 0,56%.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(731).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA DAS FONTÁNS". EXPTE. 707/441.**

Visto o informe de fiscalización do 13/08/21, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 12/08/21, que di o seguinte:

## 11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa das Fontáns" (707-441)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa das Fontáns" (707-441)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 22 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA DAS FONTÁNS", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E OITO MIL CINCUENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS (58.056,47 €) e data xullo de 2018, e con sinatura dixital de 14/12/2018.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 05 de abril de 2021.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CINCUENTA E OITO MIL CINCUENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS (58.056,47 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 10.075,92 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.74 ("Human. Rúa das Fontáns").*

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*



## Concello de Vigo

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 23 de xullo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Excluir deste procedemento a **SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.** por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non presentar documentación durante o prazo conferido ao efecto consonte o previsto no artigo 149 da LCSP.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa das Fontáns" (707-441) na seguinte orde descendente:*

<b>Empresas licitadoras</b>	<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>
1. <b>MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.</b>	91,72
2. <b>NEMESIO ORDOÑEZ ,S.A.</b>	76,57

*Terceiro.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, **MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.**, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, **MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.**, o día 26 de xullo de 2021, que presenta a documentación requirida o 6 de agosto de 2021, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 9 de agosto de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 23 de xuño e 19 de xullo de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 23 de xullo de 2021, de SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non presentar documentación durante o prazo conferido ao efecto consonte o previsto no artigo 149 da LCSP.*
2. *Adxudicar a MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L. (B-36.130.649) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa das Fontáns" (707-441) por un prezo total de 49.022,88 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.508,10 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.





## Concello de Vigo

### **4(732).- INCREMENTO ORDINARIO DE TARIFAS (IPC), SOLICITADO POR AQUA-VIGO XESTIÓN DEPORTIVA SAU, EN RELACIÓN CO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE DÚAS PISCINAS CUBERTAS NAS PARCELAS DO PERI 4 BARREIRO II E NA PRAZA CENTRAL DO POLÍGONO I DO PERI II-12 A FLORIDA B. EXPTE. 20688/333.**

Visto o informe xurídico do 6/08/21 e o informe de fiscalización do 17/08/21, dáse conta do informe-proposta do 29/07/21, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- Antecedentes:**

1.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión ordinaria do 18 de decembro de 2006, acorda a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas para a contratación da xestión do servizo público con execución de obra de dúas piscinas cubertas na parcela da praza central do polígono 1 do Peri II-12-A Florida B e na parcela do Peri 4 Barreiro II.

2.- A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria de 23 de maio de 2007 e modificado pola sesión do 12 de xuño de 2007, acordou adxudicar a construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do polígono I do PERI II-12 A Florida B, coa determinación de xestión do servizo público (expte 6078/333), a favor da sociedade concesionaria a constituír por GAIA GD, SL e MOVEXVIAL, SL., formalizándose o contrato coa sociedade concesionaria Carrera Galicia, S.L., en escritura pública de data 15 de xuño de 2007. Posteriormente a Xunta de Goberno Local de 17 de marzo de , deuse por enterada da transformación da sociedade Carrera Galicia S.L., na sociedade anónima con denominación AQA Vigo Xestión Deportiva, S.A.

3.- A posta en funcionamento do servizo ten como referencia inicial a apertura da Complexo Deportivo AQA Florida o pasado 1 de novembro de 2010, e posteriormente, o 1 de febreiro de 2011 entrou en funcionamento o complexo deportivo AQA Barreiro.

4.- En relación ás tarifas e funcionamento das piscinas a XGL aprobou en data 29/10/2010 as normas e adecuación do cadro de tarifas para o funcionamento dos servizos a prestar nas piscinas de Barreiro e A Florida.

#### **II.- Revisións de prezos aprobadas pola Xunta de Goberno Local:**

1.- Con data 17/03/2012, a Xunta de Goberno Local, aproba a revisión de tarifas para o período novembro 2010/novembro 2011, segundo o IPC interanual (expte 11073-333).

2.- Con posterioridade, en data 7/09/2012, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo (expte 11221-333):

*“Primeiro: Establecer a efectos perceptivos do devengo das tarifas aplicables o “contrato de xestión de servizos públicos para construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do Peri 4 Barreiro II e na praza central do polígono I do Peri II-12 a Florida B”, para o calculo do IPC, a data teórica establecida a partir da posta en servizo da instalación mais recente “Barreiro; 1 de febreiro de 2011”, cunha antelación de 15 meses, como período derivado dos argumentos fundamentados como atrasos imputables o propio Concello de Vigo, fixando o momento final na data do indicador publicado de IPC para abril.-2012.*

*Segundo: Determinar o incremento complementario das tarifas pola utilización das instalacións obxecto da concesión de referencia en relación o IPC, nun porcentaxe equivalente ao 3.60 % coincidente coa evolución do IPC, no período novembro 2009 e abril 2012, e a dedución do IPC do período novembro 2010 novembro 2011 aprobado con anterioridade.*

*Terceiro: As tarifas esixibles aos usuarios, en virtude do establecido no parágrafo precedente, axustaranse por redondeo ao alza ou á baixa ao mais cercano múltiplo da fracción 5/100.*

*Cuarto: Toda vez que a revisión de tarifas recolle a totalidade do período dende o inicio da explotación e os atrasos acumulados, as futuras revisións das tarifas se realizarán anualmente, tendo en conta a referencia da presente revisión aprobada de acordo o período novembro 2009 - abril 2012.”*

3.- En data 01/08/2014, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo (expte 13214-333):

*Primeiro.- Arquivar o expediente 12403-333 relativo á revisión de tarifas para o período abril 2012-abril 2013, xa que non se tramitou no seu día por orde do concelleiro-delegado de Deportes e a dita revisión xa se inclúe no expediente actual.*

*Segundo.- Autorizar a revisión das tarifas pola entrada e uso así como polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa cláusula nº 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2012/abril 2014, fixada no 1.80 %.*

*Terceiro.- As tarifas esixibles aos usuarios, en virtude do establecido no parágrafo precedente, axustaranse por redondeo ao alza ou á baixa ao máis cercano múltiplo da fracción 5/100.*

*Cuarto.- Aprobar a nova táboa de tarifas para os servizos que se presten nas piscinas de Florida e Barreiro, segundo o estipulado no anexo I que figura no expediente.*

4.- A Xunta de Goberno Local extraordinaria e urxente celebrada o 31 de agosto de 2017, aprobou a revisión das tarifas pola entrada e uso así como polas actividades complementarias que



## Concello de Vigo

se presten nas piscinas cubertas situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa cláusula no 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2014/abril 2017 (expte 16326-333).

5.- Con posterioridade, a Xunta de Goberno Local ordinaria celebrada o 21 de setembro de 2017 aprobou a revisión das tarifas polo uso das pistas de pádel do complexo de Barreiro derivado do incremento do IPC anual no período outubro 2014-abril 2017 (expte 16327-333).

6.- A Xunta de Goberno Local extraordinaria e urxente celebrada o 24 de agosto de 2018, aprobou a revisión das tarifas pola entrada e uso así como polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa cláusula no 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2017/abril 2018 (expte 17566-333).

7.- Con data 30 de agosto de 2019, a Xunta de Goberno Local aprobou, en sesión ordinaria, autorizar a revisión das tarifas pola entrada e uso, polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas así como polo uso e actividades complementarias que se presten nas pistas de pádel situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa cláusula nº 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2018/abril 2019, fixada no 1,50 % (expte 18843-333).

### **3.- CÁLCULOS PARA A REVISIÓN DOS PREZOS:**

A mercantil AQUA VIGO GESTIÓN DEPORTIVA, S.A.U, presenta escrito vía Rexistro Xeral (nº de entrada 210110432 de data 21/06/21), de solicitude de incremento ordinario de tarifas indicando:

a.- Que o prego de condicións administrativas establece no seu artigo 8.2 a revisión de tarifas. En relación a este aspecto, enténdese que a revisión das tarifas debe realizarse sobre a data solicitada polo concesionario, co obxecto de non proceder a provocar un prexuízo ao mesmo.


En relación co período de aplicación das novas tarifas, así como o seu período de revisión, indicar que o mesmo queda definido directamente no apartado 8.1 do prego de condicións administrativas particulares no cal especifica o proceso de revisión ordinaria de tarifas *“verificaranse anualmente, en función das variacións que experimente o índice de prezos ao consumo do conxunto nacional ou índice que o substitúa, tomando como inicial o correspondente ao da data en que entre en funcionamento as instalacións deportivas, aínda que sexa parcialmente e como final o último aprobado, aínda que sexa provisional.”* En base a este apartado o período de aplicación quedará determinado dende a súa aprobación ata a finalización do período anual de revisión, o cal quedará supeditado a unha nova aprobación da revisión.

b.- Que o período de revisión da solicitude se establece para “abril 2020 a abril 2021” e unha variación do IPC do 2,2%.

c.- A mercantil AQUA VIGO GESTIÓN DEPORTIVA, S.A.U, presenta escrito vía Rexistro Xeral (nº de entrada 210156861 de data 28/07/21), no cal indica :” Que se proceda a verificación anual do IPC das tarifas para os servizos que se prestan nos centros deportivos Maisqueauga Barreiro y Florida , tomando como período de referencia para la actualización del índice referido de abril de 2019 a abril de 2021 (último índice aprobado), sendo este de 1,5%.

### **3.1.- Calculo do IPC:**

Vista a solicitude presentada con data 21/06/2021 pola mercantil AQA VIGO GESTIÓN DEPORTIVA S.AU, débese indicar que as revisións de prezos veñen desenvolvéndose co calculo do IPC tendo en conta a ultima revisión. Así a última revisión efectuada correspóndese co expediente 18843-333, no cal o índice do IPC utilizado foi pra o período -abril 2018/abril 2019, polo cal a revisión proposta para este expediente debe ser actualizada en función do da variación do IPC para o período - abril 2019 a abril 2021-, que corresponde cunha variación do 1,5 %



**INE**  
Instituto Nacional de Estadística

Productos y Servicios / Cálcul... / **¿Cuánto ha variado el IPC desde...?**

Tabla

**Cálculo de variaciones del Índice de Precios de Consumo (sistema IPC base 2016)**

Variación del Índice General Nacional según el sistema IPC base 2016 desde  
**Abril de 2019 hasta Abril de 2021**

Índice	Porcentaje(%)
Nacional	1,5

El método utilizado para el cálculo de las tasas de variación del IPC se describe en la metodología Preguntas frecuentes sobre el IPC

A vista da variación do IPC segundo o certificado polo INE para o período – abril 2019/abril 2021 - ,procede aplicar o indicado na cláusula 8.2 do PCAP, polo cal e en base á solicitude establécese o seguinte cadro coa revisión do IPC redondeando os importes. Así, o novo cadro de tarifas (anexo I) contempla unha revisión con unha media do 1,5% como referencia da variación que lle corresponde do IPC.



## Concello de Vigo

Táboa de revisión ordinaria de tarifas.- Actualización IPC período (abril 2019 a abril 2021)						
AQA VIGO XESTION DEPORTIVA, S.A.U.						
Concepto	Tarifa actual	Tarifa actual sin IVE	Tarifa + IPC a abril 2021 s/ive 1,5%	IVE 21 %	Nova tarifa con iva	Tarifa final redondeada
Abonado xove	25,15 €	20,79 €	21,10 €	4,43 €	25,53 €	25,55 €
Abonado > 60 anos	22,65 €	18,72 €	19,00 €	3,99 €	22,99 €	23,00 €
Abonado Matinal	18,85 €	15,58 €	15,81 €	3,32 €	19,13 €	19,15 €
Abonado Individual	37,75 €	31,20 €	31,67 €	6,65 €	38,32 €	38,30 €
Abonado Familiar Titular	37,75 €	31,20 €	31,67 €	6,65 €	38,32 €	38,30 €
Abonado Familiar Conxugue/fillo/as < 14 anos *	6,25 €	5,17 €	5,24 €	1,10 €	6,34 €	6,35 €
Abonado Discapacitado	18,85 €	15,58 €	15,81 €	3,32 €	19,13 €	19,15 €
Abono Padel	23,70 €	19,59 €	19,88 €	4,17 €	24,05 €	24,05 €
Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S Abonado	25,15 €	20,79 €	21,10 €	4,43 €	25,53 €	25,55 €
Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S NO Abonado	50,30 €	41,57 €	42,19 €	8,86 €	51,05 €	51,05 €
Curso piscina Adulto/Niño Abonado	50,30 €	41,57 €	42,19 €	8,86 €	51,05 €	51,05 €
Curso piscina Adulto/Niño NO Abonado	100,55 €	83,10 €	84,35 €	17,71 €	102,06 €	102,05 €
Curso piscina Adulto/Niño 3 D/S Abonado	70,45 €	58,22 €	59,10 €	12,41 €	71,51 €	71,50 €
Curso piscina Adulto/Niño 3 D/S NO Abonado	140,85 €	116,40 €	118,15 €	24,81 €	142,96 €	142,95 €
Curso piscina AF. Auga > 60 anos 2 D/S Abonado	31,45 €	25,99 €	26,38 €	5,54 €	31,92 €	31,90 €
Curso piscina AF. Auga > 60 anos 2 D/S NO Abonado	62,90 €	51,98 €	52,76 €	11,08 €	63,84 €	63,85 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 1 D/S Abonado	19,80 €	16,36 €	16,61 €	3,49 €	20,10 €	20,10 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 1 D/S NO Abonado	39,60 €	32,73 €	33,22 €	6,98 €	40,20 €	40,20 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 2 D/S Abonado	39,60 €	32,73 €	33,22 €	6,98 €	40,20 €	40,20 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 2 D/S NO Abonado	79,20 €	65,45 €	66,44 €	13,95 €	80,39 €	80,40 €
Natación Escolar (cuatrimestral ANPAS)	44,00 €	36,36 €	36,91 €	7,75 €	44,66 €	44,65 €
Cursos Sala Especializados 1 D/S Abonados	25,15 €	20,79 €	21,10 €	4,43 €	25,53 €	25,55 €
Cursos Sala Especializados 1 D/S NO Abonados	50,30 €	41,57 €	42,19 €	8,86 €	51,05 €	51,05 €
Cursos Sala Especializados 2 D/S Abonados	50,30 €	41,57 €	42,19 €	8,86 €	51,05 €	51,05 €
Cursos Sala Especializados 2 D/S NO Abonados	100,55 €	83,10 €	84,35 €	17,71 €	102,06 €	102,05 €
Entrada libre piscina Adultos	3,80 €	3,14 €	3,19 €	0,67 €	3,86 €	3,85 €
Entrada libre piscina Menores	2,55 €	2,11 €	2,14 €	0,45 €	2,59 €	2,60 €
Entrada libre sala fitness Adultos	3,80 €	3,14 €	3,19 €	0,67 €	3,86 €	3,85 €
Entrada libre sala fitness Menores	2,55 €	2,11 €	2,14 €	0,45 €	2,59 €	2,60 €
Entrada libre completa incluído SPA	12,60 €	10,41 €	10,57 €	2,22 €	12,79 €	12,80 €
Adestramentos específicos personalizados mensual	18,85 €	15,58 €	15,81 €	3,32 €	19,13 €	19,15 €
Persoal Training 1 sesión	18,85 €	15,58 €	15,81 €	3,32 €	19,13 €	19,15 €

Persoal Training 5 sesións	81,75 €	67,56 €	68,58 €	14,40 €	82,98 €	<b>83,00 €</b>
Persoal Training 10 sesións	150,85 €	124,67 €	126,54 €	26,57 €	153,11 €	<b>153,10 €</b>
Aluguer toalla péquena por acceso	0,85 €	0,70 €	0,71 €	0,15 €	0,86 €	<b>0,85 €</b>
Aluguer toalla grande por acceso	0,95 €	0,79 €	0,80 €	0,17 €	0,97 €	<b>0,95 €</b>
Bono mensual toalla pequena (1 por acceso)	7,55 €	6,24 €	6,33 €	1,33 €	7,66 €	<b>7,65 €</b>
Bono mensual toalla grande (1 por acceso)	12,60 €	10,41 €	10,57 €	2,22 €	12,79 €	<b>12,80 €</b>
Aluguer mensual de taquillas	12,60 €	10,41 €	10,57 €	2,22 €	12,79 €	<b>12,80 €</b>
Aluguer 1 calle piscina 1 h	22,65 €	18,72 €	19,00 €	3,99 €	22,99 €	<b>23,00 €</b>
Aluguer 1 sala de actividades 1 h	22,65 €	18,72 €	19,00 €	3,99 €	22,99 €	<b>23,00 €</b>
Fianza carné usuario (abonados y cursillistas)	3,80 €	3,14 €	3,19 €	0,67 €	3,86 €	<b>3,85 €</b>
Carné / pulsera	3,80 €	3,14 €	3,19 €	0,67 €	3,86 €	<b>3,85 €</b>
Perdida del carné usuario (a partir 2º carné)	3,80 €	3,14 €	3,19 €	0,67 €	3,86 €	<b>3,85 €</b>
Perdida chave taquilla	3,80 €	3,14 €	3,19 €	0,67 €	3,86 €	<b>3,85 €</b>
Devolución bancaria	1,20 €	0,99 €	1,01 €	0,21 €	1,22 €	<b>1,20 €</b>
Tarifa Plus Spa	18,85 €	15,58 €	15,81 €	3,32 €	19,13 €	<b>19,15 €</b>

**Táboa de actividades complementarias Padel.- Actualización IPC período (abril 2019 a abril 2021)**

**AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA,  
S.A.U.**

			Tarifa actual con iva (21 %)	Tarifa actual s/IVE	Tarifa + IPC a abril 2021 s/ive 1,5%	IVE 21%	Nova tarifa con iva	Tarifa final redondeada
1 hora	Pistas descubertas	07:00 17:00	10,80 €	8,93 €	9,06 €	1,90 €	10,96 €	<b>10,95 €</b>
		17:00 23:00	13,20 €	10,91 €	11,07 €	2,32 €	13,39 €	<b>13,40 €</b>
	Pistas Cubertas	07:00 17:00	12,05 €	9,96 €	10,11 €	2,12 €	12,23 €	<b>12,25 €</b>
		17:00 23:00	14,35 €	11,86 €	12,04 €	2,53 €	14,57 €	<b>14,55 €</b>
1/2 hora	Pistas descubertas		6,00 €	4,96 €	5,03 €	1,06 €	6,09 €	<b>6,10 €</b>
	Pistas cubertas		7,20 €	5,95 €	6,04 €	1,27 €	7,31 €	<b>7,30 €</b>
suplemento luz (ind. Tempo)			2,40 €	1,98 €	2,01 €	0,42 €	2,43 €	<b>2,45 €</b>
Bono 10 (1 h) S/Luz			115,15 €	95,17 €	96,59 €	20,28 €	116,87 €	<b>116,85 €</b>
Bono 20 (1 h) S/Luz			224,30 €	185,37 €	188,15 €	39,51 €	227,66 €	<b>227,65 €</b>
Bono 30 (1 h) S/Luz			327,45 €	270,62 €	274,68 €	57,68 €	332,36 €	<b>332,35 €</b>
Clases de Padel								
Curso mensual 1 d/s (mx 5 alum)	Abonados		47,90 €	39,59 €	40,18 €	8,44 €	48,62 €	<b>48,60 €</b>
	Non abonados		71,90 €	59,42 €	60,31 €	12,67 €	72,98 €	<b>73,00 €</b>
Curso mensual 2 d/s (mx 5 alum)	abonados		90,00 €	74,38 €	75,50 €	15,86 €	91,36 €	<b>91,35 €</b>
	Non abonados		131,90 €	109,01 €	110,64 €	23,23 €	133,87 €	<b>133,85 €</b>



## Concello de Vigo

Bono 5 clases individuais			203,90 €	168,51 €	171,04 €	35,92 €	206,96 €	<b>206,95 €</b>
Bono 5 clases colectivas (2/4 pers)			503,75 €	416,32 €	422,57 €	88,74 €	511,31 €	<b>511,30 €</b>
Aluguer Raqueta (partido)			1,80 €	1,49 €	1,51 €	0,32 €	1,83 €	<b>1,85 €</b>

### IV.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA REVISIÓN DE PREZOS:

1.- A competencia para a aprobación da revisión de prezos correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do Concello de Vigo.

2.- O período correspondente ao cálculo da variación do IPC correspóndese ao período abril 2019 (último índice utilizado para a revisión) a abril 2021. Sendo este igual a un 1,5.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral PROPÓNSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Autorizar a revisión das tarifas pola entrada e uso, polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas así como polo uso e actividades complementarias que se presten nas pistas de padel situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa cláusula nº 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2019/abril 2021, fixada no 1,5 %.

Segundo: As tarifas esixibles aos usuarios, en virtude do establecido no parágrafo precedente, axustaranse por redondeo á alza ou á baixa ao máis próximo múltiplo da fracción 5/100.

Terceiro: Aprobar a nova táboa de tarifas para os servizos que se presten os complexos deportivos de AQA Florida e AQA Barreiro, así como as actividades complementarias que se presten nas pistas de padel, segundo o estipulado no anexo I (tarifa final redondeada).

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ANEXO I:**

Táboa de revisión ordinaria de tarifas.- Actualización IPC período (abril 2019 a abril 2021)						
AQA VIGO XESTION DEPORTIVA, S.A.U.						
Concepto	Tarifa actual	Tarifa actual sin IVE	Tarifa + IPC a abril 2021 s/ive 1,5%	IVE 21 %	Nova tarifa con iva	Tarifa final redondeada
Abonado xove	25,15 €	20,79 €	21,10 €	4,43 €	25,53 €	<b>25,55 €</b>
Abonado > 60 anos	22,65 €	18,72 €	19,00 €	3,99 €	22,99 €	<b>23,00 €</b>
Abonado Matinal	18,85 €	15,58 €	15,81 €	3,32 €	19,13 €	<b>19,15 €</b>
Abonado Individual	37,75 €	31,20 €	31,67 €	6,65 €	38,32 €	<b>38,30 €</b>

Abonado Familiar Titular	37,75 €	31,20 €	31,67 €	6,65 €	38,32 €	<b>38,30 €</b>
Abonado Familiar Conxugue/fillo/as < 14 años *	6,25 €	5,17 €	5,24 €	1,10 €	6,34 €	<b>6,35 €</b>
Abonado Discapacitado	18,85 €	15,58 €	15,81 €	3,32 €	19,13 €	<b>19,15 €</b>
Abono Padel	23,70 €	19,59 €	19,88 €	4,17 €	24,05 €	<b>24,05 €</b>
Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S Abonado	25,15 €	20,79 €	21,10 €	4,43 €	25,53 €	<b>25,55 €</b>
Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S NO Abonado	50,30 €	41,57 €	42,19 €	8,86 €	51,05 €	<b>51,05 €</b>
Curso piscina Adulto/Niño Abonado	50,30 €	41,57 €	42,19 €	8,86 €	51,05 €	<b>51,05 €</b>
Curso piscina Adulto/Niño NO Abonado	100,55 €	83,10 €	84,35 €	17,71 €	102,06 €	<b>102,05 €</b>
Curso piscina Adulto/Niño 3 D/S Abonado	70,45 €	58,22 €	59,10 €	12,41 €	71,51 €	<b>71,50 €</b>
Curso piscina Adulto/Niño 3 D/S NO Abonado	140,85 €	116,40 €	118,15 €	24,81 €	142,96 €	<b>142,95 €</b>
Curso piscina AF. Auga > 60 años 2 D/S Abonado	31,45 €	25,99 €	26,38 €	5,54 €	31,92 €	<b>31,90 €</b>
Curso piscina AF. Auga > 60 años 2 D/S NO Abonado	62,90 €	51,98 €	52,76 €	11,08 €	63,84 €	<b>63,85 €</b>
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 1 D/S Abonado	19,80 €	16,36 €	16,61 €	3,49 €	20,10 €	<b>20,10 €</b>
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 1 D/S NO Abonado	39,60 €	32,73 €	33,22 €	6,98 €	40,20 €	<b>40,20 €</b>
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 2 D/S Abonado	39,60 €	32,73 €	33,22 €	6,98 €	40,20 €	<b>40,20 €</b>
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 2 D/S NO Abonado	79,20 €	65,45 €	66,44 €	13,95 €	80,39 €	<b>80,40 €</b>
Natación Escolar (cuatrimestral ANPAS)	44,00 €	36,36 €	36,91 €	7,75 €	44,66 €	<b>44,65 €</b>
Cursos Sala Especializados 1 D/S Abonados	25,15 €	20,79 €	21,10 €	4,43 €	25,53 €	<b>25,55 €</b>
Cursos Sala Especializados 1 D/S NO Abonados	50,30 €	41,57 €	42,19 €	8,86 €	51,05 €	<b>51,05 €</b>
Cursos Sala Especializados 2 D/S Abonados	50,30 €	41,57 €	42,19 €	8,86 €	51,05 €	<b>51,05 €</b>
Cursos Sala Especializados 2 D/S NO Abonados	100,55 €	83,10 €	84,35 €	17,71 €	102,06 €	<b>102,05 €</b>
Entrada libre piscina Adultos	3,80 €	3,14 €	3,19 €	0,67 €	3,86 €	<b>3,85 €</b>
Entrada libre piscina Menores	2,55 €	2,11 €	2,14 €	0,45 €	2,59 €	<b>2,60 €</b>
Entrada libre sala fitness Adultos	3,80 €	3,14 €	3,19 €	0,67 €	3,86 €	<b>3,85 €</b>
Entrada libre sala fitness Menores	2,55 €	2,11 €	2,14 €	0,45 €	2,59 €	<b>2,60 €</b>
Entrada libre completa incluído SPA	12,60 €	10,41 €	10,57 €	2,22 €	12,79 €	<b>12,80 €</b>
Adestramentos específicos personalizados mensual	18,85 €	15,58 €	15,81 €	3,32 €	19,13 €	<b>19,15 €</b>
Personal Training 1 sesión	18,85 €	15,58 €	15,81 €	3,32 €	19,13 €	<b>19,15 €</b>
Personal Training 5 sesións	81,75 €	67,56 €	68,58 €	14,40 €	82,98 €	<b>83,00 €</b>
Personal Training 10 sesións	150,85 €	124,67 €	126,54 €	26,57 €	153,11 €	<b>153,10 €</b>
Aluguer toalla pequena por acceso	0,85 €	0,70 €	0,71 €	0,15 €	0,86 €	<b>0,85 €</b>
Aluguer toalla grande por acceso	0,95 €	0,79 €	0,80 €	0,17 €	0,97 €	<b>0,95 €</b>
Bono mensual toalla pequena (1 por acceso)	7,55 €	6,24 €	6,33 €	1,33 €	7,66 €	<b>7,65 €</b>
Bono mensual toalla grande (1 por acceso)	12,60 €	10,41 €	10,57 €	2,22 €	12,79 €	<b>12,80 €</b>
Aluguer mensual de taquillas	12,60 €	10,41 €	10,57 €	2,22 €	12,79 €	<b>12,80 €</b>
Aluguer 1 calle piscina 1 h	22,65 €	18,72 €	19,00 €	3,99 €	22,99 €	<b>23,00 €</b>
Aluguer 1 sala de actividades 1 h	22,65 €	18,72 €	19,00 €	3,99 €	22,99 €	<b>23,00 €</b>
Fianza carné usuario (abonados y cursillistas)	3,80 €	3,14 €	3,19 €	0,67 €	3,86 €	<b>3,85 €</b>
Carné / pulsera	3,80 €	3,14 €	3,19 €	0,67 €	3,86 €	<b>3,85 €</b>





## Concello de Vigo

Perdida del carné usuario (a partir 2º carné)	3,80 €	3,14 €	3,19 €	0,67 €	3,86 €	<b>3,85 €</b>
Perdida chave taquilla	3,80 €	3,14 €	3,19 €	0,67 €	3,86 €	<b>3,85 €</b>
Devolución bancaria	1,20 €	0,99 €	1,01 €	0,21 €	1,22 €	<b>1,20 €</b>
Tarifa Plus Spa	18,85 €	15,58 €	15,81 €	3,32 €	19,13 €	<b>19,15 €</b>

### Táboa de actividades complementarias Padel.- Actualización IPC período (abril 2019 a abril 2021)

#### AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A.U.

			Tarifa actual con iva (21 %)	Tarifa actual s/IVE	Tarifa + IPC a abril 2021 s/ive 1,5%	IVE 21%	Nova tarifa con iva	Tarifa final redondeada
1 hora	Pistas descubertas	07:00 17:00	10,80 €	8,93 €	9,06 €	1,90 €	10,96 €	<b>10,95 €</b>
		17:00 23:00	13,20 €	10,91 €	11,07 €	2,32 €	13,39 €	<b>13,40 €</b>
	Pistas Cubertas	07:00 17:00	12,05 €	9,96 €	10,11 €	2,12 €	12,23 €	<b>12,25 €</b>
		17:00 23:00	14,35 €	11,86 €	12,04 €	2,53 €	14,57 €	<b>14,55 €</b>
1/2 hora	Pistas descubertas		6,00 €	4,96 €	5,03 €	1,06 €	6,09 €	<b>6,10 €</b>
	Pistas cubertas		7,20 €	5,95 €	6,04 €	1,27 €	7,31 €	<b>7,30 €</b>
suplemento luz (ind. Tempo)			2,40 €	1,98 €	2,01 €	0,42 €	2,43 €	<b>2,45 €</b>
Bono 10 (1 h) S/Luz			115,15 €	95,17 €	96,59 €	20,28 €	116,87 €	<b>116,85 €</b>
Bono 20 (1 h) S/Luz			224,30 €	185,37 €	188,15 €	39,51 €	227,66 €	<b>227,65 €</b>
Bono 30 (1 h) S/Luz			327,45 €	270,62 €	274,68 €	57,68 €	332,36 €	<b>332,35 €</b>
Clases de Padel								
Curso mensual 1 d/s (mx 5 alum)	Abonados		47,90 €	39,59 €	40,18 €	8,44 €	48,62 €	<b>48,60 €</b>
	Non abonados		71,90 €	59,42 €	60,31 €	12,67 €	72,98 €	<b>73,00 €</b>
Curso mensual 2 d/s (mx 5 alum)	abonados		90,00 €	74,38 €	75,50 €	15,86 €	91,36 €	<b>91,35 €</b>
	Non abonados		131,90 €	109,01 €	110,64 €	23,23 €	133,87 €	<b>133,85 €</b>
Bono 5 clases individuais			203,90 €	168,51 €	171,04 €	35,92 €	206,96 €	<b>206,95 €</b>
Bono 5 clases colectivas (2/4 pers)			503,75 €	416,32 €	422,57 €	88,74 €	511,31 €	<b>511,30 €</b>
Aluguer Raqueta (partido)			1,80 €	1,49 €	1,51 €	0,32 €	1,83 €	<b>1,85 €</b>

### 5(733).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE DATA 13/08/2021, DO CONCE- LLEIRO-DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA, POLA QUE SE APROBA O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO ANO 2021 . EXPTE. 210/504.

Dáse conta da Resolución de data 13/08/21, asinada polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e pola secretaria de Admón. Municipal, que di o seguinte:

## DECRETO

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolucións de Delegación de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral).

De conformidade co Informe Proposta da Dirección de Ingresos, de data 12 de agosto de 2021

### RESOLVO:

**1.- APROBAR O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS** do Municipio de Vigo para o ano **2021** por importe total **13.114.310,22€** dos que **11.805.452,40€** corresponden á cota municipal e **1.308.857,82€** ao recargo provincial, que contén **3.920 inscricións**, segundo relación que comeza por "BUREAU VERITAS INSP. Y TESTING SLU" e remata por "ZINA MOVIL SL".

**2.- Dar conta á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2. da Ordenanza fiscal xeral.

**3.- Proceder á exposición pública** durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao de finalización do período voluntario de pago.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

**6(734).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE DATA 13/08/2021, DO CONCE-  
LLEIRO-DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA, POLA QUE SE APROBA  
O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA,  
BENS DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS E BENS DE NATUREZA RÚSTICA  
DO ANO 2021. EXPTE. 46531/512.**

Dáse conta da Resolución de data 13/08/21, asinada polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e pola secretaria de Admón. Municipal, que di o seguinte:

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolucións de Delegación de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral).

De conformidade co Informe Proposta da Dirección de Ingresos, de data 13 de agosto de 2021



## Concello de Vigo

### RESOLVO:

1. **APROBAR** O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DO ANO 2021 por importe de **70.328.701,88 €** (SETENTA MILLÓNS TRESCENTOS VINTEOITO MIL SETECENTOS UN EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS) que consta de 205.599 inscricións de **BENS DE NATUREZA URBANA** por importe de **67.737.207,33€** segundo relación que comeza por -ALONSO COSTAS ENRIQUE e remata por ZUÑIGA VILLAR JOSE ANTONIO, de 728 inscricións de **BENS DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS** por importe de **2.575.561,47 €** segundo relación que comeza por A PEREZ Y CIA SL e remata por XUNTA DE GALICIA" e de 1.017 inscricións de **BENS DE NATUREZA RÚSTICA** por importe de **15.933,08 €** segundo relación que comeza por -VILA SERODIO JOSE e remata por ZUNZUNEGUI PEREZ PEDRO JAVIER.
2. **Dar conta á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral.
3. **Proceder á exposición pública** durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **7(735).- SUBSTITUCIÓN DO CONVENIO ASINADO O 20/12/2021 COA DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO POR NOVO CONVENIO. EXPTE. 2816/500.**

Visto o informe de fiscalización do 17/08/21, dáse conta do informe xurídico-proposta de data 05/08/21, asinado pola técnica de Admón. Xeral-xefa de Inspección de Tributos e pola directora de Ingresos e Xestión Catastral delegada, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES DE FEITO:

**Primeiro.-** Con data 20 de decembro de 2001 subscribiuse convenio de colaboración en materia de Xestión Catastral entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e o Concello de Vigo.

**Segundo.-** O convenio afectaba a bens inmobles de natureza urbana ubicados no Concello de Vigo. O Concello asumía en réxime de prestación de servizos a tramitación dos expedientes de transmisións de dominio (901), a dos expedientes de alteracións de orde física e económica (902), a certificación de datos do Padrón de IBI, a colaboración na recepción de documentación, a adopción da Carta de Servizos do Catastro, a protección de datos de carácter persoal, actuacións de notificación de valores catastrais, de atención ao público no proceso de revisión de ditos valores e de colaboración no mantemento da base de datos do Catastro.

**Terceiro.-** A necesidade de levar a cabo adaptacións á normativa vixente e aos cambios tecnolóxicos, motivan a substitución do convenio vixente dende o 20 de decembro de 2001 por un novo. Neste contexto, a Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra remitiu borrador co texto do convenio o 12/07/2021 (número de documento 210125731), que se incorpora como anexo ao presente informe-proposta.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE:**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (LRBRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en adiante, LALGA)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en adiante, LRXSP)
- Texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo RDL 1/2004, de 5 de marzo (TRLCI)
- RD 417/2006, de 7 de abril, de desenvolvemento do TRLCI
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (LXT)
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local (Lei 27/2013).

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

**I.-** De conformidade co disposto no artigo 4 do TRLCI *“A formación e o mantemento do Catastro Inmobiliario, así como a difusión da información catastral, é de competencia exclusiva do Estado. Estas funcións, que comprenden, entre outras, a valoración, a inspección e a elaboración e xestión da cartografía catastral, exerceranse pola Dirección Xeral do Catastro, directamente ou a través das distintas fórmulas de colaboración que se establezan coas diferentes Administracións, entidades e corporacións públicas”.*

O RD 417/200 de desenvolvemento do TRLCI regula, entre outras materias, a colaboración na xestión do Catastro entre a Administración do Estado e outras administracións, entidades e corporacións públicas, fixando o marco ao que deben suxeitarse os convenios que, sobre esta materia, se subscriban, sen prexuízo da aplicación da LRXSP e da LRBRL. E así, o artigo 60 do RD 417/2006 dispón que *“Para o exercicio das funcións atribuídas á Dirección Xeral do Catastro poderán subscribirse convenios de colaboración con outras Administracións, entidades e corporacións públicas, coas limitacións previstas no artigo 6 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como no Texto refundido da Lei do catastro inmobiliario e neste capítulo”.*

*Por último, de conformidad con el artículo 8.1.b) de la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno, las partes deberán hacer pública la relación de los convenios suscritos y encomiendas de gestión, en los términos y condiciones indicados por la Ley.*

*Y en prueba de conformidad, suscriben el presente Convenio en duplicado ejemplar en el lugar y fecha anteriormente indicados.*

*El Director General del Catastro  
cienda*

*Fernando de Aragón Amunárriz*

*El Concejal Delegado de Presupuestos y Ha-  
del Ayuntamiento de Vigo*

*Jaime Aneiros Pereira*

PROXECTO DE CONVENIO ENTRE A SECRETARIA DE ESTADO DE FACENDA (DIRECCIÓN XERAL DE CATASTRO) E O CONCELLO DE VIGO EN MATERIA DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL

En Madrid e Vigo, a ...de...do ano dous mil.....

Dunha parte:

D. Fernando de Aragón Amunárriz

Director Xeral do Catastro, en virtude do Real Decreto 752/2016, de 30 de decembro (BOE nº 316, de 31 de decembro) en exercicio das competencias que ten delegadas de conformidade co artigo 17 da Orde HAC/134/2021, de 17 de febreiro, de delegación de competencias e pola que se fixan os límites das competencias de xestión orzamentaria e concesión de subvencións e axudas dos titulares das Secretarías de Estado (BOE de 18 de febreiro de 2021).

Doutra parte:

D. Jaime Aneiros Pereira

Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, en virtude de Decretos da Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 de delegación de competencias,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. O texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, establece no seu artigo 4 que a formación e mantemento do Catastro Inmobiliario e a difusión da información catastral é de competencia exclusiva do Estado e que ditas funcións exerceranse pola Dirección Xeral do Catastro, directamente ou a través das distintas fórmulas de colaboración que se establezan coas diferentes Administracións, Entidades e Corporacións Públicas.

Pola súa parte, a Dirección Xeral do Catastro exercerá as funcións relativas á formación, mantemento, valoración e demais actuacións inherentes ao Catastro Inmobiliario, de conformidade co Real Decreto 689/220, do 21 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Facenda e se modifica o Real Decreto 139/2020, do 28 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriales.

SEGUNDO. O Real Decreto 417/2006, do 7 de abril, polo que se desenvolve o Texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, regula, entre outras cuestións, a colaboración na xestión do Catastro entre a Administración do Estado e outras Administracións, Entidades e Corporacións públicas, fixando o marco ao que deben suxeitarse os convenios que, sobre esta materia, se



## Concello de Vigo

subscriban, sen prexuízo da aplicación das prescricións da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

TERCEIRO. O Concello de Vigo, en data ....., solicitou a través da Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra, á Dirección Xeral do Catastro, a formalización do presente Convenio de colaboración, en substitución do Convenio suscrito o 20 de decembro de 2001, actualmente vixente, que se extingue coa firma do presente Convenio.

As partes manifestan e subscriben a súa común vontade e acordo de resolver o Convenio do 20 de decembro de 2001, que queda extinguido. Así, resolto o anterior, a suscripción do presente Convenio ven substituír ao citado instrumento de colaboración.

CUARTO. O Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Pontevedra, en sesión celebrada o ..... informou favorablemente a suscripción do presente Convenio, en virtude do establecido no artigo 63.2 do Real Decreto 417/2006.

En consecuencia, as Administracións intervintes proceden á formalización do presente Convenio de acordo coas seguintes:

### CLÁUSULAS

#### PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO.

E obxecto do presente Convenio a colaboración entre a Dirección Xeral do Catastro, a través da Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra (en adiante, Xerencia), e o Concello de Vigo (en adiante, Concello), para o exercicio das funcións de xestión catastral cuxo contido e réxime xurídico figuran especificados nas cláusulas seguintes.

#### SEGUNDA. TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES DE ALTERACIÓNS DE DOMINIO.

1.- En réxime de encomenda de xestión, atribúense ao Concello a tramitación dos expedientes de alteracións de orde xurídica relativas a bens inmobles rústicos, urbanos e de Características Especiais (BICES) ubicados integramente no termo municipal, que se formalicen no modelo aprobado por Orde Ministerial, sempre que a transmisión de dominio non se teña formalizado en escritura pública ou solicitado a súa inscrición no Rexistro da Propiedade ou, téndose formalizado a escritura ou solicitado a inscrición, non se teña dado cumprimento á obriga establecida no artigo 38 do Texto refundido da Lei do catastro inmobiliario.

Tamén será obxecto de dita encomenda a tramitación dos expedientes de solicitudes de baixa, previstos no artigo 15 do mencionado texto legal.

2.- Dita colaboración comprenderá as seguintes actuacións:

a) Recepción da declaración, rexistro nos sistemas informáticos da Dirección Xeral de Catastro e asistencia ao contribuínte na cumprimentación das alteracións catastrais concernentes a bens inmobles urbanos e rústicos, salvo aqueles supostos nos que se teñan cumprido as formalidades establecidas no artigo 14 a) do Texto refundido da Lei do catastro

inmobiliario, en cuxo caso o Concello deberá advertir ao interesado que non ten obriga de presentar dita declaración.

b) Recepción da solicitude de baixa, rexistro nos sistemas informáticos da Dirección Xeral de Catastro e asistencia ao contribuínte na cumprimentación destas solicitudes formuladas a instancia dos propios interesados, concernentes a bens inmobles urbanos e rústicos.

c) Formalización dos requirimentos e audiencias a que houber lugar para o cumprimento das funcións encomendadas. O Concello informará á Xerencia, a través da súa grabación no Mapa de Xestión previsto na cláusula cuarta, en relación cos requirimentos non atendidos, a fin de que, no seu caso, a mencionada Xerencia desenvolva as actuacións que estime oportunas.

d) Grabación das modificacións dos datos xurídicos na base de datos catastral. O Concello realizará a grabación de toda a información relativa aos expedientes de alteracións de orde xurídica tramitados, aos efectos da súa incorporación á base de datos alfanumérica catastral. A tal efecto, terá acceso telemático aos sistemas informáticos da Dirección Xeral do Catastro, que disporá das seguintes funcionalidades: rexistro de expedientes, grabación dos datos xurídicos derivados dos expedientes e seguimento das actualizacións das bases de datos realizadas pola Xerencia. En todo caso, observaranse as instrucións, circulares, especificacións e criterios técnicos e de seguridade que sexan ditados pola Dirección Xeral do Catastro para garantir a incorporación, a calidade e a homoxeneidade dos traballos para a tramitación dos expedientes catastrais obxecto do presente apartado, así como os manuais operativos correspondentes.

e) Colaboración na resolución dos recursos de reposición que se interpoñan contra os actos dictados en relación cos expedientes tramitados no ámbito do presente Convenio.

f) O Concello dixitalizará e incorporará nos sistemas de información catastral, con carácter previo á tramitación da correspondente declaración ou solicitude, toda a documentación que integre os expedientes obxecto desta cláusula, atendendo ás Normas de Dixitalización de Documentos e ás ferramentas informáticas definidas pola Dirección Xeral do Catastro conforme ao Esquema Nacional de Interoperabilidade, co fin de permitir a súa integración no sistema de información catastral.

Para posibilitar o acceso telemático aos sistemas informáticos citados, a entidade colaboradora deberá comunicar á Dirección Xeral do Catastro os usuarios, software e equipos informáticos que se utilizarán pola mesma, todo isto adaptado ás instrucións da citada Dirección Xeral.

En todo caso, deberá cumprir as medidas de seguridade establecidas no Documento de Seguridade de SIGECA aprobado por Resolución da Dirección Xeral de Catastro de 23 de xuño de 2000 (BOE de data 27 de setembro de 2000) ou as medidas técnicas e organizativas que se aproben no seu desenvolvemento ou substitución.

g) Actuacións de información e asistencia ao contribuínte en relación coas materias referidas nos apartados anteriores.





## Concello de Vigo

### TERCEIRA. TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES DE ALTERACIÓNS DE ORDE FÍSICA E ECONÓMICA.

1.- En réxime de encomenda de xestión, atribúense ao Concello as funcións de de tramitación dos expedientes de alteracións de orde física e económica, relativos a bens inmobles urbanos, rústicos e de Características Especiais (BICES) ubicados integramente no termo municipal, que se formalicen no modelo aprobado por Orde Ministerial. Asimesmo, asumirá a tramitación dos cambios de titularidade asociados a estas alteracións que se presenten mediante a correspondente declaración.

2.- Dita colaboración comprenderá as seguintes actuacións:

a) Recepción da declaración, rexistro nos sistemas informáticos da Dirección Xeral do Catastro e asistencia ao contribuínte na cumprimentación das declaracións de alteracións catastrais obxecto do presente Convenio.

b) Comprobación da documentación presentada relativa a datos físicos, xurídicos ou económicos dos bens inmobles declarados, con realización, no seu caso, dos oportunos traballos de campo.

c) Formalización dos requirimentos e audiencias a que houber lugar para o cumprimento das funcións asumidas no presente Convenio. O Concello informará á Xerencia, a través da súa grabación no Mapa de Xestión previsto na cláusula cuarta, en relación aos requirimentos non atendidos, a fin de que, no seu caso, a mencionada Xerencia desenvolva as actuacións que estime oportunas.

d) Grabación das modificacións dos datos físicos, xurídicos e económicos na base de datos catastral. O Concello realizará a grabación de toda a información relativa aos expedientes de alteracións de orde física e económica tramitados, aos efectos da súa incorporación á base de datos alfanumérica catastral. A tal efecto, terá acceso telemático aos sistemas informáticos da Dirección Xeral do Catastro, que disporá das seguintes funcionalidades: rexistro de expedientes, grabación dos datos físicos, xurídicos e económicos derivados dos expedientes, validación da información, valoración provisional dos inmobles para que a Xerencia poida efectuar valoración definitiva dos mesmos, tanto no caso de novas incorporacións (altas) como de modificacións nos xa existentes (reformas, segregacións, divisións, agrupacións e agregacións) e seguimento das actualizacións das bases de datos realizadas pola Xerencia.

e) Colaboración na resolución dos recursos de reposición que se interpoñan contra os actos dictados en relación cos expedientes tramitados no ámbito do presente Convenio.

f) O Concello dixitalizará e incorporará nos sistemas de información catastral, con carácter previo á tramitación da correspondente declaración ou solicitude, toda a documentación que integre os expedientes obxecto desta cláusula, atendendo ás Normas de Dixitalización de Documentos e ás ferramentas informáticas definidas pola Dirección Xeral do Catastro conforme ao Esquema Nacional de Interoperabilidade, co fin de permitir a súa integración no sistema de información catastral.

A actualización cartográfica relativa aos expedientes tramitados, aos efectos da súa incorporación na base de datos gráfica catastral, realizarase mediante o mantemento en liña da cartografía catastral dixitalizada co fin de asegurar a identidade xeométrica. Para isto, a entidade colaboradora terá acceso telemático aos sistemas informáticos da Dirección Xeral de Catastro e disporá das funcionalidades de consulta e edición necesarias para o mantemento das parcelas ou locais que teñan sufrido modificacións. Cando existan construcións, editaranse e incorporaranse, ademais, os planos de distribución de cada unha das plantas significativas, acotados e dixitalizados segundo as especificacións dos formatos FXCC vixentes dictados pola Dirección Xeral do Catastro, así como a fotografía dixital da fachada.

Para posibilitar o acceso telemático aos sistemas informáticos citados, a entidade colaboradora deberá comunicar á Dirección Xeral do Catastro os usuarios, software e equipos informáticos que se utilizarán pola mesma, todo isto adaptado ás instrucións da citada Dirección Xeral.

En todo caso, observaranse as instrucións, circulares, especificacións e criterios técnicos e de seguridade que sexan ditados pola Dirección Xeral de Catastro para garantir a incorporación, a calidade e a homoxeneidade dos traballos para a tramitación dos expedientes catastrais de incorporación de bens inmobles ou de alteración das súas características, así como os manuais operativos correspondentes.

g) As actualizacións de información e asistencia ao contribuínte en relación coas anteriores materias.

#### CUARTA. COLABORACIÓN EN ACTUACIÓNS DE MANTEMENTO.

1. En réxime de encomenda de xestión, o Concello poderá realizar actuacións de colaboración na actualización das descricións catastrais dos inmobles orixinadas polos feitos, actos, negocios e demais circunstancias susceptibles de orixinar unha incorporación ou modificación no Catastro Inmobiliario, sempre e cando ditos inmobles estean integramente situados no municipio incluído no ámbito territorial do Convenio.

Dita colaboración, que non terá carácter de exclusividade, realizarase no marco dos plans de mantemento, regularización e inspección que leve a cabo a Dirección Xeral de Catastro.

Os criterios de planificación e actuacións, métodos de detección de incidencias, sistemas de captura de documentación, medición e grabación de datos, formatos para a súa remisión, así como o control de calidade realizaranse de conformidade cos criterios ditados pola Dirección Xeral do Catastro.

A base para levar a cabo as actuacións de colaboración previstas na presente cláusula será o Mapa de Xestión, como ferramenta de xestión das necesidades de actualización das descricións catastrais dos inmobles e de visualización das mesmas sobre o parcelario catastral.

Este Mapa porase a disposición do Concello no marco dos sistemas de información catastrais, de xeito que reflecta, de forma permanentemente actualizada, as incidencias



## Concello de Vigo

detectadas e a información sobre as distintas fases das actuacións que se desenvolvan sobre as mesmas.

2. Dita colaboración comprenderá as seguintes actuacións:

a) Detección dos feitos, actos, negocios e demais circunstancias relativas aos bens inmobles susceptibles de orixinar unha incorporación ou modificación no Catastro Inmobiliario.

b) Incorporación das discrepancias detectadas entre a descrición catastral dos inmobles e a realidade no Mapa de Xestión.

c) Actuacións de obtención de información e documentación que deban levarse a efecto en relación coas incidencias reflectidas no Mapa de Xestión.

d) Actuacións de obtención de información e documentación que deban levarse a efecto en relación coas incidencias reflectidas no Mapa de Xestión.

Esta remisión realizarase por medios telemáticos, nos termos e condicións fixados pola Dirección Xeral de Catastro, que permitirá a identificación inequívoca dos inmobles e as parcelas e a súa localización na cartografía catastral.

e) Colaboración no tratamento da información resultante dos apartados anteriores.

f) Colaboración, a efectos da súa incorporación ao Catastro, no tratamento da información subministrada polos notarios, rexistradores da propiedade e outras administracións e entidades públicas, reflectida no Mapa de Xestión, nos termos e condicións fixados pola Dirección Xeral do Catastro.

g) Preparación dos borradores de declaración de declaración e dos requirimentos previos aos interesados para que estes confirmen ditos borradores, ou ben comparezan nas oficinas da Entidade colaboradora ou aporten cantos datos, informes ou antecedentes con transcendencia catastral resulten necesarios, naqueles casos nos que se considere que a información e documentación dispoñible é insuficiente. Todo isto de acordo cos termos e condicións fixados pola Dirección Xeral do Catastro. O Concello informará á Xerencia sobre os requirimentos non atendidos e os borradores non confirmados para que, no seu caso, se desenvolvan por esta as actuacións que estimen oportunas.

h) Tramitación das comunicacións do Concello e entidades xestoras do Imposto sobre Bens Inmobles establecidas no artigo 14 do Texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, nos termos e condicións establecidos pola Dirección Xeral do Catastro.

i) Grabación na base de datos catastral dos datos obtidos por calquera das actuacións anteriores. A tal efecto, o Concello terá acceso telemático aos sistemas informáticos da Dirección Xeral do Catastro, coas funcionalidades que resulten necesarias para a súa actuación, debéndose observar as instrucións de identificación e autenticación do Sistema de Información da Dirección Xeral do Catastro.

O Concello dixitalizará e incorporará nos sistemas de información catastral toda a documentación que integre os expedientes obxecto desta cláusula, atendendo ás Normas de Dixitalización de Documentos e ás ferramentas informáticas definidas pola Dirección Xeral de Catastro conforme ao Esquema Nacional de Interoperabilidade, co fin de permitir a súa integración no sistema de información catastral.

A actualización cartográfica, aos efectos da súa incorporación na base de datos gráfica catastral, realizarase mediante o mantemento da cartografía catastral dixitalizada co fin de asegurar a identidade xeométrica. Para isto, a entidade colaboradora terá acceso telemático aos sistemas informáticos da Dirección Xeral do Catastro e disporá das funcionalidades de consulta e edición necesarias para o mantemento das parcelas ou locais que teñan sufrido modificacións. Cando existan construcións, editaranse e incorporaranse, ademais, os planos de distribución de cada unha das plantas significativas, acotados e dixitalizados segundo as especificacións dos formatos FXCC vixentes ditados pola Dirección Xeral do Catastro, así como a fotografía dixital da fachada.

Para posibilitar o acceso telemático aos sistemas informáticos citados, a entidades colaboradora deberá comunicar á Dirección Xeral do Catastro os usuarios, software e equipos informáticos que se utilizarán pola mesma, todo isto adaptado ás instrucións da citada Dirección Xeral.

En todo caso, observaranse as instrucións, circulares, especificacións e criterios técnicos e de seguridade que sexan ditados pola Dirección Xeral do Catastro para garantir a incorporación, a calidade e a homoxeneidade dos traballos para a tramitación dos expedientes catastrais de incorporación dos bens inmobles ou de alteración das súas características, asó como os manuais operativos correspondentes.

j) Emisión de informes técnicos referidos ás alegacións que se presenten ás propostas de regularización da descrición catastral en relación cos expedientes tramitados no ámbito do presente Convenio, así como aportación da información adicional que fose necesaria.

k) Colaboración na resolución dos recursos de reposición que se interpoñan contra os actos dictados en relación cos expedientes tramitados no ámbito do presente Convenio nos termos establecidos no apartado anterior.

l) Colaboración na investigación da titularidade catastral de inmobles incluídos íntegramente no ámbito de aplicación do presente Convenio, sempre que para isto sexa requirido pola Xerencia.

3. O Concello deberá comunicar á Xerencia calquera incidencia, para que, no seu caso, ésta desenvolva as actuacións que estime oportunas para garantir o cumprimento de todos os trámites do procedemento nos prazos previstos na lexislación vixente.

4. A Comisión de seguimento, vixilancia e control do Convenio remitirá anualmente á Xerencia unha proposta de planificación de actuacións a realizar, para garantir a súa compatibilidade cos Plans de Regularización e Inspección Catastral da Dirección Xeral do Catastro.



## Concello de Vigo

No seu caso, esta proposta detallará outras actuacións previas e complementarias á colaboración no mantemento, que deban realizarse para garantir o seu adecuado desenvolvemento, tales como:

- Corrección de erros derivados das discrepancias entre base de datos gráfica e alfanumérica.
- Corrección de rueiros e números de policía.
- Asignación de rúas a inmobles cunha soa dirección da finca.
- Achega de información para a determinación correcta de titulares en investigación.
- Calquera outras de similar natureza que se estimen convintes.

### QUINTA. ACTUACIÓNS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO E COLABORACIÓN NA DIFUSIÓN DA INFORMACIÓN CATASTRAL.

Sempre que sexa requirido para isto pola Dirección Xeral do Catastro, o Concello comprométese á posta a disposición dos medios necesarios para levar a cabo a atención ao público a consecuencia da tramitación de procedementos que puideran realizarse no termo municipal, cando afecten a un significativo número de inmobles do mesmo.

Asimesmo, o Concello asume a atención, presencial ou telefónica, de público que se dirixa a ela co fin de solicitar acceso á información xeral sobre os procedementos catastrais, tipo de actuacións, prazos, efectos e calquera outro extremo relacionado co mantemento catastral.

Dita colaboración desenvolverase en réxime de encomenda de xestión, baixo a dirección do persoal da Xerencia responsable.

O Concello comprométese a solicitar o establecemento e xestionar Puntos de Información Catastral (PIC) no termo municipal.

O réxime de funcionamento e prestación de servizos destes PIC será o establecido pola Dirección Xeral do Catastro.

O Concello comprométese á recepción e rexistro nos sistemas informáticos da Dirección Xeral do Catastro nos sistemas informáticos da Dirección Xeral de Catastro, de alegacións, solicitudes e recursos en materia catastral, alleos ao presente Convenio.

### SEXTA. COLABORACIÓN NA NOTIFICACIÓN.

1. O Concello comprométese polo presente Convenio á notificación postal aos interesados dos borradores de declaración, requirimentos, audiencias e acordos de alteración catastral adoptados pola Xerencia, resultantes da aplicación das cláusulas segunda, terceira e cuarta anteriores, nos termos establecidos no artigo 17 do Texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, acolléndose ao sistema de reparto " Medios propios e Correos NON SICER".

Dado que o sistema de reparto inclúe medios propios, as notificacións dos acordos de alteración e demais documentos previstos neste apartado poderán realizarse con persoal propio do Concello ou mediante a contratación con empresas de servizos postais, axustada aos requisitos establecidos na Lei 43/2010 de 30 de decembro, do servizo postal universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal, así como a súa normativa de desenvolvemento.

2. Asimesmo, o Concello comprométese polo presente Convenio á colaboración no cen por cen de todas as actuacións de notificación postal derivadas dos procedementos de valoración colectiva de carácter xeral ou parcial, de conformidade co previsto no artigo 29 do Texto refundido da Lei do catastro inmobiliario e nos artigos 110 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, de aplicación supletoria na notificación de valores catastrais, acolléndose ao sistema de reparto “ Medios propios e Correos NON SICER”.

Dado que o sistema de reparto inclúe medios propios, as notificacións dos acordos de alteración e demais documentos previstos neste apartado poderán realizarse con persoal propio do Concello ou mediante a contratación con empresas de servizos postais, axustada aos requisitos establecidos na Lei 43/2010 de 30 de decembro, do servizo postal universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal, así como a súa normativa de desenvolvemento.

O sistema de colaboración previsto nos apartados 1 e 2 anteriores non se aplicará ao reparto das comunicacións de clave concertada, que será efectuado pola Dirección Xeral do Catastro.

A Xerencia asumirá, en todo momento, a dirección e o control de todo o proceso de distribución e frecuencia de entrega das notificacións derivadas de procedementos de valoración colectiva de carácter xeral ou parcial.

#### SÉTIMA. DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS.

Para o desenvolvemento de todos ou algún dos traballos previstos nas cláusulas segunda, terceira, cuarta e quinta do presente Convenio, o Concello poderá optar, alternativamente, por recabar o apoio da Dirección Xeral do Catastro, asumindo o Concello a súa financiación directamente ou a través do seu Organismo Autónomo de Xestión e Recadación, ou ben realizarlos polos seus propios medios.

#### OITAVA. CARTA DE SERVIZOS DO CATASTRO.

O Concello adoptará as medidas que considere necesarias para a correcta realización das funcións de xestión catastral, cuxo contido e réxime xurídico figuran especificados no presente Convenio, de acordo cos compromisos de calidade contidos na carta de servizos do Catastro. En especial, deberá establecer un servizo de recepción e atención das queixas e suxestións que se puideran presentar polos cidadáns ante o Concello con motivo dos compromisos asumidos no presente Convenio, debendo dar traslado das mesmas á Xerencia a efectos informativos.

Asimesmo, o Concello adecuará as súas actuacións, en aplicación do previsto no Convenio, ás distintas cartas de servizos do Catastro que puideran ser aprobadas polo Ministerio de Facenda durante a vixencia do mesmo.



## Concello de Vigo

### NOVENA. PLAN DE OBXECTIVOS E DE ACTUACIÓNS DO CATASTRO.

En virtude do establecido no artigo 64.5 do Real Decreto 417/2006, a actuación do Concello axustarase á programación do Plan de Obxectivos e de Actuacións da Dirección Xeral do Catastro.

### DÉCIMA. ACTUACIÓNS FORMATIVAS.

A Xerencia comprométese a realizar aquelas actuacións formativas que, no marco da comisión de seguimento, vixilancia e control, se consideren necesarias para que o Concello poida desempeñar as funcións previstas no presente Convenio.

En todo caso, a Xerencia comprométese a realizar todas as actuacións formativas necesarias para o axeitado desenvolvemento das actividades en materia de información e atención ao público previstas na cláusulas quinta do presente Convenio.

Asimesmo, con carácter anual levaranse a cabo unhas xornadas de actualización normativa e unificación de criterios destinadas aos funcionarios ou empregados públicos do Concello responsables da xestión do Convenio.

### UNDÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

O Concello, no exercicio das funcións previstas no presente Convenio, adecuará as súas actuacións ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos personais e á libre circulación deste datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como a Ley Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos personais e garantía dos dereitos dixitais, e a súa normativa de desenvolvemento, ao Texto refundido da Lei do catastro inmobiliario e ao Real Decreto 417/2006.

O Concello terá a consideración de “encargado de tratamento” e o acceso á información catastral de carácter persoal necesaria para a prestación dos servizos obxecto deste Convenio non suporá “comunicación de datos”, a efectos do disposto na citada Lei orgánica 3/2018.

O tratamento da referida información será realizado unicamente polo persoal do Concello debidamente autorizado por el mesmo, sen prexuízo da posibilidade de contratación dos traballos obxecto do Convenio con empresas especializadas. Neste caso, o Concello fará constar expresamente no contrato subscrito a estes efectos que a empresa contratista debe axustarse ao mesmo réxime de garantías e esixencia de responsabilidade que a propia entidade colaboradora encargada do tratamento dos datos e aos disposto na disposición adicional vixésima quinta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

En todo caso, o Concello asume as seguintes obrigas:

- a) O Concello deberá poñer en coñecemento da Xerencia a identidade da empresa contratista adxudicataria dos traballos e dos empregados da mesma que vaian ter acceso aos datos catastrais protexidos, a efectos da súa autorización previa.
- b) No tratamento de datos, o Concello actuará conforme ás instrucións da Xerencia, responsable do tratamento.
- c) O Concello adoptará todas aquelas medidas de índole técnica e organizativa que resulten necesarias para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal, así como para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.
- d) O Concello non aplicará nin utilizará os datos de carácter persoal con fines distintos aos que figuran neste Convenio, nin os comunicará, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas.
- e) O Concello está obrigado a gardar o segredo profesional respecto dos datos de carácter persoal tratados, aínda despois da extinción do presente Convenio.
- f) A resolución do Convenio por algunha das partes a que se refire o Real Decreto 417/2006, suporá a devolución á Xerencia de todos os documentos ou soportes informáticos en que puidera constar algún dato de carácter persoal, no prazo de 15 días dende que resulte efectiva a denuncia do Convenio.
- g) No caso de que o Concello destine os datos a outra finalidade, os comunique ou os utilice incumprindo as estipulacións desde Convenio ou as obrigas establecidas no Real Decreto 417/2006, será considerado tamén responsable do tratamento, respondendo das infraccións en que tivera incorrido persoalmente.

#### DUODÉCIMA. ACTUACIÓNS DE PROCEDIMENTO.

1. O Concello aterase, no exercicio das funcións convenidas, ás normas técnicas que puidera impartir a Dirección Xeral do Catastro.

En todo caso, cando o Concello decida contratar con algunha empresa especializada as actuacións derivadas do presente Convenio, deberá utilizar os pregos de prescricións técnicas que, para os distintos traballos catastrais, teña establecidos a Dirección Xeral do Catastro, e levar a cabo controis periódicos dos traballos realizados por estas empresas para garantir un adecuado control de calidade. A omisión de ditos controis poderá supoñer o rexeitamento dos traballos que se pretendan entregar na Xerencia en execución deste Convenio.

2. O Concello poderá utilizar os seus propios impresos para a formalización das declaracións catastrais, sempre que os mesmos se axusten ás condicións, estrutura e contido do modelo aprobado na correspondente Orde do Ministerio de Facenda, cuxa utilización requirirá autorización expresa da Delegación de Economía e Facenda.

3. A Xerencia porá a disposición do Concello, a través do seu rexistro nas aplicacións catastrais todas as declaracións correspondentes a alteracións catastrais obxecto do





## Concello de Vigo

presente Convenio que reciba, así como a documentación dixitalizada que acompañe ás mesmas.

4. Con independencia do uso preferente da Sede Electrónica do Catastro, a Xerencia remitirá gratuitamente ao Concello, cando así o solicite e como máximo cunha periodicidade anual, a información catastral urbana do municipio nos formatos deseñados ao efecto pola Dirección Xeral do Catastro, que deberá ser utilizada para os fins do presente Convenio, sen prexuízo da súa utilización, asimesmo, para o exercicio das súas competencias.

5. O Concello remitirá á Xerencia no prazo de 10 días todas as declaracións ou documentos que se refiran a outros tipos de alteracións non contemplados no obxecto do presente Convenio e que se presenten nas súas oficinas.

6. A comisión de seguimento, vixilancia e control dará previamente a súa conformidade aos impresos que o Concello utilice nos requirimentos ou notificacións relativos ás funcións pactadas neste documento, nos que deberá facerse referencia expresa ao Convenio en virtude do cal se exercen as indicadas funcións.

7. Tanto o Concello como a Dirección Xeral do Catastro adoptarán cantas medidas estimen oportunas, encamiñadas a poñer en coñecemento do público o contido do presente Convenio evitando en todo caso duplicidade de actuacións ou trámites innecesarios.

8. En relación coas materias obxecto do presente Convenio, a Dirección Xeral do Catastro e o Concello estarán reciprocamente obrigados a admitir e remitir ao órgano competente cantos documentos presenten os administrados.

9. O intercambio de información derivado do exercicio das facultades encomendadas a este Convenio realizarase utilizando medios electrónicos, a través dos mecanismos que estableza a Dirección Xeral do Catastro, que garantirán a autenticidade, integridade, confidencialidade e non repudio dos envíos. En todo caso, a información recibida pola Xerencia será obxecto do oportuno control de validación, especialmente naqueles que impliquen unha modificación da valoración catastral.

Igualmente, a mutua remisión entre o Concello e a Xerencia de documentación que integre os expedientes obxecto deste Convenio realizarase en formato electrónico, atendendo ás Normas de Dixitalización de Documentos e ás ferramentas informáticas definidas pola Dirección Xeral do Catastro conforme ao Esquema Nacional de Interoperabilidade, co fin de permitir a súa integración no sistema de información catastral.

No suposto de que se modifiquen pola Dirección Xeral do Catastro os formatos de intercambio de información ou as Normas de Dixitalización de Documentos, establecerase un período transitorio para que a Entidade colaboradora poida adaptarse a estes novos formatos, co informe previo da Comisión Técnica de Cooperación Catastral, órgano colexiado de natureza administrativa dependente do citado Centro Directivo.

### DÉCIMOTERCEIRA. RÉXIME XURÍDICO.

1. O presente Convenio subscríbese ao amparo do establecido no artigo 4 del Texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, así como nos artigos 62 e seguintes do Real

Decreto 417/2006, polo que se desenvolve dito texto legal e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2. O presente Convenio, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, se rixe, en todo o non disposto nel, polo principios derivados desta Lei, para resolver as dúbidas e lagoas que poidan plantexarse, así como as demais disposicións que resulten de aplicación.

Para resolver os litixios que puideran xurdir sobre a súa interpretación, cumprimento, extinción, resolución e efectos serán competentes os Tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa .

3. A realización das funcións obxecto do Convenio non implica a transferencia de medios materiais e persoais, nin comportará contraprestación económica ningunha por parte da Dirección Xeral do Catastro do Concello, segundo establece o artigo 64.2 do Real Decreto 417/2006 e a disposición adicional décima da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, por canto permiten mellorar a recadación tributaria das Entidades Locais que os subscriben.

4. Sen prexuízo das facultades de organización dos seus propios servizos, o Concello deberá exercer ditas funcións con estrito cumprimento dos extremos expostos neste documento.

#### DÉCIMOCUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO, VIXILANCIA E CONTROL.

1. Constituirase unha comisión de seguimento, vixilancia e control que, formada por tres membros de cada parte, será presidida polo Xerente ou funcionario en quen delegue. Con independencia das funcións concretas que lle asignen as demais cláusulas deste Convenio, resolverá as cuestións que se plantexen en canto a súa interpretación e cumprimento, de conformidade do establecido no Real Decreto 417/2006, todo isto sen prexuízo da facultade da Dirección Xeral do Catastro de levar a cabo as actuacións de comprobación que se estimen oportunas respecto do exercicio das facultades encomendadas. Asimesmo poderá determinar a relación de expedientes e tarefas propias do presente Convenio que haxan de ser asumidos puntual e transitoriamente pola Xerencia, sempre que as circunstancias o aconsellen.

Especialmente, deberá emitir informe previo sobre as condicións da contratación que poida realizar o Concello con algunha empresa especializada, de conformidade co sinalado no apartado 1 da cláusula duodécima. Igualmente, informará as distintas ofertas recibidas por aquél, con anterioridade á adxudicación do contrato.

2. A comisión de seguimento, vixilancia e control deberá constituirse formalmente nun prazo máximo dun mes dende a formalización do presente Convenio. Dita comisión celebrará cantas sesións extraordinarias sexan necesarias para o cumprimento dos seus fins, previa convocatoria ao efecto do seu Presidente, por propia iniciativa ou tendo en conta as peticións dos demais membros. En todo caso, esta comisión reunirse ordinariamente unha



## Concello de Vigo

vez ao ano, co fin de verificar e comprobar o resultado das obrigas contraídas e de establecer as directrices e instrucións que considere oportunas.

Esta comisión axustará a súa actuación ás disposicións contidas na Sección 3ª do Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

### DÉCIMOQUINTA. RESOLUCIÓN DO CONVENIO ANTERIOR.

As partes manifestan e subscriben a súa común vontade e acordo de resolver o Convenio formalizado por elas en data 20 de decembro de 2001, que queda extinguido.

Así, resolto o anterior, a suscripción do presente Convenio ven substituír aquel instrumento de colaboración.

### DECIMOSEXTA. ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA.

1. O presente Convenio, de conformidade do establecido no artigo 66 do Real Decreto 471/2006, obrigará ás partes dende o momento da súa sinatura e estende a súa vixencia inicial ata o ... de ... de ....., prorrogándose tacitamente por sucesivos períodos anuais, mentres non sexa denunciado. O presente Convenio substitúe ao anterior Convenio suscrito o 20 de decembro de 2001, que queda resolto.

2. O cumprimento dos obxectivos contractuais establecidos no presente Convenio poderá suspenderse, unha vez sexa eficaz e dentro do prazo de vixencia, total ou parcialmente e de mutuo acordo, por un período non superior a tres meses. O transcurso deste prazo sen que se produza o seu funcionamento, causará a resolución automática do mesmo.

O Convenio poderá suspenderse, asimesmo, total ou parcialmente e de mutuo acordo, por un prazo non superior a un ano, cando concorran circunstancias técnicas, orzamentarias ou de calquera outra índole que así o xustifiquen, segundo establece o artigo 66 do Real Decreto 417/2006.

3. A denuncia do Convenio, segundo establece o artigo 67 do Real Decreto 417/2006, poderá formularse por calquera das partes, previa comunicación á outra cunha antelación mínima dun mes, transcorrido o cal producirase a extinción da relación convencional. Non obstante, no suposto de que a outra parte manifestara a súa oposición á denuncia, abrirase un período de consultas durante vinte días naturais en que a comisión de seguimento, vixilancia e control procurará o acordo entre as partes. De non producirse este acordo, quedará extinguido o Convenio unha vez transcorrido o período de consultas.

4. En caso de producirse a extinción anticipada do Convenio, os expedientes en tramitación serán resolto polo Concello, salvo que a Xerencia estime conveniente facerse cargo de todos os expedientes pendentes con independencia do estado de tramitación en que se atopen.

### CLÁUSULA TRANSITORIA.

Para a execución das tarefas contempladas no presente Convenio, a entidade local deberá empregar as aplicacións, formatos e sistemas de comunicacións que ao efecto estableza a Dirección Xeral do Catastro, e acceder a través dos correspondentes programas e liñas de

comunicacións, cuxa instalación e mantemento será por conta de dita entidade colaboradora.

#### CLÁUSULA ADICIONAL PRIMEIRA.

Con carácter complementario ás obrigas establecidas no presente Convenio, o Concello comprométese a entregar á Xerencia, a efectos estatísticos, os datos resultantes da xestión tributaria do Imposto sobre Bens Inmóbles e os establecidos no artigo 69 do Real Decreto 417/2006.

#### CLÁUSULA ADICIONAL SEGUNDA.

O compromiso establecido nas CLÁUSULAS SEGUNDA E TERCEIRA limitarase, respecto aos bens inmóbles rústicos, ás funcións que viña realizando o Concello de Vigo ata a sinatura do presente Convenio, é dicir, á recepción de declaracións e solicitudes de baixa. Sen embargo, en caso de inmóbles rústicos con construción, inmóbles con parte de superficie rústica e parte urbana, así como inmóbles colindantes afectados, realizarase a tramitación completa.

Non obstante, no seo da comisión de seguimento do presente Convenio acordarase por unanimidade a implementación progresiva da totalidade das funcións previstas nas mencionadas cláusulas.

Por último, de conformidade co artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as partes deberán facer pública a relación dos convenios subscritos e encomendas de xestión, nos termos e condicións indicados pola Lei.

E en proba de conformidade, subscriben o presente Convenio en duplicado exemplar no lugar e data anteriormente indicados.

O Director Xeral do Catastro  
Facenda

O Concelleiro Delegado de Orzamentos e  
do Concello de Vigo

Fernando de Aragón Amunárriz

Jaime Aneiros Pereira

#### **8(736).- REQUIRIMENTO DE ANULACIÓN OU REVOGACIÓN CON CARÁCTER PREVIO Á INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA A ORDE 7 DE XULLO DE 2021 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A POSTA EN PRÁCTICA DE PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO DE GALICIA, E SE CONVOCAN PARA O ANO 2021. EXPTE. 18548/77.**

Dáse conta do informe-proposta 13/08/21, asinado pola técnica de Xestión (instrución de data 27/07/21), polo concelleiro-delegado de Área e co conforme xurídico do letrado xefe da Área Xudicial, que di o seguinte:



## Concello de Vigo

### ANTECEDENTES

I.- No **DOG Núm. 20, do Xoves, 30 de xaneiro de 2020**, se publicou a Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecían as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2020(código de procedemento TR332A).

Trátase dun programa financiado con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020-2021.

II. O **artigo 6** da Orde do 27 de decembro de 2019 **da Consellería de Economía, Emprego e Industria**, determinaba a Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento, indicando no seu apartado **1.a) in fine**:

“Se é o caso, documentación acreditativa de adhesión ao convenio “Doing Business Galicia”: certificado conxunto da Fegamp e da Xunta de Galicia, expedido con anterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes, no que se acredite a proposta de habilitación do concello como “Concello Emprendedor-Concello Doing Business” ou diploma no que se acredita como “Concello Emprendedor-Concello Doing Business”.

III. O **Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA"**, ten por obxecto establecer un marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as diferentes administracións locais de Galicia, de xeito que poidan implicarse de maneira directa no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa "**Concellos Doing Business Galicia**".

- O procedemento de adhesión implica:

1º.- Manifestar o desexo de adhesión mediante adopción dun acordo de órgano colexiado ou decreto de Alcaldía

2º.- Unha vez que os concellos leven a pleno a aprobación inicial da modificación das Ordenanzas e procedan á súa publicación no BOP, cómpre remitir á FEGAMP para favorecer o seguimento do expediente.

3º.- Remitir o acordo de aprobación definitiva das ordenanzas e a súa publicación no BOP.

4º.- Reunión da Comisión Técnica de Seguimento para análise da proposta de habilitación daqueles concellos que cumpran os requisitos.

5º.- Remisión do certificado “concello emprendedor” asinado polo presidente da FEGAMP e da Xunta de Galicia ao concello solicitante.

- O **Protocolo** asinado o **10 de outubro de 2017** entre o presidente da Xunta de Galicia e o presidente da FEGAMP reflicte na súa **cláusula segunda** os compromisos dos Concellos para que poidan participar na iniciativa “Doing Business Galicia” mediante a adopción das seguintes medidas:

*1.- Imposto sobre bens inmobles: aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto que estableza unha bonificación potestativa de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades*

*económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.*

*2.- Imposto sobre actividades económicas: aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto no que se estableza unha bonificación de ata o 95 por cento da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.*

*3.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras: aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto no que se estableza unha bonificación potestativa de ata o 95% para as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 103.2 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.*

*4.- Taxa pola prestación de servizos urbanísticos ou equivalente: aprobar mediante acordo plenario o establecemento á non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de obra ou verificación "a posteriori" de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.*

*5.- Taxa pola apertura de establecementos: aprobar mediante acordo plenario o establecemento á non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de apertura ou verificación "a posteriori" para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.*

*6.- Compromiso de resolver as solicitudes de licenzas de obra maior nas que o petionario sexa unha empresa ou un autónomo para a construción dunha edificación destinada á primeira implantación dunha actividade, nun prazo máximo de 30 días naturais dende que o concello dispón da documentación completa e de todos os informes sectoriais preceptivos.*

*7.- En materia de solo empresarial, aqueles concellos que sexan titulares deste tipo de solo, adoptan o compromiso de fixar prezos competitivos das parcelas establecendo bonificacións sobre os mesmos que variarán segundo a zona do territorio onde estean ubicados.*



## Concello de Vigo

*Así mesmo, comprométense a incorporar e ofrecer ás empresas a posibilidade de acudir á figura xurídica do dereito de superficie nos termos regulados no artigo 53.1 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.*

*8.- En relación coa bonificación potestativa de ata o 95% no IBI; IAE ou ICIO para supostos declarados en especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, estableceranse os seguintes tramos:*

- Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballos*
- Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballos*
- Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballos*

*9.- As medidas de carácter fiscal comprometidas deberán manterse cando menos tres exercicios orzamentarios.”*

*A **cláusula terceira** do Protocolo adicada aos compromisos da Xunta de Galicia dispón:*

*Os concellos que se acollan á iniciativa “Doing Business Galicia” veranse beneficiados das diferentes medidas que vai promover a Xunta de Galicia coa finalidade de alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. En concreto:*

*1.- A Xunta de Galicia establecerá unha discriminación positiva a favor de aqueles concellos solicitantes de subvencións destinadas a investimentos e gastos nos eidos industrial, do emprego e do emprendemento, cando as mesmas sexa convocadas en réxime de concorrencia competitiva por calquera consellería ou entidade pertencente ao sector público autonómico de Galicia, mediante a regulación nas bases da convocatoria dun criterio específico neste sentido no que o baremo de puntuación supoña, cando menos, o 20 por 100, do total.*

*2.- Os concellos adheridos a este protocolo poderán integrar o solo industrial da súa titularidade no Observatorio de Solo Empresarial creado pola Xunta de Galicia co fin de centralizar a información relativa á oferta de inmobles empresariais (naves, parcelas, oficinas, viveiros de empresas...), e ofrecer ás empresas e emprendedores unha localización en Galicia para o desenvolvemento da súa actividade.*

*3.- Creación dunha marca territorial, asociada á Oficina Doing Business, como plataforma de colaboración para reducir as cargas administrativas ás empresas e que funcione a modo de xanela única. Os adheridos ao protocolo adquirirán, a condición de “Concello Doing Bussines Galicia”, o que suporá un reforzo do posicionamento global do concello con respecto aos non integrados nesta marca territorial, e indentificará os activos tanxibles e intanxibles que posúe Galicia en xeral, e os seus diferentes municipios en particular, e que lles garanten diferenciarse doutros territorios.*

*A **cláusula quinta** establece o réxime xurídico do Protocolo , indicando que se limita a establecer as pautas de actuación sobre unha cuestión de interese común para as partes asinantes,*

*tratándose dun acordo programático ou declarativo e sen eficacia obligacional, cuxo cumprimento non é susceptible de ser esixido xuridicamente.*

- Con data **13 de decembro de 2017** foi asinada unha **Addenda ao Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP** para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA", logo de que a FEGAMP, en reunión ordinaria da súa Comisión Executiva celebrada o 15 de novembro de 2017, acordase solicitarlle á Xunta de Galicia que a adopción dos acordos por parte de cada Concello derivados do disposto nos apartados 4 e 5 da cláusula segunda anteriormente transcrita teñan carácter voluntario, así como facer extensiva a posibilidade de incluír nos mesmos "os beneficios fiscais que sexan aplicables" a maiores dos supostos de non suxeición xa mencionados.

E polo exposto, acordan que a redacción dos apartados 4 e 5 da cláusula segunda Protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa Concellos Doing Bussines Galicia" quede como segue:

*"4.- Taxa pola prestación de servizos urbanísticos ou equivalente: poderán establecer os beneficios fiscais que sexan aplicables ou a non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de obra ou verificación "a posteriori" de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.*

*5.- Taxa pola apertura de establecementos: poderán establecer os beneficios fiscais que sexan aplicables ou a non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de apertura ou verificación "a posteriori" para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.*

*O resto das cláusulas mantéñense invariables."*

**IV.-** No **artigo 12** da Orde do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, se establecían os seguintes **Criterios de valoración** dos programas:

*"1. A concesión das subvencións previstas na presente orde realizaranse conforme os seguintes criterios:*

*Para todas as solicitudes:*

*a. As características dos colectivos que hai que atender, tendo en conta as especiais dificultades da súa inserción laboral (puntuación máxima: 8 puntos):*

*Os colectivos que hai que atender valoraranse segundo a pertenza aos seguintes grupos de persoas desempregadas:*





## Concello de Vigo

### *Grupo A:*

- Persoas con discapacidade.*
- Persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia e persoas en risco de exclusión social.*
- Mulleres coa condición de vítimas de violencia de xénero.*
- Menores de 30 anos con baixa cualificación.*

### *Grupo B:*

- Menores de 30 anos (non incluídos no grupo A).*
- Persoas desempregadas maiores de 45 anos.*
- Persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia (non incluídas no grupo A).*
- Persoas desempregadas perceptoras de prestacións, subsidios por desemprego ou renda activa de inserción.*
- Persoas desempregadas como consecuencia dun expediente de regulación de emprego de carácter extintivo, presentado nos doce meses anteriores á publicación desta orde.*
- Mulleres (non incluídas no grupo A).*
- Persoas desempregadas de longa duración.*
- Persoas inmigrantes.*

### *Grupo C:*

- Persoas desempregadas non incluídas en ningún dos grupos anteriores.*

*A puntuación neste epígrafe obterase da seguinte forma:*

*No suposto de que todas as persoas usuarias do programa pertencen a colectivos salientados nun mesmo grupo dos sinalados anteriormente:*

- Colectivos grupo A: 8 puntos. Colectivos grupo B: 6 puntos. Colectivos grupo C: 4 puntos.*

No suposto de que as persoas usuarias do programa pertencen a colectivos salientados en distintos grupos dos sinalados: obterase, en primeiro lugar, a puntuación parcial que corresponde proporcionalmente, polas persoas usuarias pertencentes aos colectivos de cada un dos grupos. Sumaranse as puntuacións parciais resultantes da aplicación da regra proporcional en cada grupo e obterase, desta forma, a puntuación total definitiva nesta epígrafe.

No suposto de que o programa estea dirixido, exclusivamente, a mulleres (artigo 3.A), obterase a puntuación total tendo en conta o colectivo a que pertence cada unha delas, de acordo coa puntuación explicitada nos colectivos mencionados neste artigo.

b. A participación no proxecto do tecido empresarial existente no territorio en que se implantará o plan. Para tal efecto, acreditarase documentalmete a participación de empresas no plan mediante cartas de compromisos dos seus representantes legais. Para poder ser valoradas deben constar, de forma específica na carta de compromiso, as accións de entre as relacionadas no artigo 1.2 nas que se concreta a súa posible participación nese proxecto e xustificarse na memoria explicativa do proxecto que as accións propostas e a finalidade do plan se axustan ás necesidades das empresas participantes (puntuación máxima: 5 puntos).

c. Recursos humanos e materiais, propios, axeitados para a atención aos colectivos correspondentes e accións propostas para a execución do programa (puntuación máxima: 6 puntos):

c.1 Nos recursos humanos, as entidades deberán contar, polo menos, cunha persoa ao 60% de imputación (en cómputo de xornada completa) de acordo co explicitado no artigo 4.1.d e valorase ata un máximo de 2 puntos a ratio resultante de dividir o número de persoas demandantes para atender entre o persoal propio da entidade dedicado ao programa, sempre que a dita dedicación sexa superior ao 50 % da xornada\* ( $n^{\circ}$  de persoas demandantes/ $n^{\circ}$  persoas dedicadas ao proxecto):

– 10 ou menos: 2 puntos

– Entre 11 e 15: 1,75 puntos

– Entre 16-20: 1,50 puntos

– Entre 21-30: 1,25 puntos

– Entre 31-40: 1 punto

– Máis de 40: 0 puntos

\*No suposto de imputación de gastos correspondentes a presidentes, directores xerais, xerentes ou similares non se poderá superar o 30% dos seus gastos salariais e de Seguridade Social.

O límite máximo de persoas imputadas economicamente ao programa integrado de emprego será de 15 (persoal propio ou contratado especificamente para o programa).



## Concello de Vigo

*c.2 Nos recursos materiais, valorarase ata un máximo de 4 puntos a calidade das instalacións, medios e sistemas propios da entidade para o desenvolvemento do programa. Non se computarán recursos en réxime de aluguer.*

*Os gastos de adquisición ou disposición dos recursos materiais propios ofrecidos pola entidade solicitante para a súa valoración ao abeiro da presente epígrafe non serán admitidos como xustificación para o cálculo do importe aboable en concepto de subvención.*

*d. Os obxectivos comprometidos en materia de inserción laboral no mercado de traballo das persoas demandantes que atender, sempre que sexan superiores aos mínimos establecidos no artigo 3. Non se outorgará puntuación nesta epígrafe ás entidades solicitantes que incumpriran o obxectivo de inserción comprometido en dúas ou máis ocasións dentro das últimas 5 convocatorias para as que estea dispoñible este dato (puntuación máxima: 5 puntos):*

*d.1 A puntuación obterase tendo en conta a seguinte escala:*

- 36 %: 0,5 puntos*
- 37 %: 1 punto*
- 38 %: 1,5 puntos*
- 39 %: 2 puntos*
- 40 %: 2,5 puntos*
- 41 %: 3 puntos*
- 42 %: 3,5 puntos*
- 43 %: 4 puntos*
- 44 %: 4,5 puntos*
- 45 % ou máis: 5 puntos*

*d.2 Exclusivamente para o caso no que a totalidade dos colectivos que se van atender no programa solicitado pertencen ao grupo A do punto 1 deste artigo e en atención ás maiores dificultades de inserción laboral destes, a escala será a seguinte:*

- 36 %: 1 punto*
- 37 %: 2 puntos*

- 38 %: 3 puntos
- 39 %: 4 puntos
- 40 % ou máis: 5 puntos

e. O maior esforzo investidor da entidade solicitante no financiamento total do proxecto, sempre que o cofinanciamento sexa superior ao 10 % (puntuación máxima: 4 puntos):

- 11 %: 0,25 puntos
- 12 %: 0,50 puntos
- 13 %: 1 punto
- 14 %: 1,25 puntos
- 15 %: 1,50 puntos
- 16 %: 2 puntos
- 17 %: 2,5 puntos
- 18 %: 3 puntos
- 19 %: 3,5 puntos
- 20 % ou máis: 4 puntos

f. A experiencia acreditada, nos últimos cinco anos, no desenvolvemento de programas integrados para o emprego ou lanzadeiras de emprego de Galicia (Orde do 18 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de lanzadeiras de emprego de Galicia durante os anos 2016-2017), subvencionados polo Servizo Público de Emprego de Galicia: ata un máximo de 5 puntos se a valoración é positiva e ata -5 se é negativa.

Valoraranse os resultados de inserción acadados pola entidade en relación coas porcentaxes previamente comprometidas.

Puntuarase o resultado das visitas de seguimento realizadas.

g. Características técnicas do programa integrado que se vai desenvolver (puntuación máxima 7 puntos), valorándose os seguintes aspectos:



## Concello de Vigo

*Metodoloxía que se vai aplicar e relación cos resultados de inserción previstos, será valorado cun máximo de 4 puntos.*

*Existencia de sistemas adecuados de seguimento das persoas participantes. Puntuarase a descrición dos perfís profesionais das persoas demandantes e o deseño do itinerario de inserción laboral en función do perfil. Valorarase a utilización dunha aplicación informática na que consten todas as actuacións que se fagan coas persoas usuarias ao longo do programa: sesións de orientación realizadas, cursos e obradoiros en que participaron, entrevistas de selección en que participaron, contactos con empresas para o envío de CV, etc... Así mesmo, puntuarase a realización de cuestionarios de avaliación cubertos por todas as persoas participantes que recollan a súa opinión sobre as seguintes accións do programa: orientación (1 cuestionario por cada sesión), formación (1 cuestionario por cada curso ou obradoiro) e prácticas profesionais (1 cuestionario por cada período de prácticas, sempre que sexa en distintas empresas). Esta epígrafe será valorada cun máximo de 3 puntos.*

*h. Carácter innovador do programa (puntuación máxima: 10 puntos); valoraranse os seguintes aspectos:*

*A utilización das novas tecnoloxías: puntuarase cun máximo de 2 puntos.*

*Existencia de medidas de conciliación da vida familiar e laboral. No caso de que a entidade se comprometa a implementar estas medidas deberá achegar, xunto coa memoria, un texto informativo en que detalle os pormenores destas, que será entregado debidamente asinado ás persoas demandantes no momento da selección. Puntuarase cun máximo de 2 puntos.*

*Presentación dun proxecto innovador en relación co perfil dos colectivos que se van atender ou coas características das accións que se desenvolverán no proxecto presentado. Puntuarase cun máximo de 2 puntos.*

*A impartición de formación acreditada con certificados de profesionalidade cando exceda a impartición dun certificado: 4 puntos de acordo coa seguinte gradación:*

*– Impartición dun módulo a maiores dun certificado ou formación en competencias clave: 1 punto.*

*– Impartición de dous ou mais módulos: 2 puntos.*

*– Impartición dun certificado adicional completo: 4 puntos.*

***i. Concellos que teñan a condición de “Concello emprendedor-Concello Doing Business” acreditado segundo o disposto no artigo 6.1.a): 20 puntos. No caso de que o proxecto estea promovido por unha agrupación de concellos baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade,...) outorgarase a puntuación en función da porcentaxe de concellos que teñan tal condición.***

*B. Proxectos presentados por concellos resultantes dun proceso de fusión municipal nos 10 anos anteriores á data de publicación da orde: 30 puntos. A puntuación desta epígrafe é incompatible coa puntuación da epígrafe C posterior.*

*C. Para as solicitudes presentadas conxuntamente por agrupacións de concellos baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade....) agás a fusión de concellos:*

*a. Pola mera presentación da solicitude conxunta: 10 puntos.*

*b. Segundo a poboación total de persoas desempregadas do seu ámbito territorial conxunto: ata 10 puntos. A puntuación desta epígrafe obterase da seguinte forma:*

*Media de paro no ano 2019 superior ás 2.000 persoas : 10 puntos.*

*Media de paro no ano 2019 superior ás 1.000 persoas e non superior a 2000 : 5 puntos.*

*Media de paro no ano 2019 igual ou inferior ás 1.000 persoas: 0 puntos.*

*2. Serán rexeitadas aquelas solicitudes conxuntas en que non resulte acreditada a realización conxunta do programa integrado de emprego e que supoñan actuacións independentes de cada entidade local.*

*3. A valoración mínima para a consecución da condición de entidade beneficiaria debe ser de 22 puntos, dos cales 11 deberán corresponder ás epígrafes de características técnicas e carácter innovador.*

*4. Para o caso de que se produza un empate nas puntuacións obtidas, terán preferencia aquelas solicitudes en que se utilice a lingua galega na elaboración e na realización dos proxectos. No caso de que se manteña o empate concederase a axuda atendendo á orde de presentación da solicitude.”*

## **V. Cualificación do Concello de Vigo coma “CONCELLO EMPRENDEDOR”:**

Documéntanse a continuación as medidas desenvolvidas polo Concello de Vigo coma “**Concello Emprendedor**” por mor da súa implicación de xeito directo no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia dende hai case dúas décadas:

**1º.-** O Concello-Pleno, a proposta da Concellería de Emprego, na súa sesión de data **5 de xuño de 2000**, aprobou o Plan Municipal de Emprego 2000-2003. Dito plan contemplaba, entre outras medidas, as axudas á creación de empresas, ben a través de subvención directa ou ben a través de bonificacións en determinados impostos municipais, e recollía o concepto de *Proxecto Empresarial de Interese Municipal (PEIM)*.

**2º.-** A Comisión de Goberno, en sesión do **04 de setembro de 2000**, acordou a incorporación ás Ordenanzas Fiscais para o ano 2001 de bonificacións fiscais en determinados *impostos e taxas*



## Concello de Vigo

*municipais*, para aqueles proxectos declarados de interese municipal (proxectos PEIM), independentemente da súa forma xurídica, que teñan domicilio no ámbito territorial do Concello de Vigo.

**3º.-** O Plan Municipal de Emprego 2008-2011, aprobado en sesión plenaria da Corporación Municipal de data **29 de abril de 2008**, segue a contemplar o apoio municipal aos Proxectos Empresariais de Interese Municipal (PEIM).

**4º.-** A **Xunta de Goberno Local**, na sesión ordinaria do **14/03/2011**, aprobou as **Bases reguladoras para a cualificación dos proxectos empresariais de interese municipal-PEIM** (expte. 8053/77), nas que se delimitan as características, requisitos e procedemento de cualificación desta figura, en liña coas Iniciativas Locais de Emprego da Xunta de Galicia, pero exclusivamente xeradas e apoiadas economicamente no ámbito municipal (artigo 2.b) do capítulo I, do Decreto 9/2000, do 12 de xaneiro, polo que se regulan as iniciativas locais de emprego)

- De acordo co disposto no artigo 1 das bases reguladoras:

*Poderán te-la consideración de proxectos PEIM, aqueles proxectos empresariais, independentemente da súa forma xurídica, co seu domicilio fiscal e social no ámbito territorial do Concello de Vigo, e que teñan por obxecto:*

- 1-Fomentar a posta en marcha de actividades consideradas innovadoras, emerxentes ou novos filóns de emprego, ou ben,*
- 2-O autoemprego de colectivos específicos que se constitúan como empresarios, como un dos medios máis axeitados para a súa integración laboral.*

- Os referidos proxectos empresariais, para que poidan ser cualificados como de interese municipal, deberán cumprí-los seguintes requisitos (artigo 2):

- 1-Proxectos empresariais que reúnan as condicións de viabilidade e que xeren cando menos un posto de traballo estable.*
- 2-Que se trate de empresas privadas de nova creación ou empresas xa constituídas que incorporen aspectos innovadores na súa actividade ou nunha nova actividade.*
- 3-Que os seus promotores pertencen algún dos colectivos especificados no artigo 3º, ou ben que o obxecto da iniciativa empresarial estea comprendido nalgunha das actividades indicadas no artigo 4º das presentes bases.*
- 4-Que vaian desenvolver-la súa actividade maioritariamente no ámbito territorial do Concello de Vigo, e teñan o seu domicilio fiscal e social no mesmo.*
- 5-Acadar a puntuación mínima requirida, segundo os criterios de avaliación que se especifican no artigo 5º.*

- O artigo 5º reflicte os Criterios de avaliación:

*Todos aqueles proxectos susceptibles de ser cualificados como proxectos PEIM, terán que acadar unha puntuación mínima de 70 puntos (condición necesaria, aínda que non suficiente para poder ser cualificado como proxecto PEIM), unha vez aplicada a táboa de valoración indicada, ó aplicar os seguintes criterios:*

- 1-Colectivo/s ó/s que pertence/n o/s promotor/es do proxecto ou os socios e no caso das empresas xa constituídas relevancia na industria local.*

2-Actividade ou obxecto social da nova empresa e no caso de empresas xa constituídas as novas actividades que van a desenvolver. Neste ámbito valorárase as actividades vencelladas a sectores emerxentes ou novos filóns de emprego.

3-Situación de desemprego dos promotores (tempo de permanencia nesta situación, segundo certificado de vida laboral) da nova empresa e de ser unha empresa xa constituída terase en conta a situación e tempo de permanencia no Concello.

4-Natureza innovadora do proxecto, que optimicen os recursos infrautilizados ou ociosos no ámbito territorial no que van desenvolver-la súa actividade.

5-Número de empregos estables creados e colectivos que se vaian contratar, tanto a xornada completa como a tempo parcial, por un período mínimo de 2 anos, valorándose especialmente a contratación de colectivos con especiais dificultades de inserción laboral. No caso das empresas xa constituídas valorárase as novas contratacións sempre e cando se produza un aumento da plantilla estable respecto o ano anterior.

6-Interese do proxecto para a dinamización socio-económica da zona, tendo en conta así mesmo a ubicación do seu domicilio social (actividades turísticas ou de outro ámbito, que requiran un impulso para o seu fomento).

7-Forma xurídica da empresa cualificada como proxecto "PEIM", dándolle prioridade ás empresas de economía social, co obxecto de incentivar e fomentar as mesmas e, por ende, o asociacionismo laboral.

8-Contía do investimento que se vai levar a cabo no seu conxunto, e máis en concreto en activo fixo. No financiamento do mesmo terase en conta o ratio financiamento alleo fronte a financiamento propio. No caso de ser empresas xa constituídas terase en conta a contía do investimento necesario para a implantación da/s nova/s actividade/s.

9-Experiencia laboral e formación dos promotores no sector no que van desenvolver a actividade, e que vai constituí-lo obxecto social da súa empresa. No caso de ser empresas xa constituídas valorárase os coñecementos e a experiencia dos socios nesa/s nova/s actividade/s.

Os criterios 1) e 2) valorárase de 0 a 20 puntos.

O criterio 5) valorárase de 0 a 15 puntos.

Os criterios 4), 6) e 8) valorárase de 0 a 10 puntos.

Os criterios 3), 7) e 9) valorárase de 0 a 5 puntos.

**5º.-** As vixentes **Ordenanzas Fiscais do 2021**, coas últimas modificacións publicadas no BO-PPO número 233, do martes, mércores 2 de decembro de 2020, contemplan as seguintes medidas para fomento da implantación e fixación de empresas no territorio ([https://sede.vigo.org/expedientes/sede\\_textos/texto.jsp?id=concellodixital11&lang=ga](https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?id=concellodixital11&lang=ga)):

➤ Ordenanza Fiscal nº 4 Reguladora do Imposto de Actividades Económicas :

➤ *artigo 5.1: "Están exentos do imposto: (...)*





## Concello de Vigo

b) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividade en territorio español, a partir do un de xaneiro de 2003, durante os dous primeiros períodos impositivos deste imposto en que se desenvolva a mesma.

- - artigo 6.1: “Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio dunha actividade empresarial cualificada polo Concello como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM), e tributen por cota municipal, gozarán, trala exención regulada no artigo 5.1.b) desta Ordenanza, durante os cinco exercicios seguintes dunha bonificación na cota do 50%”.
- - artigo 6.5: “Os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e incrementen nun 10%, ou porcentaxe superior, o promedio da súa plantilla de traballadores con contrato indefinido nos seus centros de traballo no municipio de Vigo, durante o período impositivo anterior, terán unha bonificación do 35% na cota do Imposto”.
  
- Ordenanza Fiscal nº 5 Reguladora do Imposto sobre construción, instalacións e obras :
  - artigo 3.6. “As obras, construcións e instalacións necesarias para a posta en funcionamento dun proxecto empresarial de interese municipal (PEIM) entenderáse de especial interese por concorrer a circunstancia de fomento emprego e gozarán dunha bonificación na cota deste imposto do 50%, de conformidade co disposto no artigo 103.2a) do RDL 2/2004. (...)”.
  
- Ordenanza Fiscal nº 50 Reguladora dos dereitos e Taxas pola concesión de Licenzas de construcións, obras e instalacións e outros servizos urbanísticos:
  - artigo 5.6: “Gozarán dunha bonificación do 75% das taxas relativas a obras de nova planta ou de reforma necesarias para iniciar unha actividade cualificada como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM). (...)”.
  
- Ordenanza Fiscal nº 51 Reguladora das Taxas por Licenzas de Actividades e Instalacións:
  - artigo 6: “As cotas relativas á taxa de licenza de actividades e instalacións calculadas segundo o artigo 5 desta Ordenanza gozarán dunha bonificación do 75% cando a licenza solicitada corresponda a un proxecto empresarial de interese municipal (PEIM). (...)”.

6º.- Segundo consta na aplicación informática da Xestión Municipal de Expedientes, a Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo tramita as comunicacións previas e as solicitudes de licenzas presentadas de acordo ao réxime legalmente establecido no *Capítulo II do Título VI de “Intervención na edificación e uso do solo” da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)* - dacordo co procedemento de outorgamento do artigo 143 LSG e dentro dos prazos legalmente establecidos – tendo tramitado, en concreto, os seguintes Proxectos Empresariais Cualificados de Interese Municipal (PEIM) **nun prazo máximo de 30 días naturais** a contar desde que consta a documentación completa no rexistro do Concello:

- **“Residencia ASPANAEX”**: proxecto presentado pola “Asociación en favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra” (ASPANAEX, G36605905), para a creación dunha residencia que dea resposta ás crecentes demandas de servizos de apoio á mellora da vida cotiá ás persoas con discapacidade intelectual, cualificado coma Proxecto Empresarial de Interese Municipal en data **8 de febreiro de 2018**, en expte. 14804-77.

A licenza de obras de reforma de residencia e centro de día solicitada o 06/02/2018, foi tramitada en expte. 95158/421, que logo da subsanación da documentación achegada foi informado favorablemente polos servizos técnicos municipais en data 24/04/2018 e pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia autorizando o centro en data 30/07/2018. E consta autorizada en data 09/08/2018,

- O **CENTRO LOXÍSTICO PORTO DE VIGO SOCIEDAD LIMITADA** (B27846773) achegou proxecto cualificado coma Proxecto Empresarial de Interese Municipal en data **27 de decembro de 2018** (Expte. 15783-77) para dar servizo ás diferentes empresas que traballan no sector do peixe conxelado no Norte de España e Portugal, téndose tramitado as comunicacións previas achegadas con nº de expediente 97392-421 e 100471-421.

- A **Residencia para persoas maiores** achegada por Thor Private Equistyspain S.L. (THOR SPAIN; B24583197) para dar servizo en función das necesidades das persoas maiores baixo o concepto de residencia activa, medio integrador entre a terceira idade e as xeracións precedentes dentro da área urbana de implantación, foi cualificada coma Proxecto Empresarial de Interese Municipal en data **15 de novembro de 2019**, en expte. 16.310/77.

A licenza de obras de derruba e de edificación, tramitada en exp. 97033/421, foi solicitada o 19/07/2018 e logo de sucesivas notificacións para subsanar a documentación achegada (finalmente achegada o 21/11/2018) foi informado favorablemente polos servizos técnicos municipais en datas 22/11/2018 e 26/11/2018. E en data 05/12/2018 consta autorizada a licenza de obras.

**VI.** Os datos anteriormente reflectidos se comunican á Consellería de Emprego e Igualdade, xunto coa solicitude para participar na convocatoria co código de procedemento TR332A da ORDE do , achegando un Documento Anexo denominado "**ACREDITACIÓN DA CUALIFICACIÓN COMO CONCELLO-EMPREENDEDOR (art. 12.1.A)**", aos efectos da puntuación establecida no artigo 12.1.A), en recoñecemento ao Concello de Vigo da súa cualificación coma Concello Emprendedor por mor da súa labor de fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos compromisos esixidos na **cláusula segunda polo Protocolo** asinado o **10 de outubro de 2017** e a súa posterior Addenda do **13 de decembro de 2017**.

**VII.** Pero ademais do anterior, son **outras as medidas adoptadas polo Concello de Vigo para o fomento da implantación e fixación de empresas no seu territorio**, que exceden das estritamente esixidas pola cláusula segunda do Protocolo de Actuación para que os concellos poidan participar na iniciativa "Doing Business Galicia", e das que cómpre destacar as seguintes:

**1º.- AXUDAS Á CREACIÓN DE EMPRESAS** (cunha dotación orzamentaria anual de **200.000 €**): O Concello de Vigo dando continuidade á súa actividade de fomento de emprego, como medida de apoio ás persoas emprendedoras da nosa cidade, ven desenvolvendo o Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas desde o ano 2001, co obxecto de reforzar as medidas de apoio ao emprendemento e fomento da implantación e fixación de empresas no seu territorio.

Poden concorrer a esta convocatoria pública as entidades e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional constituídas no período comprendido na convocatoria que cumpran coas obrigas e os requisitos establecidos nas bases reguladoras.



## Concello de Vigo

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

Esta convocatoria pretende colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais outorgando especial atención á situación social das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo, dándose preferencia aos colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral, e a creación de emprego, por conta propia ou allea.

### **2º.- SUBVENCÍONS PARA FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACIÓN EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO** (cunha dotación orzamentaria anual de **35.000 €**):

Subvencións dirixidas a fomentar o emprego mediante o emprendemento e/ou a consolidación do mesmo, a través de axudas que se veñen convocando desde o ano 2016, para o aluguer de espazos en centros de coworking, de tal xeito que se mellore a colaboración entre empresas e/ou profesionais independentes doutras actividades, a fin de reducir custos de funcionamento e mellorar a información, formación, colaboración e a oferta de servizos empresariais.

### **3º.- SERVIZO DE ASESORAMENTO A EMPRENDEDORES VIGO EMPRENDE:**

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 27 de novembro de 2019 acordou aprobar o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada de "Prestación de servizos de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da Estratexia "DUSI Vigo Vertical", *VIGO EMPRENDE*, adxudicado en data 14 de maio de 2020 por un prezo total de **300.793,90 €**, tendo unha duración dous anos coa posibilidade dunha prórroga dun ano.

O servizo Vigo Emprende ten por obxecto realizar tarefas de información, asesoramento, formación e apoio a emprendedores e pequenas e medianas empresas (PEMES). Con este servizo trátase tanto de promover novas iniciativas empresariais, encauzando os proxectos a través de información e formación, como de mellorar a través do asesoramento e formación a competitividade e sostenibilidade das pequenas e medianas empresas de carácter local que xa se atopan establecidas a fin de acadar as cotas de competitividade necesarias.

### **4º.- AXUDAS Á CONTRATACIÓN** (cunha dotación orzamentaria anual de **100.000 €**):

A convocatoria do programa de axudas á contratación que se veñen convocando polo Concello de Vigo desde o ano 2000 teñen por obxecto servir de estímulo ao empresariado para a contratación de persoas desempregadas, e en concreto, as "AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA" ven promovendo a contratación dos mozos e mozas do municipio de Vigo desde o ano 2014, para favorecer o emprego estable e facilitar ás persoas novas a súa primeira experiencia laboral que permita mellorar o seu grao de empregabilidade e aprendizaxe na contorna da empresa, a través dos seguintes programas de axudas:

A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos)

B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións)

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **· Requirimento previo de anulación/revogación (art. 44 LRXCA):**

Contra a Orde do da Consellería de Emprego e Igualdade, o 7 de xullo de 2021, procede interpoñer no prazo de dous meses a contar desde a súa publicación, requirimento potestativo fronte

ao mesmo órgano que ditou a resolución, consonte ao previsto no artigo 44 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo coas seguintes consideracións xurídicas:

**PRIMEIRO.**- A Sentenza nº 334, do 23 de xullo de 2021, do TSXG, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 3ª ditada no RC-A PO nº 7261/2020 estimou o recurso do Concello de Vigo contra tres ordes da Xunta de Galicia, anulando os artigos atributivos de 20 puntos pola "condición" de "Concellos Doing Business Galicia" (sic) por non corresponderse este "criterio de puntuación anómalo" coas bases, convocatorias e subvencións de programas de emprego, e por establecerse unha puntuación desproporcionada e discriminatoria.

A actual convocatoria de subvencións contida na Orde do 7 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2021 (código do procedemento TR332A), ven a reproducir, literalmente, o criterio de valoración dos programas contemplado no mesmo artigo 12.1.A.i) da Orde anterior e que resultou anulado pola sentenza citada: *"Concellos que teñan a condición de «Concello emprendedor-Concello Doing Business»: 20 puntos. No caso de que o proxecto estea promovido por unha agrupación de concellos baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade, ...) outorgarase a puntuación en función da porcentaxe de concellos que teñan tal condición"*

O artigo 68 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local establece a obriga das entidades locais de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos.

En definitiva, esta Corporación local, na defensa dos seus dereitos e intereses e da legalidade vixente, de xeito coherente coas actuacións practicadas, debe promover a impugnación do precepto (12.1.A.i) da orde citada e que resulta reprodución exacta doutro anulado por sentenza xudicial.

**SEGUNDO.- O Protocolo de Actuación carece de base legal para esixir os compromisos requiridos na súa cláusula segunda.**

Tal e como o propio documento reflicte na súa *cláusula quinta* adicada ao *réxime xurídico*, o Protocolo límitase *"a establecer as pautas de actuación sobre unha cuestión de interese común para as partes asinantes, tratándose dun acordo programático ou declarativo e sen eficacia obrigacional, cuxo cumprimento non é susceptible de ser esixido xuridicamente"*.

En materia tributaria (e de bonificacións tributarias) rexe un estrito principio de reserva de lei. Así, o artigo 8 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, establece que "Se regularán en todo caso por Ley: (...) d) El establecimiento, modificación, supresión y prórroga de las exenciones, reducciones, bonificaciones, deducciones y demás beneficios o incentivos fiscales.(...)" establecendo o artigo 14 que " No se admitirá la analogía para extender más allá de sus términos estrictos el ámbito del hecho imponible, de las exenciones y demás beneficios o incentivos fiscales."

A tenor do réxime xurídico contemplado na cláusula quinta do Protocolo de Actuación, os compromisos exixidos na cláusula segunda para poder adquirir a cualificación de "Concello Doing Bussines Galicia" carecerían de base legal en aplicación dun estrito principio de reserva de lei.



## Concello de Vigo

Tras recoñecer a autonomía de Municipios e Provincias para a xestión dos seus respectivos intereses (artigos 137, 140 e 141), a Constitución Española (en diante CE) establece que as Facendas locais deben dispoñer de medios suficientes para o desempeño das funcións que a lei atribúe aos Entes Locais, debendo nutrirse fundamentalmente de tributos propios e de participacións nos do Estado e das Comunidades Autónomas (art. 142). Establécese así o principio de suficiencia financeira, que pode caracterizarse, de acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional, como orzamento ou garantía da autonomía local (véxanse, en tal sentido, as sentenzas do TC 104/2000, de 13 de abril e 48/2004, de 25 de marzo, nas que pode atoparse un detallado repaso á súa doutrina sobre o principio de suficiencia financeira das Facendas Locais).

En suma, aínda que suficiencia financeira non equivale a autofinanciación, a Constitución si que garante autonomía na decisión sobre os seus ingresos tributarios dentro dos límites establecidos na lei estatal, vetando ao regulador autonómico calquera intervención inxustificada sobre os mesmos.

O respecto a esta autonomía veta ao regulador autonómico da posibilidade de limitar pola vía dunha menor puntuación nos procedementos para concorrer a subvencións a aqueles concellos que non decidan adherirse a unha iniciativa autonómica que impón como requisito unha evidente limitación á autonomía local (de feito, o protocolo FEGAMP-Xunta establece como obriga da Xunta discriminar aos Concellos que non se adhiran). As medidas que se estiman adecuadas para promover a instalación de empresas no término municipal de Vigo véñense exercendo ininterrompidamente por este Concello (e non só pola vía dos beneficios fiscais) desde hai case vinte anos, non aceptándose a intromisión inxustificada do regulador autonómico na configuración ou cuantificación das mesmas.

É por iso polo que consideramos que o outorgamento de 20 puntos aos concellos coa cualificación de "Concello Doing Bussines Galicia" e de 0 puntos aos concellos que carezan de dita acreditación, en aplicación do criterio de valoración do artigo 12.1.i) da convocatoria non poden, baixo ningún suposto, ser aplicados.

**TERCEIRO.- O criterio de valoración do artigo 12.1.i) da dita Orde provoca un efecto distorsionador da concorrência respecto dos concellos que participan na convocatoria pública, que resulta claramente lesivo por provocar discriminación entre as entidades concorrentes e que atentaría aos principios xerais do artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e do artigo 5.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:**

*A cláusula terceira do Protocolo adicada aos compromisos da Xunta de Galicia dispón que: Os concellos que se acollan á iniciativa "Doing Business Galicia" veranse beneficiados das diferentes medidas que vai promover a Xunta de Galicia coa finalidade de alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. E en concreto: 1.- A Xunta de Galicia establecerá unha discriminación positiva a favor de aqueles concellos solicitantes de subvencións destinadas a investimentos e gastos nos eidos industrial, do emprego e do emprendemento, cando as mesmas sexa convocadas en réxime de concorrência competitiva por calquera consellería ou entidade pertencente ao sector público autonómico de Galicia, mediante a regulación nas bases da convocatoria dun criterio específico neste sentido no que o baremo de puntuación supoña, cando menos, o 20 por 100, do total . . ." (O subliñado é noso)*

En aplicación da referida cláusula, o criterio de valoración do artigo 12.1.i) da Orde impugnada confire unha vantaxe aos Concellos adheridos á iniciativa Doing Bussines outorgando 20 puntos

aos Concellos cualificados pola administración autonómica coa “marca” creada no ano 2017 como “*Concello Emprendedor- Concello Doing Bussines Galicia*”. E outorga 0 puntos aos que non dispoñan de dito título, polo que lonxe “ de alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia” o que determina é unha clara discriminación, que non atende a ningunha finalidade lexítima e que non pondera o esforzo ou grao de implicación das entidades municipais en acadar o obxectivo de dita iniciativa Doing Bussines, senón da vontade de sometemento aos ditados da Administración autonómica para esixir uns compromisos en virtude dun mero Protocolo de Actuación sen base legal e que vulneran a autonomía local garantida constitucional e legalmente para tomar decisións sobre as súas polítics de ingresos e gastos.

De acordo co reflectido no artigo 12.3 da Orde, a valoración mínima para a consecución da condición de entidade beneficiaria debe ser de 22 puntos, dos cales 11 deberán corresponder ás epígrafes de características técnicas e carácter innovador.

Se sumamos a puntuación máxima que un concello podería acadar nestes epígrafes, resultaría un total de 90 puntos, dos que 20 corresponderían á condición de Concello Doing Bussines Galicia.

Polo exposto, o criterio de valoración do artigo 12.1.i) da Orde resulta claramente lesivo por provocar discriminación entre as entidades concorrentes e atentaría aos principios xerais do artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) de concorrencia competitiva, obxectividade e igualdade á hora de distribuir os fondos públicos, xerando unha distorsión da concorrencia.

**E así mesmo vulneraría o esixido pola propia normativa aprobada pola Xunta de Galicia na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia** cuxo ámbito de aplicación abrangue as subvencións establecidas ou xestionadas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades locais de Galicia.

A este respecto o artigo 3.2 da dita Lei autonómica dispón que serán de aplicación os principios de xestión contidos no artigo 5.2 da dita lei e os de información á que fai referencia o artigo 16 ás aportacións dinerarias sen contraprestación que realicen os demais entes vinculados ou dependentes da Xunta de Galicia e das entidades locais galegas. En todo caso, as aportacións gratuitas terán relación directa co obxecto da actividade contido na norma de creación ou nos seus estatutos. A concesión destas aportacións haberá de axustarse ás normas de procedementos elaboradas polas entidades en aplicación dos citados principios.

En identidade co establecido pola normativa estatal, o artigo 5.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño indica que a xestión das subvencións á que se refire a presente lei se realizará de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

A sentenza 264/2018, do 20 de febreiro (Rec. 3635/2015) ditada pola Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Supremo sinala o seguinte: << *Por otro lado, alega la parte actora el trato desigual establecido por la disposición entre sus beneficiarios, favoreciendo a las organizaciones empresariales en detrimento de los sindicatos, lo que a su juicio provoca discriminación y contra-ría los principios comúnmente aceptados en un proceso de concurrencia competitiva. Por ello*



## Concello de Vigo

*sostiene que se vulneran los principios de concurrencia competitiva, objetividad, e igualdad, a la hora de distribuir el presupuesto entre entidades empresariales (60%) y sindicales (40%).*

*A su juicio, ello vulneraría el [artículo 8. 3 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones](#) :*

### *Artículo 8 Principios generales*

*(.....)*

*3. La gestión de las subvenciones a que se refiere esta ley se realizará de acuerdo con los siguientes principios:*

- a) Publicidad, transparencia, concurrencia, objetividad, igualdad y no discriminación.*
- b) Eficacia en el cumplimiento de los objetivos fijados por la Administración otorgante.*
- c) Eficiencia en la asignación y utilización de los recursos públicos .*

*El derecho a la igualdad, en su perspectiva de igualdad en la aplicación de la ley, tal como ha sido interpretado por el Tribunal Constitucional y el Tribunal Supremo, en doctrina pacífica y constante, proscribe el tratamiento desigual de situaciones idénticas -dentro de la legalidad-, a menos que exista una justificación objetiva y razonable en la que fundamentar esa desigualdad de trato.*

*Por ello, para poder apreciar la existencia de ese trato discriminatorio injustificado es imprescindible: 1) que el recurrente ofrezca un término de comparación idéntico, no simplemente semejante o análogo; 2) que la desigualdad de trato carezca de una justificación objetiva y razonable; 3) que, siempre y en todo caso, la actuación administrativa ofrecida como término de comparación sea legalmente irreprochable.”*

*A STC 10.11.88 (Pte. Sr. Truyol Serra) señala que: “Sobre las exigencias que la igualdad impone en la creación del Derecho - igualdad en la ley- existe una muy amplia doctrina de este Tribunal, que puede sintetizarse ahora recordando que para que las diferenciaciones normativas pueden considerarse no discriminatorias "resulta indispensable que exista una justificación objetiva y razonable, de acuerdo con criterios y juicios de valor generalmente aceptados, cuya exigencia deba aplicarse en relación con la finalidad y efectos de la medida considerada, debiendo estar presente, por ello, una razonable relación de proporcionalidad entre los medios empleados y la finalidad perseguida, y dejando en definitiva al legislador, con carácter general, la apreciación y tratar desigualmente"( STC [75/1983](#), f. j. 2º).*

*Neste sentido, se ben a medida para fomento da implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma pode considerarse lexítima, obxectiva e razoable, o que non é razoable é a inexistencia de toda relación de proporcionalidade nos medios empregados e a finalidade perseguida, porque a Iniciativa Doing Bussines Galicia non pondera as medidas adoptadas polas entidades municipais coma Concellos Emprendedores, senón unicamente se ditas entidades teñen implementado os compromisos esixidos por un mero Protocolo de Actuación, que determina o outorgamento, de ser o caso, dun certificado ou diploma coa cualificación de Concello Doing Bussines Galicia; documento que determina automaticamente o outorgamento ás ditas entidades concorrentes á convocatoria de subvencións, de 20 puntos en aplicación do criterio de valoración do artigo 12.1.i).*

Polo exposto, consideramos lesiva aos intereses municipais a Orde obxecto da presente impugnación porque tan contraria ao principio de igualdade é a norma que diversifica por un mero voluntarismo selectivo como aquela outra que, atendendo á consecución dun fin lexítimo, configura un suposto de feito, ou as consecuencias xurídicas que se lle imputan, en desproporción patente con aquel fin, ou sen atención ningunha a esa necesaria relación de proporcionalidade.

Isto é, trátase dunha cuestión de razoabilidade e proporcionalidade en relación coa finalidade da iniciativa aprobada.

Neste sentido, a *discriminación positiva* establecida pola Xunta de Galicia a favor *daqueles concellos solicitantes de subvencións destinadas a investimentos e gastos nos eidos industrial, do emprego e do emprendemento, cando as mesmas sexa convocadas en réxime de concorrencia competitiva por calquera consellería ou entidade pertencente ao sector público autonómico de Galicia, mediante a regulación nas bases da convocatoria dun criterio específico neste sentido no que o baremo de puntuación supoña, cando menos, o 20 por 100 do total*, resulta claramente discriminatorio e desproporcionado, porque unicamente persigue premiar a aqueles concellos que asumisen os compromisos esixidos pola Xunta de Galicia para acadar a súa “marca”, pero non ten en conta nin garda proporción algunha coa baremación que, de ter en conta outras medidas para acadar a mesma finalidade, poderían acadar en tal concepto outros Concellos coma Vigo, pola súa labor de fomento do emprendemento e implantación de empresas no seu territorio.

## **CONCLUSIÓN:**

En síntese, a fundamentación do presente requirimento se podería sintetizar nos seguintes motivos esencialmente:

1º.- A Sentenza nº 334, do 23 de xullo de 2021, do TSXG, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 3ª ditada no RC-A PO nº 7261/2020 estimou o recurso do Concello de Vigo contra tres ordes da Xunta de Galicia, anulando os artigos atributivos de 20 puntos pola “condición” de “Concellos Doing Business Galicia” (sic) por non corresponderse este “criterio de puntuación anómalo” coas bases, convocatorias e subvencións de programas de emprego, e por establecerse unha puntuación desproporcionada e discriminatoria.

A actual convocatoria de subvencións contida na Orde do 7 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2021 (código do procedemento TR332A), ven a reproducir, literalmente, o criterio de valoración dos programas contemplado no mesmo artigo 12.i) da Orde anterior e que resultou anulado pola sentenza citada no párrafo anterior: *“Concellos que teñan a condición de «Concello emprendedor-Concello Doing Business»: 20 puntos. No caso de que o proxecto estea promovido por unha agrupación de concellos baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade, ...) outorgarase a puntuación en función da porcentaxe de concellos que teñan tal condición”*

2º.-A documentación esixida polo artigo 6.1.A) da Orde que resulta necesaria para acadar a puntuación do artigo 12.1.i) provoca unha transmutación dun mero distintivo ao que calquera concello podería acollerse voluntariamente nun requisito determinante para acadar a subven-





## Concello de Vigo

ción, toda vez que outorga a cuarta parte da puntuación total técnica, producindo unha clara distorsión da concorrência competitiva.

3º.- A iniciativa "Doing Bussines Galicia" - estranxeirismo innecesario, que non emprega ningún dos idiomas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia nin engade valor ningún - atenta ao debido respecto que esixen as relacións interadministrativas no lícito exercicio por cada unha das administracións para desenvolver libremente as súas competencias, sen ter que soportar inxerencias doutros entes na autonomía garantía constitucionalmente para desenvolver as súas políticas públicas, na que cabería encadrar a dita iniciativa "Doing Bussines Galicia" pola que a Xunta de Galicia considera a imposición dun ou doutro tipo tributario como mérito ou demérito para outorgar unha vantaxe aos concellos adheridos.

Polo exposto, o alcance da revogación se limitaría ao artigo 12.1.i) da Orde impugnada, e non á súa totalidade, considerando que é este precepto o que introduce un factor discriminatorio que vulnera o art. 14 da CE e os principios xerais do artigo 8 da LXS e do artigo 5 da LSG, desde a perspectiva da prohibición de discriminación que, neste caso, se produce entre os concellos concurrentes á convocatoria e que carecen do certificado ou diploma de "Concello Emprendedor-Concello Doing Bussines Galicia".

Polo que, na súa virtude, se require que se deixe sen efecto o outorgamento dos 20 puntos concedidos polo artigo 12.1.i) por discriminación positiva aos concellos coa cualificación de "Concello emprendedor-Concello Doing Business", que deberá entenderse suspendida en tanto non se dea resposta ó presente requirimento».

É competente para formular este requirimento a Xunta de Goberno Local, de acordo co previsto no Art. 127.1.j) da LRBRL (L.7/1985) e no Apdo. Primeiro Pto. 1.3 da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019 de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local, segundo a que correspóndelle a este órgano colexiado o «*exercicio de accións xudiciais e administrativas na materia das atribucións delegadas*».

En base ao exposto, elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**ÚNICO:** Interpoñer, consonte ao disposto no art. 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa REQUIRIMENTO DE ANULACIÓN OU REVOGACIÓN CON CARÁCTER PREVIO Á INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO contra a Orde do 7 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento TR332A) e, na súa virtude, se deixe sen efecto o outorgamento dos 20 puntos concedidos polo artigo 12.1.i), por discriminación positiva aos concellos coa cualificación de "Concello emprendedor-Concello Doing Business", que deberá entenderse suspendida en tanto non se dea resposta ó presente requirimento».

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(737).- PROXECTO DE CONVENIO COA “UNIÓN COMARCAL DE U.G.T. VIGO” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA ACTIVIGO- ASESORAMENTO PERSOAS AFECTADAS POR ERTE E PERSOAS DESEMPREGADAS. EXPTE. 18206/77.**

Visto o informe xurídico do 05/08/21 e o informe de fiscalización do 11/08/21, dáse conta do informe-proposta de data 03/08/21, asinado pola técnica de Xestión (Instrución de 20/06/21), o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I. D. José Luis Fernández Celis, con DNI 34939808W, en calidade de Secretario de Organización e Administración da Comisión Executiva da UGT de Galicia, con CIF: G-15383011 solicita, mediante escrito remitido en data 06/05/2021 a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (documentos núm. 210078960, 210078964) a colaboración do Concello de Vigo para a subscrición dun convenio para o desenvolvemento do "Programa Activigo" , achegando a seguinte documentación complementaria:

- certificado de titularidade da conta bancaria.
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Estatal Tributaria expedido en data 30/03/2021.
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 30/03/2021.
- certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 30/03/2021.
- declaración xurada de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei de Subvencións de Galicia; e de que a entidade non se atopa en ningunha das situacións indicadas no art. 34 da Lei Xeral de Subvencións e art. 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia, que lle impidan a percepción do pago anticipado.
- declaración responsable das axudas recibidas para o programa.
- orzamento de gastos do proxecto (01-01-2021 – 30-09-2021)
- memoria do Proxecto Activigo \_Asesoramento persoas afectadas por ERTE, e persoas desempregadas.

II. A devandita entidade consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 488-96, no epígrafe 5.1.

III. Nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, consta a partida 2410 4800001 “Convenio UGT Fomento do Emprego”, por importe de 37.000,00 €.

IV. En data 18/05/2021 o concelleiro delegado de Cultura e Emprego, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio ao ter por obxecto o fomento do emprego e paliar as consecuencias económicas provocadas polo COVID-19, sendo preciso para o interese xeral.



## Concello de Vigo

V. A petición do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 14/05/2021 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas ou sancións de natureza tributaria co Concello de Vigo.

VI. A xefa de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, co conforme do concelleiro delegado de Cultura e Emprego, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

#### I. Obxecto:

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á “Unión Comarcal U.G.T. Vigo” no marco do plan municipal de emprego, mediante o desenvolvemento do Programa ACTIVIGO, no deseño e dirección das políticas activas de emprego, de cara a mellorar a empregabilidade na situación do mercado laboral e a previsión de agravamento motivada pola crise do Covid-19.

#### II. Procedemento de concesión directa:

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) e c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.5.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2020, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a Unión Comarcal UGT Vigo non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

A vixencia do convenio será dende a sinatura do convenio ata o 31/12/2021.

#### III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a

máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura e Emprego.

Pola outra parte, asinará o convenio don D. José Luis Fernández Celis, con DNI 34939808W, en calidade de Secretario de Organización e Administración da Comisión Executiva da UGT de Galicia, con CIF: G-15383011, ou representante debidamente acreditado, de ser precisa a súa substitución, segundo resultou acreditado mediante poder notarial referido nos antecedentes.

#### **IV. Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración Pública:**

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG.

Na memoria consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a *continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e *moi especialmente nos anos 2016 e 2017, mediante a sinatura de convenios coa “UNIÓN COMARCAL DA UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT) DE VIGO”, para a o desenvolvemento do “Proxecto Activigo”*

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*. A este respecto, cómpre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L. 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos



## Concello de Vigo

económicos e sociais desfavorables, especialmente necesario nas circunstancias actuais, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

Nesta liña, e mediante resolución de delegación de competencias da Alcaldía, de 17 de agosto de 2021, se encomendou ao concelleiro de Cultura e Emprego, o deseño e dirección das políticas activas de emprego, fundamentalmente as relacionadas coa mellora da empregabilidade, de cara a fomentar a adaptación das persoas traballadoras. Deste xeito, dentro do fomento do emprego, na cidade de Vigo, debemos de ter en conta os novos nichos de emprego, así como, a formación e experiencia das organizacións sindicais, que contribúen á defensa e promoción dos intereses sociais mediante o apoio á mocidade e ás persoas desempregadas de longa duración, incrementando o acceso ás ofertas de novos empregos, así como, acompañando na busca dunha mellor situación ou posición no mercado laboral das persoas destinatarias dos programas, todo o cal ven a favorecer a consecución dun dos obxectivos que persegue a política municipal do Concello de Vigo, cal é, o da inserción social e laboral da cidadanía.

#### **IV. Contía total e crédito orzamentario:**

O importe do convenio de 37.000,00 € imputaranse con cargo á partida 2410 4800001 “Convenio UGT Fomento do Emprego”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2021, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas, tendo en conta o prazo de execución do proxecto (01/01/2021 ao 30/09/2021).

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

## **V. Normativa de aplicación:**

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2019, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

## **VI. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica:**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade solicitante está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=g.a>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

## **VII. Publicidade:**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.



## Concello de Vigo

### VIII. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o *desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal*.

### IX. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17/08/2020, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO:

- 1) Aprobar o texto do convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a "Unión Comarcal UGT Vigo, con CIF: G-15383011 no marco do plan municipal de emprego, para o desenvolvemento do Programa Actívigo.
- 2) Autorizar o gasto de **37.000,00 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio de colaboración, con cargo á partida 2410 4800001 "Convenio UGT Fomento do Emprego", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2021.
- 3) Facultar ao Concelleiro de Cultura e Emprego, Abel Fermín Losada Álvarez, para asinar o citado convenio.
- 4) Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de

novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **ANEXO I**

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIÓN COMARCAL DA UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT) DE VIGO. NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA ACTIVIGO (EXpte. 18206/77)

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil vinteun

### **REUNIDOS**

Dunha parte, don Abel Ramón Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde Presidente do Ilmo Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, co CIF P-3605700-H, con enderezo na Praza do Rei núm. 1 de Vigo.

Doutra parte, D. José Luis Fernández Celis, con DNI 34939808W, en calidade de Secretario de Organización e Administración da Comisión Executiva da UGT de Galicia, con CIF: G-15383011 e domicilio social na Rúa E. Heraclio Botana, 2 / Avda. García Barbón, 67, de Vigo, segundo documentación incorporada ao expte. 18206/77, persoa responsable da sinatura do presente convenio segundo poder notarial presentado o 04/05/2021.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

### **MANIFESTAN**

**PRIMEIRO:** Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral.





## Concello de Vigo

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e *moi especialmente nos anos 2016 e 2017, mediante a sinatura de convenios coa “UNIÓN COMARCAL DA UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT) DE VIGO”, para a o desenvolvemento do “Proxecto Activigo”*

Neste marco normativo, cómpre subliñar que o fomento do emprego constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal (acordo da Xunta de Goberno Local do 09/03/2012) en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables, especialmente necesario nas circunstancias actuais, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

Dentro do fomento do emprego, na cidade de Vigo, cómpre ter en conta os novos nichos de emprego, así como, a formación e experiencia das organizacións sindicais, que contribúen á defensa e promoción dos intereses sociais mediante o apoio á mocidade e ás persoas desempregadas de longa duración, incrementando o acceso ás ofertas de novos empregos, así como, acompañando na busca dunha mellor situación ou posición no mercado laboral das persoas destinatarias dos programas, todo o cal ven a favorecer a consecución dun dos obxectivos que persegue a política municipal do Concello de Vigo, cal é, o da inserción social e laboral da cidadanía.

A estratexia polo emprego que supón esta iniciativa non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como a potenciación do emprego das persoas máis vulnerables cara a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ao mercado laboral, e para iso cómpre poñer á súa disposición tanta información e orientación sexa posible, e moi especialmente da xente moza e das persoas desempregadas de longa duración e que se concretan na realización dunha serie de actividades informativas e participativas, fomentando mediante o coñecemento e, a súa implicación a creación de emprego, procurando que os custos do convenio de colaboración sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias a Unión Comarcal de UGT de Vigo.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta e a formación de persoas desempregadas o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de persoas desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coa Unión Comarcal de UGT de Vigo.

A colaboración coa Unión Comarcal de UGT de Vigo, dentro do marco do fomento do emprego, permitirá que por medio da instrumentación de novos contratos laborais se fose necesario e do persoal do propio sindicato, con un gran coñecemento do entorno laboral e experiencia no apoio ás persoas mozas e as persoas desempregadas de longa duración, permiti-

rá desenvolver políticas de busca de emprego, de tal xeito que lles permita a súa incorporación ao mundo laboral.

## **MANIFESTAN**

**I.-** Que a Unión Comarcal de UGT de Vigo, conforme á súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 06/05/2021 cos nº de doc. 210078960 e 210078964, respectivamente, ten entre outros, os seguintes obxectivos:

- Recompilación de toda a información existente respecto dos programas de Garantía Xuvenil e o Programa de Activación para o emprego.
- Accións participativas e presenciais de información e difusión o Plan de Garantía Xuvenil e o Programa de Activación para o emprego.
- Reunións de traballo con asociacións, organizacións, centros educativos, ... coa finalidade de realizar charlas informativas a demanda.
- Xornadas de difusión directas e abertas.
- Acompañamento e axuda na inscrición aos programas.
- Accións de información e difusión a través das TIC's.
- Elaboración de materiais informativos e divulgativos.

**II.-** Que o Concello de Vigo recoñécelle á Unión Comarcal de UGT de Vigo, a condición de participante a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a mellora da empregabilidade contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade. Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar con todos os entes, organismos, administracións, axentes sociais, etc, máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de laboral-formativo e experiencia que permitan lograr que as persoas traballadoras sexan actores clave na mellora da situación de crise actual fomentando a contratación dos colectivos máis desfavorecidos, así como de persoal cualificado cara á mellora da súa empregabilidade redundando no beneficio da cidade en xeral, e das persoas desempregadas en particular.

**III.-** Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo.

Estas circunstancias así como a presenza que ten a Unión Comarcal de UGT de Vigo entre as persoas desempregadas de todos os sectores e idades, e a falta de persoal especializada na elaboración deste tipo de traballos de difusión, e a existencia dunha partida nominativa nos orzamentos do Concello de 2021, para o desenvolvemento dun convenio coa UGT para o fomento do emprego, xustifican a súa concesión directa.

**IV.-** Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, co obxecto de desenvolver un proxecto de axudar ás persoas máis vulnerables a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ao mercado laboral, ao por a disposición deles canta infor-



## Concello de Vigo

mación e orientación sexa posible, mediante o desenvolvemento dunha campaña a nivel municipal, dividida en diversas liñas de actuación, encamiñadas a mellorar as expectativas de emprego da xente moza e das persoas desempregadas de longa duración.

**V.-** Que a Unión Comarcal de UGT de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público e social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Unión Comarcal de UGT de Vigo, o Concello de Vigo e a dita organización sindical conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

### **PACTOS**

**Primeiro.-** A Unión Comarcal de UGT de Vigo comprométese a colaborar coa Concellaría de Cultura e Emprego do Concello de Vigo en canto desenvolver un proxecto de axudar ás persoas máis vulnerables a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ao mercado laboral, ao por a disposición deles canta información e orientación sexa posible, mediante o desenvolvemento dunha campaña a nivel municipal, dividida en diversas liñas de actuación, encamiñadas a mellorar as expectativas de emprego da xente moza e das persoas desempregadas de longa duración.

Asumir a programación, organización e xestión, sempre co acordo do servizo xestor e da concellaría de Cultura e Emprego, das seguintes actividades:

1. Recompilación de toda a información existente respecto dos programas de Garantía Xuvenil e o Programa de Activación para o emprego
2. Accións participativas e presenciais de información e difusión o Plan de Garantía Xuvenil e o Programa de Activación para o emprego, mediante:
  - Reunións de traballo.
  - Xornadas.
  - Charlas informativas
3. Accións de información e difusión a través das TIC's.
4. Elaboración de materiais informativos e divulgativos.
5. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Cultura e Emprego, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
6. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
7. Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio realizaranse no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Cultura e Emprego- como **patro-**

**cinador** das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.

8. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
9. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
10. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
11. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

6-Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

7-Respectar a estrutura organizativa da Unión Comarcal de UGT de Vigo.

8-Conceder directamente á Unión Comarcal de UGT de Vigo unha subvención por importe de 37.000,00 €, dos que 36.000,00 € corresponden aos custes salariais e de seguridade social do persoal de nova contratación e da propia entidade e 1.000,00 € para outros gastos, necesarios para o desenvolvemento do proxecto, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4800001 "Convenio UGT Fomento do emprego", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

**Terceiro.-** Esta axuda será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.



## Concello de Vigo

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade conveniada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada obxecto do convenio.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade. A devandita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- A información, especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
- En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
- A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se van empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Cultura e Emprego.

**Oitavo.-** A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Noveno.-** Comisión de seguimento.

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Cultura e Emprego, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Tres vocais:
  1. Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
  2. Dous membros da Unión Comarcal de UGT de Vigo.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- ▣ Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- ▣ Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- ▣ Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

**Décimo.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo* mediante a presentación dunha memoria final, coa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación finalizará o **15 de outubro de 2021**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=g.a>.



## Concello de Vigo

A tal efecto deberá achegar a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual. Indicaranse as actividades realizadas e os resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte documentación: denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado; datas e lugar de celebración; colectivo afectado, nº de beneficiarios e programación desenvolvida; nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes; actuacións realizadas; exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente** e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias asinadas electronicamente, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarase, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

**Décimo primeiro.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

**Décimo segundo.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2021.

**Décimo terceiro.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Cultura e Emprego. O xefe/a do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade obxecto da subvención.

**Décimo cuarto.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura e Emprego e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo quinto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG, nos casos:

1. Incumplimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
2. Incumplimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.
3. Incumplimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado sétimo do convenio.
4. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumplimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
5. Incumplimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
6. Incumplimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, distintos dos anteriores, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Cando o incumplimento da actividade obxecto do convenio se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo do convenio, procederá o reintegro da axuda na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da axuda sobre o custo da actividade obxecto do convenio.





## Concello de Vigo

**Décimo sexto.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento, para a súa apreciación e imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**Décimo sétimo.-** A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

**Décimo oitavo.-** A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Unión Comarcal de UGT de Vigo no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

**Décimo noveno.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Vixésimo.-** O período de vixencia do convenio remata o 31 de decembro de 2021.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2021.

**10(738).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO 2021-2022” E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 16491/77.**

Visto o informe xurídico do 11/08/21 e o informe de fiscalización do 17/08/21, dáse conta do informe-proposta do 12/08/21, asinado pola técnica de Xestión (Resolución do 27/07/21) e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I. No DOG, núm. 138, do 21 de xullo publicouse a Orde do 7 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2021 (código do procedemento TR332A).

II. En data 09 de agosto o concelleiro delegado de Cultura e Emprego, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar a solicitude de subvención para o programa integrado para o emprego Programa Integrado de Emprego do Concello de Vigo 2021, durante os anos 2021 e 2022.

III. A concellaría de Cultura e Emprego, coa finalidade de favorecer e facilitar a inserción e reinserción laboral, mediante accións programadas e deseñadas que incrementen e melloren a súa empregabilidade e faciliten o seu acceso ao emprego, procede á preparación do Programa Integrado de Emprego do Concello de Vigo 2021-2022, no que se fomenta o uso das novas tecnoloxías como base de novos servizos de apoio cos obxectivos de:

- Promover a inserción laboral das persoas beneficiarias, preferentemente perceptores de prestacións, e facendo especial fincapé na mocidade con idade ata 30 anos e persoas desempregadas como consecuencia dunha crise empresarial, potenciando e reforzando a súa iniciativa cara á formación, fomentando a súa motivación cara unha cualificación con expectativas de emprego, proporcionándolles apoio e acompañamento na busca de emprego.
- Realizar accións para o emprego que faciliten e apoiem a busca individual de traballo das persoas beneficiarias do Programa con especial incidencia na mocidade e persoas desempregadas.



## Concello de Vigo

- Fomentar a participación dos colectivos en risco de exclusión en accións de orientación, información, formación, etc.
- Dotar ás persoas usuarias do Programa das estratexias, habilidades e destrezas necesarias a través das distintas accións do proxecto, para unha boa busca activa de emprego, incrementando a súa autonomía e motivación.
- Adoptar mecanismos adecuados ás necesidades persoais que permitan salvar obstáculos que dificultan a inserción laboral.

IV. Á vista do informe emitido pola asesoría xurídica en data 11/08/2021, se iniciou expediente núm. 18548/77 de requirimento previo de anulación ou revogación con carácter previo á interposición de recurso contencioso-administrativo, contra a orde do 7 de xullo de 2021 (DOG *núm. 138, de 21 de xullo de 2021*) con petición de suspensión de efectos dos artigos impugnados. convocatoria subvencións programas integrados de emprego de Galicia (TR332A)

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O expediente ten por obxecto solicitar unha subvención á Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia dacordo co proxecto que se presenta, denominado "Programa Integrado de Emprego do Concello de Vigo 2021-2022".

II. En canto á competencia para actividade de fomento de emprego - que a Xunta de Goberno Local no seu acordo de data 9 de marzo de 2012 considerou que constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en canto ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables - a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece no seu artigo 3.3.d), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, que non se entenderá como exercicio de novas competencias a concurrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais dacordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención, e no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exe

II. O programa ten unha duración estimada de 12 meses cun inicio previsto para o mes de novembro de 2021, e cun total de 100 persoas participantes das que se prevé unha inserción do 39%.

III. O custo total estimado do proxecto é de **258.237,50 euros**, dos que o 80% corresponde á solicitude de subvención **206.590,00€** e o 20% restante á cofinanciación municipal **51.647,50 €**, que se financiará con cargo ás partidas (2410.1200100, 2410.1200400, 2410.1200600, 2410.1210001, 2410.1210004, 2410.1210101, 2410.1210104, 2410.1600000), de persoal adscrito ao desenvolvemento do proxecto polo que non é necesario a retención de crédito, sendo este importe superior ao previsto para a cofinanciación por parte do Concello de Vigo no proxecto.

IV. O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral Municipal sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que derivan da subvención que se solicita.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal e segundo as instrucións do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía de data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

*1.- Aprobar o proxecto denominado “Programa Integrado de Emprego do Concello de Vigo 2021-2022”, elaborado polo Servizo de Emprego do Concello de Vigo, por un importe total de 258.237,50 euros, dos que 206.590,00€ son o importe solicitado a subvencionar pola Xunta de Galicia e os restantes 51.647,50 €, son a financiar polo Concello de Vigo.*

*2.- Solicitar á Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na orde do 7 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o ano 2021.*

*3. Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais dos anos 2021 e 2022 das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.*

*4. Delegar no concelleiro de Cultura e Emprego Abel Losada Álvarez a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellaría de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **11(739).- RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO ACORDO DE XGL DO 29/07/21 “SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC PARA A ORGANIZACIÓN DO XXVII FESTIVAL FOLCLÓRICO”. EXPTE. 8751/335.**

Dáse conta do informe-proposta de data 18/08/21, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Área e pola secretaria de Admón. Municipal, que di o seguinte:

A administración de oficio detectou erro material que se evidencia no punto 1 do INFORME-PROSPOSTA asinado o día 11 de xuño e que deriva nun erro no ACORDO da Xunta de Goberno de data 29 de xullo, erro que se evidencia dos propios documentos que conforman o expediente de contratación, polo que de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común procede a rectificación do erro de xeito que,

Rectificación do Acordo da Xunta de Goberno de data 29/07/21 que se deriva do erro no Informe Proposta de data 11/06/21:

- Onde dí: “1º.- Que se aprobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a **Asociación Cultural Interfolc, CIF B-36.892.271** para a organización do XXVII Festival Folclórico Internacional Concello de Vigo.
- Debe dicir: “Que se aprobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a **Asociación Cultural Interfolc, CIF G-36.892.271** para a organización do XXVII Festival Folclórico Internacional Concello de Vigo

Polo exposto propónse a adopción do seguinte **ACORDO**:

Aprobar a rectificación do Acordo da Xunta de Goberno de data 29/07/21 que se deriva do erro no Informe Proposta de data 11/06/21:

- Onde dí: “1º.- Que se aprobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a **Asociación Cultural Interfolc, CIF B-36.892.271** para a organización do XXVII Festival Folclórico Internacional Concello de Vigo.
- Debe dicir: “Que se aprobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a **Asociación Cultural Interfolc, CIF G-36.892.271** para a organización do XXVII Festival Folclórico Internacional Concello de Vigo

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(740).- PROXECTO DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN MEDIOAMBIENTAL: “PERCORRIDOS MEDIOAMBIENTAIS DE OUTONO” DENTRO DO PROGRAMA CAMIÑO A CAMIÑO 2021. EXPTE. 15533/306.**

Visto o informe de fiscalización do 12/08/21, dáse conta do informe-proposta do 11/08/21, asinado polo xefe de Medio Ambiente e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 21 de xullo de 2021, acordou a iniciación de procedemento para a elaboración e aprobación do proxecto de sensibilización medioambiental coa temática Percorridos Medioambientais de Outono, dentro do programa Camiño a Camiño 2021.

O Servizo de Medio Ambiente redacta o mencionado proxecto que recolle oito rutas medioambientais por Vigo e Bisbarra, para un total de 800 participantes, que se desenvolveran nos meses de setembro, outubro e novembro de 2021, tendo que reducir a metade o número de participantes doutros anos polo cumprimento das normas de protección fronte ó COVID-19.

As actividades realizadas en Vigo e bisbarra van dirixidas ao coñecemento do hábitat do termo municipal de Vigo, tanto nas súas dimensións de flora e fauna como de conformación do ecosistema e das dinámicas humanas de adaptación a este. Para isto, desenvolveranse percorridos por espazos cunha riqueza natural particular tanto no termo municipal de Vigo como en concellos limítrofes.

O orzamento estimado das actividades, incluído transporte, ascende a un total de 22.165,00 euros (IVE engadido).

O presente orzamento, de máximos, é unha mera estimación e a posibilidade da súa execución virá determinada pola dispoñibilidade orzamentaria axeitada e suficiente cuxa fiscalización, cando proceda, se levará a cabo nos correspondentes expedientes administrativos precisos para súa efectiva execución.

A estes efectos a Concellería de Medio Ambiente iniciou determinados procedementos administrativos: convenio de colaboración coa entidade Vego Supermercados, S.A.U. que desenvolverá as actividades previstas, a excepción do



## Concello de Vigo

transporte discrecional que será por conta da Administración municipal, (expte. 15533/306) (...), tendentes á execución deste proxecto de actividades.

A organización municipal non impide o seu financiamento de forma conxunta entre o Concello de Vigo e os participantes das rutas que se desenvolvan fóra do termo municipal, o que se xustifica nunha maior eficiencia e racionalidade dos recursos económicos, no fomento do interese e participación máis activa do desenvolvemento da actividade cara a protección do medio ambiente, habida conta do incremento do custe que supón o desprazamento fóra do termo municipal.

Neste sentido, para o desenvolvemento desta programación estase a contemplar os seguintes supostos:

O transporte discrecional é asumido de xeito parcial polos usuarios nas rutas que se desenvolvan fora de Vigo, de xeito que chegarán 3 euros por usuario e ruta, os menores de 12 anos chegará a metade, 1,50 euros. O resto do custe do transporte será por conta do Concello. Considérase axeitado atendendo á diversidade de idade dos participantes e asumible por rendas medias nas que se sitúan habitualmente os participantes, estimándose un ingreso de 877,50 euros.

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

O artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións introducidas por Lei 2/2013, de 27 de decembro, outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano” e, tamén, “ocupación do tempo de lecer”.

A área municipal de Medio Ambiente e Vida Saudable ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do 04/09/2020, competencias en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, tamén, o fomento de hábitos de vida saudables.

A protección do medio ambiente exerceuse non so a través dos procedementos de disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectorias, tanto estatais como da C.A. de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.

A Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia establece no seu artigo 2.e, como un dos principios inspiradores da Lei, o da promoción da educación

ambiental e da concienciación cidadá, en tódolos sectores sociais, para una eficaz defensa dos valores ambientais, a fin de que, de acordo coa información obxectiva, completa e actual, poida participar a totalidade da poboación na defensa do seu medio ambiente.

Neste sentido, a Concellería de Medio Ambiente ben realizando actividades de sensibilización e educación medioambiental, fundamentalmente no entorno de Vigo e bisbarra.

As actuacións realizadas sempre buscan, ademais de trasladar coñecementos básicos sobre o medio ambiente, percibir directamente estes coñecementos coa experiencia de camiñar e de realizar accións interpretativas sobre o terreo.

Nesta liña, esta concellería pretende continuar con rutas medioambientais que fomenten a sensibilización da cidadanía polo medio ambiente, coñecemento do hábitat da área de influencia de Vigo, tanto nas súas dimensións de flora e fauna como de conformación do ecosistema e das dinámicas humanas de adaptación a este. Para isto, desenvolveranse percorridos por espazos cunha riqueza natural particular tanto no termo municipal de Vigo como nos concellos limítrofes.

O proxecto proposto configúrase, por tanto, como unha actividade conforme co interese público municipal e axustada ao ordenamento xurídico.

A cofinanciación dos custes do transporte discrecional fora do termo municipal polos participantes, considérase, tamén, axustada a dereito nos termos do proxecto e das ordenanzas fiscais municipais ao non sobrepassar o custe do servizo.

En virtude do apartado Primeiro, 4 da resolución de delegacións de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 18 de xuño de 2019, correspóndelle a esta a “aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividade e ou servizos de competencia municipal”.

En mérito dos antecedentes e fundamentos expostos, fórmase á Xunta de Goberno Local a seguinte

#### **PROPOSTA:**

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto de actividades de sensibilización medioambiental: “Percorridos Medioambientais de outono” dentro do programa Camiño a Camiño 2021, redactado polo Servizo de Medio Ambiente en data do 11 de agosto de 2021, que recolle oito rutas medioambientais por Vigo e lugares da Bisbarra para un total de 800 participantes que se desenvolveran nos meses de setembro, outubro e novembro de 2021.

**Segundo.-** Aprobar o prezo que debe achegar cada participante polo transporte discrecional en desprazamentos fora do termo municipal de Vigo, de 3 euros adulto e





## Concello de Vigo

1,50 euros menores de doce anos en desprazamentos fora do termo municipal de Vigo de conformidade co establecido no proxecto das actividades.

**Terceiro.-** A recadación do prezo efectuarase na forma que determine a Tesourería municipal.

**Cuarto.-** Unha vez aprobado o programa, tramitar os procedementos administrativos necesarios para a execución deste.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **Proposta de organización e execución de actividade “Percorridos medioambientais de Outono en Vigo”**

**Setembro - Outubro 2021**

#### **1. DESCRICIÓN DO SERVIZO**

---

Dende a Concellería de Medio Ambiente lévanse facendo actividades de sensibilización e educación medioambiental nos últimos anos no entorno de Vigo e bisbarra.

As actuacións realizadas sempre buscan, ademais de trasladar coñecementos básicos, percibir directamente estes coñecementos coa experiencia de camiñar e de realizar accións interpretativas sobre o terreo.

Nesta liña, esta concellería pretende continuar con rutas medioambientais o vindeiro outono de 2021 que fomenten a sensibilización da cidadanía polo medio ambiente.

O proxecto de actividades intégrase dentro da colaboración Concello de Vigo Vego Supermercados SAU (Grupo Vegalsa-Eroski) no marco do convenio de colaboración que se tramita no servizo de Medio Ambiente co número 15534/306.

#### **2. ACTIVIDADES: DESCRIPCIÓN**

---

Preséntase o seguinte cronograma de actividades:

<b>Data</b>	<b>Día semana</b>	<b>Horario</b>	<b>Actividade: Paseo interpretativo</b>	<b>Usuarios</b>	<b>Autobús</b>
19 Set	Domingo	9:30-13:30	Senda panorámica de Vigo 1: Vigozoo-P.F.Bembrive	100	Autobús urbano
26 Set	Domingo	9:30-13:30	Senda panorámica de Vigo 2: P.F.Bembrive-P.F.Beade	100	

3 Out	Domingo	9:30-13:30	Senda panorámica de Vigo 3: P.F.Beade-P.F.Monte dos Pozos	100	
10 Out	Domingo	9:30-13:30	Senda panorámica de Vigo 4: P.F.Monte dos Pozos-Saiáns	100	
17 Out	Domingo	9:30-13:30	Serras a carón de Vigo: Serra do Suído	100	Autobús discrecional
24 Out	Domingo	9:30-13:30	Serras a carón de Vigo: Serra da Groba	100	
31 Out	Domingo	9:30-13:30	Serras a carón de Vigo: Serra do Galleiro	100	
7 Nov	Domingo	9:30-13:30	Serras a carón de Vigo: Serra do Galiñeiro	100	

•**Programa dos percorridos interpretativos:**

•As actividades realizadas van dirixidas ao coñecemento do hábitat da área de influencia de Vigo, tanto nas súas dimensións de patrimonio natural como patrimonio cultural. O nome proposto para o programa é **“En outono, percorridos medioambientais polos montes de Vigo e comarca”**.

•Os contidos abordados durante os paseos serán as temáticas propias do Sendeiro Panorámico de Vigo (GR-53) e das serras próximas ao termo municipal.

•En Vigo cóntase cun cinto de montes periurbanos que cobren o 17% da superficie do termo municipal. Boa parte deles son montes veciñais en man común que se organizan en 13 comunidades de montes, sendo a Mancomunidade de Montes de Vigo a entidade que as aglutina.

•O Concello de Vigo mantén unha intensa relación con estas comunidades de montes de cara a realizar un labor de prevención de incendios e de cara a posibilitar que nas distintas comunidades de montes haxa infraestruturas de uso público: parques forestais e sendeiros locais. A maioría dos parques forestais de Vigo están cedidos ao Concello de Vigo para o seu mantemento ao longo do ano e deles gozan miles de cidadáns e cidadás, sobre todo na primaveira e no verán.

•O trazado do GR-53 (Senda panorámica de Vigo que atravesa a maioría dos parques forestais) comunica 11 parques forestais dos montes de Vigo, cun trazado de aproximadamente 39 quilómetros sen contar as variantes. No percorrido deste sendeiro pódese apreciar a riqueza natural dos montes de Vigo, así como o importante patrimonio etnoarqueolóxico que neles hai e as fermosas panorámicas de Vigo e bisbarra. De seguido recóllese un breve resumo gráfico:



# Concello de Vigo

## •SENDA PANORÁMICA DE VIGO (GR-53)

Vigo conta cunha tupida rede de sendeiros que bordean o casco urbano atravesando 11 comunidades de montes. O referente é o GR-53 ou Senda Panorámica de Vigo que conecta de xeito lineal a totalidade de parques forestais da cidade e que no seu longo percorrido permite ver unha visión de conxunto da Vigo e bisbarra así como o seu patrimonio natural e etnoarqueolóxico. Os nove sendeiros locais promovidos polo Concello de Vigo en colaboración coa Mancomunidade de Montes de Vigo, son derivacións circulares que permiten afondar nestes contidos.

Ao mesmo tempo, no termo municipal de Vigo discorren tres sendeiros de pequeno percorrido: PR-G1 Galiñeiro, PR-G5 Eifonso e PR-G9 Alba-Couturos.

**GR-53, PR-G1, PR-G5, PR-G9**  
Senda panorámica de Vigo (GR-53)  
Sendeiros de Pequeno Recorrido (PR)

**Datos técnicos:**  
GR-53: 39,9km | Altura: 108-512m | Pendente media: 6,5% / -5,7% | Dificultade: Media | 3 etapas: Salnés-A Pasave, A Pasave-Puxeiros e Puxeiros-A Madroa  
PR-G1: 11,5km | Altura: 81m | Altura: 228-459m | Pendente media: 9,6% / -6,5% | Dificultade: Baixa  
GR-53.2: 10,2km | Altura: 294-556m | Pendente media: 8,0% / -7,0% | Dificultade: Media  
PR-G1 Galiñeiro: 8,6km | Altura: 246-676m | Pendente media: 13,7% / -10,2% | Dificultade: Media  
PR-G5 Eifonso: 4km | Altura: 113-485m | Pendente media: 15,6% / -10,6% | Dificultade: Media  
PR-G9 Alba-Couturos: 12km | Altura: 30-492m | Pendente media: 8,1% / -8,0% | Dificultade: Media

**PARQUES FORESTAIS E ÁREAS RECREATIVAS**

1 PF. Salnés	9 PF. Beade
2 PF. San Miguel de Oia	10 PF. Bembrive
3 PF. Coruxo	11 PF. Cotogrande (Cabral)
4 Monte dos Pozos (Valladares)	12 A.R. Baladas (Cabral)
5 Monte Alba - Cepudo	13 PF. Bandeira (Cabral)
6 PF. Chan Doural (Zamáns)	14 PF. Vixador (Candean)
7 PF. Zamáns	15 PF. Madroa (Teis)

•Por outra banda, no entorno de Vigo hai unha diversa representación de ecosistemas de montaña que combinan elementos xeolóxicos con habitats naturais dignos de observación, con oportunidade de observar fauna salvaxe. Particularmente, vanse abordar catro serras: o Suído en Fornelos de Montes e Covelo, a Groba en Baiona e Oia, Galleiro en Mos e Pontearreas e Galiñeiro en Gondomar e Vigo

**Serras a carón de Vigo**  
Escribe una descripción para tu mapa.

Serra do Suído  
Serra do Galleiro  
Serra do Galiñeiro  
Serra da Groba

Google Earth  
Data SIO, NOAA, U.S. Navy, NGA, GEBCO  
Imaxe © 2021 TerraMetrics

10 km

•**Público obxectivo:**

- Na actividade poderán participar persoas de todas as idades, particularmente adultos.
- O número previsto de participantes está en 100 persoas por percorrido na Senda Panorámica de Vigo e polas serras, que a súa vez se dividirán en grupos para o cumprimento da normativa Covid-19 vixente.

•**Cronograma da actividade:**

- 8:30 – 9:00 Convocatoria e saída dende a Praza do Rei
- 9:00 – 9:30/10:30 Desprazamento ata o lugar de inicio do percorrido
- 9:30/10:30 - 12:30/13:00 Percorrido programado
- 12:30/13:00 -13:15/14:30 Retorno ata a Praza do Rei

•**Perfil do persoal** preciso para o desenvolvemento do proxecto:

a)Un Coordinador de Actividade, que proporcionan o detalle da execución das actividades e os contidos a presentar ao monitoraxe, así como a distribución de funcións e tarefas a realizar durante as actividades dirixidas a gran grupo e a xestión administrativa correspondente.

b)Percorridos: Cinco monitores de actividade medioambientais, socioculturais ou de tempo libre segundo a previsión descrita anteriormente nos percorridos.

c)Persoal de apoio para os percorridos con furgoneta en circulación.

- A organización da actividade, dinamización e comunicación desenvolverase a través dunha empresa especializada neste tipo de actividades.
- Para o desprazamento está previsto empregar o autobús urbano no termo municipal de Vigo e un autobús discrecional fóra do termo municipal.

•**A empresa de servizos que desenvolva as actividades proxectadas deberá realizar:**

a)Os seguros de responsabilidade civil.

b)A relación que haxa cos usuarios previa e posterior ás actividades, en coordinación con persoal do Concello de Vigo. Derivada destas actuacións recibirase información persoal para a súa tramitación e, asemade entregárase aos monitores a información que estes precisen para desenvolver as súas funcións.

c)A posta a disposición do material necesario para o desenvolvemento das actividades.

d)Implantación dos protocolos Covid-19 segundo as recomendacións vixentes para actividades na natureza e actividades culturais ao aire libre.



## Concello de Vigo

e) Aquelas outras obrigas de índole legal e organizativas que se deriven da organización da Campaña.

### • Tarefas xerais previstas

- Organización e execución das actividades, incluído os recursos oportunos
- Xestión dos participantes sobre a base dos listados proporcionados pola Concellería de Medio Ambiente.
- Programación de cada actividade e elaboración dos guións de traballo e a documentación pertinente para a súa distribución entre o equipo e a correspondente preparación por parte do mesmo.
- Organización do equipo de traballo para cada actividade a partir da indicación do número de usuarios inscritos o venres previo a cada unha.
- Organización da saída dos usuarios dende o punto de encontro tanto de inicio de actividade como de retorno definido pola Concellería de Medio Ambiente.
- Información xeral aos usuarios durante o desenvolvemento da actividade, así como atención a necesidades que se produzan ao longo da mesma.
- Apoio telemático á Concellería de Medio Ambiente no proceso de inscrición e participación nas actividades.
- Acompañamento ao grupo de usuarios nos desprazamentos polos paseos, con especial atención aos tramos de circulación rodada ou de especial dificultade.

### **3. ACTIVIDADES: ORZAMENTO ESTIMADO**

O orzamento estimado das actividades determínase en función dos prezos de mercado de empresas do sector, con referencia ás táboas salariais do Convenio de Ocio educativo e Animación sociocultural, tendo en consideración que as actividades se realizan en sábado e domingo, e en consideración ás tarefas que se deben desenvolver antes citadas:

Ademais das horas de realización efectiva da actividade polos monitores, estes deben percorrer a ruta nos días anteriores cun tempo estimado igual ao da actividade.

En consideración ao exposto, estímase o seguinte orzamento:

Concepto e custes unitarios	Total Base	% IVE	Total IVE	TOTAL
<b>Monitorado e organización percorridos e actuacións</b>	<b>14.900,00</b>	<b>21 %</b>	<b>3.129,00</b>	<b>18.029,00</b>
4 percorridos polo Sendeiro panorámico de Vigo, con preparación e atención x 1500 €/percorrido	6.000,00	21%	1.260,00	7.260,00

4 percorridos serras a carón de Vigo, con preparación previa e atención público x 1800 €/actuación	7.200,00	21%	1.512,00	8.712,00
Organización do programa, incluída loxística de apoio necesaria	1.700,00	21%	357,00	2.057,00
<b>Transporte discrecional</b> <b>4 desprazamentos x 470€ x</b> <b>2 autobuses x</b> <b>desprazamento</b>	<b>3.760,00</b>	<b>10</b> <b>%</b>	<b>376,00</b>	<b>4.136,00</b>
<b>CUSTE TOTAL</b>	<b>18.660,00</b>		<b>3.505,00</b>	<b>22.165,00</b>

O presente orzamento, de máximos, é unha mera estimación e a posibilidade da súa execución virá determinada pola dispoñibilidade orzamentaria axeitada e suficiente cuxa fiscalización, cando proceda, se levará a cabo nos correspondentes expedientes administrativos precisos para súa efectiva execución.

A estes efectos a Concellería de Medio Ambiente iniciou determinados procedementos administrativos: convenio de colaboración coa entidade Vego Supermercados, S.A.U. que desenvolverá as actividades prevista, a excepción do transporte discrecional que será por conta da Administración municipal, (expte. 15532/306) (...), tendentes á execución deste proxecto de actividades.

A organización municipal non impide o seu financiamento de forma conxunta entre o Concello de Vigo e os participantes das rutas que se desenvolvan fóra do termo municipal, o que se xustifica nunha maior eficiencia e racionalidade dos recursos económicos, no fomento do interese e participación máis activa do desenvolvemento da actividade cara a protección do medio ambiente, habida conta do incremento do custe que supón o desprazamento fóra do termo municipal.

Neste sentido, para o desenvolvemento desta programación estase a contemplar os seguintes supostos:

O transporte discrecional é asumido de xeito parcial polos usuarios nas rutas que se desenvolvan fora de Vigo, de xeito que achegarán 3 euros, os menores de 12 anos achegará a metade, 1,50 euros. O resto do custe do transporte será por conta do Concello. Considérase axeitado atendendo á diversidade de idade dos participantes e asumible por rendas medias nas que se sitúan habitualmente os participantes.

Concepto e ingresos unitarios estimados	Número usuarios	Prezo por usuario	TOTAL
Ingreso percorrido Serras a carón de Vigo: Serra do Suído	95 adultos e 5 nenos	3 euros adulto	292,50



## Concello de Vigo

		1,50 neno	
Ingreso percorrido Serras a carón de Vigo: Serra da Groba	95 adultos e 5 nenos	3 euros adulto 1,50 nenos	292,50
Ingreso percorrido Serras a carón de Vigo: Serra do Galiñeiro	95 adultos e 5 nenos	3 euros adulto 1,50 nenos	292,50
<b>INGRESO TOTAL</b>			<b>877,50 €</b>

#### 4. DESTINATARIOS E PROCESO DE INSCRICIÓN

---

Cara determinar os destinatarios da actividade establécense os seguintes criterios:

- Persoas maiores de idade veciños de Vigo (autorízase á organización a comprobar tal condición e a solicitar o DNI previamente á realización da actividade).
- No caso de residir en Vigo e non ser veciños incluírase na lista de agarda, confirmándose a praza no caso de vacantes ao final do proceso de inscrición.
- Menores de idade. Deberán ir acompañados polos seus pais ou titores legais. No caso de ir a cargo doutro adulto distinto deberá presentar un documento de autorización.
- Inscrición no Servizo 010 (986 810 260) de luns a mércores de 8 a 20 horas, os xoves de 8 a 14 horas e WEB municipal no caso de actividades con prezo.
- Datos mínimos de inscrición: nome completo, DNI (no caso de menores, DNI do titor), teléfono de contacto, data de nacemento.
- Opcionais: e-mail.
- Cada persoa só poderá inscribir a un total de 3 persoas, sendo necesario dispor de todos os datos esixidos.
- A inscrición faise por estrito orde de entrada da chamada, que quedará debidamente rexistrada no sistema informático do Servizo 010 ou na Web.
- No caso de cubrirse o cupo da ruta ou de non ser veciño de Vigo, pasarase á lista de agarda.
- As renuncias cubriranse coa lista de agarda, tendo preferencia os veciños de Vigo.

#### 5. PUBLICIDADE

---

O programa da actividade publicarase na Web municipal, sen prexuízo doutros canles de difusión.

## **6.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

---

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é co obxecto da realización da actividade na que se inscribe o/a participante.

Estes datos incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento do Concello de Vigo e serán tratados coa finalidade específica de cada tratamento de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo, L.O. 3/2018, de 5 do decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposición de aplicación. As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Vigo poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, perante o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, dirixirse ao correo [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

### **13(741).- NOMEAMENTO INTERINO, CON CARGO A PRAZA VACANTE, DE UNHA AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL PARA A ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN. EXPTE. 38162/220.**

Visto o informe de fiscalización do 11/08/21, dáse conta do informe-proposta de data 09/08/21, asinado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

**1.-** Visto o informe de necesidades emitido o 15/06/2021 pola Xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación respecto das necesidades concorrentes no exercicio das potestades públicas de inspección e control do persoal; e considerando que por Resolución de data 27/07/2021 (expediente nº 38.104/220) foi aceptada a renuncia da funcionaria interina D<sup>a</sup> I. Fernández Vila, que se atopaba en situación de IT, xenerándose novamente a vacante, existente segundo informe técnico de data 03/03/2021 (expediente nº 37.104/220) resulta urxente proceder ao nomeamento interino de efectivo para asignar á Inspección de Persoal, en cumprimento das obrigas legais na materia.

**2.-** En data de sinatura electrónica, polo órgano municipal competente procedeuse a ordear a incoación de expediente administrativo para a provisión interina de 1 praza vacante de auxiliar administrativo, asociada ao posto de traballo de “auxiliar de Inspección de Persoal” existente na Área de Recursos Humanos e Formación, nos termos que procedan consonte ao establecido no marco normativo referencial de aplicación.

**3.-** Consta anexado ao expediente informe técnico (trámite 9 do expediente) acreditativo da existencia de vacante de praza susceptible de ser interinamente cuberta de auxiliar de Administración Xeral asociada ao posto de traballo (auxiliar Inspección) código 148 da Relación de Postos de Traballo vixente, e que tras a renuncia do interino nomeado ten quedado novamente en situación de vacante.

No dito informe indícase, entre outros aspectos, que:





## Concello de Vigo

*“O custo anual que figura no Capítulo I do Orzamento de Gastos, do posto vacante asociado de Inspector/a Auxiliar de Recursos Humanos, cód. 148 para o exercicio 2021 e de 34.534,30€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.0400 (soldo base, por un importe anual de 9.174,60€), 121.0004 (complemento de destino, por un importe anual de 6.052,43€), 121.0104 (complemento específico por un importe anual de 11.742,80€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 7.564,47€), significando que o custe máximo anual para presente ano 2021 sería de 27.339,65€ (dos que 21.351,11€ corresponden a retribucións e, 5.988,54€ a seguridade social a cargo ao empregador)”*

**4.-** En consecuencia, tramitado o expediente pola Área xestora, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

#### **I.- Normativa de aplicación**

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:  
*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do legislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

*“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica*

*estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentencia foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”*

## **II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta**

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concurra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **“la existencia de plazas vacantes, cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera, por un máximo de tres años, en los términos previstos en el apartado 4”** (letra a) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

O concreto apartado 4 citado recolle que *“en el supuesto previsto en el apartado 1.a) las plazas vacantes desempeñadas por personal funcionario interino deberán ser objeto de cobertura mediante cualquiera de los mecanismos de provisión o movilidad previstos en la normativa de cada Administración Pública.*

**No obstante, transcurridos tres años desde el nombramiento del personal funcionario interino se producirá el fin de la relación de interinidad, y la vacante solo podrá ser ocupada por personal funcionario de carrera, salvo que el co-**



## Concello de Vigo

***respondiente proceso selectivo quede desierto, en cuyo caso se podrá efectuar otro nombramiento de personal funcionario interino.***

*Excepcionalmente, el personal funcionario interino podrá permanecer en la plaza que ocupe temporalmente, siempre que se haya publicado la correspondiente convocatoria dentro del plazo de los tres años, a contar desde la fecha del nombramiento del funcionario interino. En este supuesto podrá permanecer hasta la resolución de la convocatoria, sin que su cese dé lugar a compensación económica."*

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais delo, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento obxecto de proposta, tómase como referencia a analogía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20.09.2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase ao posto de traballo tipo de Auxiliar Inspección, código 148.

Asimismo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

### **III.- Observacións respecto da xornada e horario**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

### **IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas ur-

xentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

#### **V. - Proposta de gasto:**

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente:

*“O custo anual que figura no Capítulo I do Orzamento de Gastos, do posto vacante asociado de Inspector/a Auxiliar de Recursos Humanos, cód. 148 para o exercicio 2021 e de 34.534,30€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.0400 (soldo base, por un importe anual de 9.174,60€), 121.0004 (complemento de destino, por un importe anual de 6.052,43€), 121.0104 (complemento específico por un importe anual de 11.742,80€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 7.564,47€), significando que o custe máximo anual para presente ano 2021 sería de 27.339,65€ (dos que 21.351,11€ corresponden a retribucións e, 5.988,54€ a seguridade social a cargo ao empregador)”*

Efectuándose unha remisión expresa ao contido do informe técnico referenciado, solicítase expresamente que os aspectos indicados no mesmo respecto das previsións e impacto nos orzamentos se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

#### **VI. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:**

Segundo informe administrativo de verificación (trámite 24 do expediente) consta que:

- *Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Auxiliares administrativos/as, non existen listaxes vixentes por atoparse caducadas. En consecuencia de este motivo faise uso da listaxe de reserva para a categoría de Administrativos/as vixente con persoas en condicións de ser notificadas.*
- *Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Auxiliar administrativo/a con cargo a praza vacante 2020, a B. González Eiriz con DNI: \*\*\*5386\*\*, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.*
- *De todo o cal, e suxeito á verificación técnica, se deixa constancia aos estritos efectos do presente expediente electrónico.”*

O/a aspirante interesado/a e dispoñible aceptou expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escrito incorporado ao expediente, acreditando documentalmente o



## Concello de Vigo

cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.

### VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que establece o seguinte:

*“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de carácter económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones legales en cada caso.*

*2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

### VIII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excma. Alcaldía de 16/04/2021 e por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021.

### IX.- PROPOSTA DE ACORDO

**“PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionario interino nos termos e condicións seguintes:

- *Categoría profesional: Auxiliar de Administración Xeral, subgrupo C2.*
- *Modalidade legal: funcionario interino para a cobertura de praza vacante (artigo 10.1, letra a) do TREBEP)*
- *Destino: Área de Recursos Humanos e Formación.*

- *Período temporal: ata a provisión definitiva da praza e en todo caso por un máximo de 3 anos, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra a) e 10.4 do TREBEP.*
- *Custe económico: máximo anual de 27.339,65€ desglosados do seguinte xeito:*
  - 21.351,11€ en concepto de retribucións, a imputar á aplicación orzamentaria 120.0400 (soldo base); 121.0004 (complemento de destino) e 121.0104 (complemento específico).
  - 5.988,54€ en concepto de seguridade social, a imputar á aplicación orzamentaria 160.00.00.

*Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.*

**SEGUNDO:** *Nomear como funcionaria interina con cargo a praza vacante, cos límite temporal máximo de 3 anos nos termos e condicións do establecido no artigo 10.4 do TREBEP, así como no apartado primeiro do presente acordo, a **Dª B. González Eiriz, con DNI: \*\*\*5386\*\***, na súa condición de aspirante incorporada en lista, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.*

**TERCEIRO:** *Dispoñer que a xornada laboral do efectivo nomeado desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.*

**CUARTO:** *Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, Xefatura da Área, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, persoal do Programa de Modernización e Mellora na xestión da Área de Recursos Humanos e Formación, e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.*

**SEXTO.-** *Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **14(742).- NOMEAMENTO INTERINO DE UN ADMINISTRATIVO DE ADMÓN. XERAL PARA O “PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN E MELLORA NA XESTIÓN” DA ÁREA E RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN. EXPTE. 38060/220.**

Visto o informe de fiscalización do 11/08/21, dáse conta do informe-proposta de data 06/08/21, asinado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

**1.-** Con data 22/06/2021 tivo entrada a través do Rexistro electrónico solicitude presentada por D<sup>a</sup>. M. C. Miniño Valverde (documento nº 210099304 e código de solicitude W568860-519) renunciando con efectos do 30/06/2021 ao seu nomeamento interino por execución de programa temporal como administrativa de administración xeral, debido á adquisición da condición de empregada pública noutra Administración Pública, tras a superación do correspondente proceso selectivo.

A interesada fora nomeada funcionaria interina por execución de programa temporal (Programa de Modernización e de Mellora na xestión da Área de Recursos Humanos e Formación) con data 03/12/2020 por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/11/2020 (expediente nº 36.657/220).

Dita renuncia foi aceptada por resolución de data 23/06/2021 (expediente nº 37.906/220)

**2.-** Con data de sinatura electrónica de 28/06/2021 pola Xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación se solicita, previa a tramitación administrativa procedente, a incorporación de nove efectivo de idéntica categoría profesional, en garantía do cumprimento dos obxectivos do Programa, procedéndose á incoación de expediente.

**3.-** Consta anexado ao expediente informe técnico de cuantificación económica (trámite 21 do expediente) que inclúe a proposta de gasto e a verificación de sostibilidade do capítulo I de gastos dos vixentes Orzamentos Municipais, e no cal, entre outras cuestións, consta o seguinte:

#### **“CUADRO RESUMO CUSTE EXPEDIENTE 2 ANOS E 3 MESES (01/09/2021 A 30/11/2023)”**

#### **ADMINISTRATIVO/A ADMÓN. XERAL**

<b>CUSTE TOTAL PROPOSTA</b>	<b>ANUAL-2021</b>	<b>ANUAL-2022</b>	<b>ANUAL-2023</b>	<b>Periodo ( 01/09/2021 a 30/11/2023) - DOUS ANOS E TRES MESES x 1 posto-</b>
<i>Retribucións totais Administrativo/a</i>	27.940,54€	28.499,34€	29.069,32€	<b>64.459,73 € (1)</b>
<i>Seguridade Social</i>	7.382,16 €	7.603,62 €	7.831,73 €	<b>17.243,43 € (2)</b>
<b>TOTAIS ADMINIST.</b>	35.322,70 €	36.102,96 €	36.901,05 €	<b>81.703,16 € (3)</b>

(1) Da referida cantidade 9.313,51€ corresponde ao exercicio 2021 (4 meses), 28.499,34€, ao exercicio 2022 (12 meses) e, 26.646,88€ ao exercicio correspondente ao ano 2023 (11 meses).

(2) Da referida cantidade 2.460,72€ corresponde ao exercicio 2021 (4 meses), 7.603,62€, ao exercicio 2022 (12 meses) e, 7.179,09€ ao exercicio correspondente ao ano 2023 (11 meses).

(3) Da referida cantidade 11.774,23€ corresponde ao exercicio 2021 (4 meses), 36.102,96€, ao exercicio 2022 (12 meses) e, 33.825,97€ ao exercicio correspondente ao ano 2023 (11 meses).”

**4.-** En consecuencia, tramitado o expediente pola Área xestora, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

### **I.- Normativa de aplicación**

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:  
*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de**





## Concello de Vigo

**01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

*"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."*

### **II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta**

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concurra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **"la ejecución de programas de carácter temporal, que no podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto"** (letra c) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *"los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera."*

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, apartado 3, letra c) pola finalización do prazo autorizado

expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais delo, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

En desenvolvemento normativo das previsións establecidas polo lexislador básico, a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, contempla no seu artigo 23.2, letra c) a modalidade do persoal funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal, preceptuando que tal clase de persoal está destinado a *“la ejecución de programas de carácter temporal y de duración determinada que no respondan a necesidades permanentes de la Administración. **El plazo máximo de duración de la interinidad se hará constar expresamente en el nombramiento y no podrá ser superior a tres años, ampliables hasta doce meses más si lo justificara la duración del correspondiente programa.**”*

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento obxecto de proposta, tómase como referencia a analogía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20.09.2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase ao posto de traballo tipo de Administrativo de Administración Xeral (código retributivo 105) por un período de 2 anos e 3 meses, ata fin de programa.

Asimesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

### **III.- Observacións respecto da xornada e horario**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo establece a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

### **IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esi-



## Concello de Vigo

xido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urgentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

### V. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica emitido ao expediente, o custe do efectivo proposto ata fin de programa (concretado nun período de 2 anos e 3 meses) é o seguinte:

CUSTE TOTAL PROPOSTA	ANUAL-2021	ANUAL-2022	ANUAL-2023	Periodo ( 01/09/2021 a 30/11/2023) - DOUS ANOS E TRES MESES x 1 posto-
Retribucións totais <b>Administrativo/a</b> (Aplicación orzamentaria 920.0.1400000)	27.940,54€	28.499,34€	29.069,32€	64.459,73 € (1)
Seguridade Social (Aplicación orzamentaria 920.0.160.0099)	7.382,16 €	7.603,62 €	7.831,73 €	17.243,43 € (2)
<b>TOTAIS ADMINIST.</b>	<b>35.322,70 €</b>	<b>36.102,96 €</b>	<b>36.901,05 €</b>	<b>81.703,16 € (3)</b>

(1) Da referida cantidade 9.313,51€ corresponde ao exercicio 2021 (4 meses), 28.499,34€, ao exercicio 2022 (12 meses) e, 26.646,88€ ao exercicio correspondente ao ano 2023 (11 meses).

(2) Da referida cantidade 2.460,72€ corresponde ao exercicio 2021 (4 meses), 7.603,62€, ao exercicio 2022 (12 meses) e, 7.179,09€ ao exercicio correspondente ao ano 2023 (11 meses).

(3) Da referida cantidade 11.774,23€ corresponde ao exercicio 2021 (4 meses), 36.102,96€, ao exercicio 2022 (12 meses) e, 33.825,97€ ao exercicio correspondente ao ano 2023 (11 meses).

Efectuándose unha remisión expresa ao contido do informe técnico referenciado, solicítase expresamente que os aspectos indicados no mesmo respecto das previsións e impacto nos orzamentos se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

### VI. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo informe administrativo de verificación (trámite 38 do expediente) consta que:

- *“Que aos efectos de proceder á cobertura dun posto de Administrativo/a do Programa de modernización interna e mellora na xestión da Área de Recursos Humanos pola renuncia voluntaria producida con efectos 30/06/2021, da funcionaria interina por programa que ocupaba o posto Dona M. C. Miniño Valverde*
- *Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Administrativos/as, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.*
- *Que en consecuencia, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Administrativo a Don M. Miguel de Francisco con dni \*\*\*9797\*\*, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.*
- *De todo o cal, e suxeito á verificación técnica, se deixa constancia aos estritos efectos do presente expediente electrónico.*

O aspirante interesado e dispoñible aceptou expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escrito incorporado ao expediente, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.

## **VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

*“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*

*2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

## **VIII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Regula-



## Concello de Vigo

dora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de 16/04/2021 e por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021.

### IX.- PROPOSTA DE ACORDO

**“PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionario interino nos termos e condicións seguintes:

- *Categoría profesional: Administrativo de Administración Xeral, subgrupo C1.*
- *Modalidade legal: funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal (artigo 10.1, letra c) do TREBEP) en substitución de renunciante.*
- *Destino: Área de Recursos Humanos e Formación (Programa de modernización e mellora na xestión aprobado por XGL en data 26/11/2020 no marco do expediente nº 36.657/220).*
- *Período temporal: Ata fin de programa, con duración estimada en 2 anos e 3 meses, expirando a vixencia do nomeamento ao remate do período temporal normativamente establecido sen dereito a compensación algunha (artigo 10.3, letra c) do TREBEP).*
- *Custe económico: 81.703,16 euros para a totalidade do período temporal, desglosados segundo cadro seguinte:*

CUSTE TOTAL PROPOSTA	ANUAL-2021	ANUAL-2022	ANUAL-2023	Periodo ( 01/09/2021 a 30/11/2023) - <b>DOUS ANOS E TRES MESES</b> x 1 posto-
Retribucións totais Administrativo/a (Aplicación orzamentaria 920.0.1400000)	27.940,54€	28.499,34€	29.069,32€	64.459,73 € (1)
Seguridade Social (Aplicación orzamentaria 920.0.160.0099)	7.382,16 €	7.603,62 €	7.831,73 €	17.243,43 € (2)
<b>TOTAIS ADMINIST.</b>	<b>35.322,70 €</b>	<b>36.102,96 €</b>	<b>36.901,05 €</b>	<b>81.703,16 € (3)</b>

(1) Da referida cantidade 9.313,51€ corresponde ao exercicio 2021 (4 meses), 28.499,34€, ao exercicio 2022 (12 meses) e 26.646,88€ ao exercicio correspondente ao ano 2023 (11 meses).

(2) Da referida cantidade 2.460,72€ corresponde ao exercicio 2021 (4 meses), 7.603,62€, ao exercicio 2022 (12 meses) e 7.179,09€ ao exercicio correspondente ao ano 2023 (11 meses).

(3) Da referida cantidade 11.774,23€ corresponde ao exercicio 2021 (4 meses), 36.102,96€, ao exercicio 2022 (12 meses) e 33.825,97€ ao exercicio correspondente ao ano 2023 (11 meses).

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionario interino para a execución de programa de carácter temporal (Programa de modernización e mellora na xestión aprobado por XGL en data 26/11/2020, expediente nº 36.657/220) nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, a **D. M. Miguel de Francisco, con DNI \*\*\*9797\*\***, na súa condición de aspirante incorporado en lista, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

**TERCEIRO:** Dispoñer que a xornada laboral do efectivo nomeado desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, Xefatura da Área, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, persoal do Programa de Modernización e Mellora na xestión da Área de Recursos Humanos e Formación, e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.

**SEXTO.-** Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(743).- PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 2319/449.**

Visto o informe xurídico de data 12/08/21 e o informe de fiscalización do 17/08/21, dáse conta do informe-proposta de data 11/08/21, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:



## Concello de Vigo

### MEMORIA XUSTIFICATIVA :

● PRIMEIRO: O 1 de outubro publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto 103/2018, de 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da lei 4/2013, de 30 de maio. O citado Regulamento entrou en vigor o 22 do mesmo mes.

Na súa Disposición Final 2ª, establécese que os concellos adaptarán as súas ordenanzas reguladoras do servizo de taxi ó previsto neste decreto, no prazo dun ano dende a súa entrada en vigor.

Á vista do esixido na normativa autonómica, e en previsión de mellorar as novas necesidades xurdidas dende a data de aprobación da vixente ordenanza que regula o servizo de taxi no Concello de Vigo, considérase preciso a realización de modificacións na ordenanza para adaptala as novas circunstancias do sector e axustarse e dar cumprimento ó disposto na citada disposición segunda.

● SEGUNDO : Ante a necesidade de redacción, tramitación e aprobación da modificación da Ordenanza, a Concelleira delegada de transportes e proxectos estatais e europeos ditou orde de servizo para o inicio das actuacións necesarias para a aprobación da modificación da ordenanza

● TERCEIRO : En relación coa tramitación da modificación da ordenanza debe considerarse o disposto na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas que regula no seu artigo 133 “Participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de Lei e regulamentos” que no seu número 1 di :

“Con carácter previo á elaboración do proxecto o anteproxecto de lei o de regulamento, se sustanciará unha consulta pública, a través do portal WEB da Administración competente na que recabarase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.”

● CUARTO: A Xunta de Goberno Local na sesión de data 6 de marzo de 2020 adoptou entre outros o seguinte Acordo ;

“ Abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, para a redacción, tramitación e aprobación da modificación da ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo, a través de <https://consulta.vigo.org/>, durante un prazo de 15 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar

as súas opinións acerca dos aspectos que figuran recollidos no Anexo 1 do presente acordo.”

En cumprimento do citado Acordo abriuse un prazo de consulta previa dende o día 6 de marzo até o día 30 de marzo de 2020 .

Durante o citado prazo foron presentadas 2 escritos de opinións das asociacións representativas do sector : Elite Taxi Vigo e Asociación Provincial de autopatronos do taxi da provincia de Pontevedra, opinións que foron examinadas e informadas na data 8 de xullo de 2021, informe que figura unido ao presente expediente.

●QUINTO: Na data deuse traslado as asociacións representativas do sector do borrador da modificación da ordenanza para a presentación de alegacións sendo presentadas as mesmas nas data 3 e 8 de marzo respectivamente polas asociacións, Elite Taxi Vigo e Asociación Provincial de autopatronos do taxi da provincia de Pontevedra, que foron estudadas polo servizo de transportes e informadas na data 13 de xullo de 2021.

● SEXTO: Con data 13 de xullo de 2021 foi emitido polo servizo xestor a memoria do análise do impacto normativo.

### **RÉXIME XURÍDICO:**

As ordenanzas municipais, en tanto que son disposicións acordadas polas Corporacións locais para rexer con carácter xeral, son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns (Arts. 84.1.a] LRBRL) e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais nos artigos 4.1.a] da LRBRL e do ROF e 6.1.a] da Lei 5/97 da Administración Local de Galicia. Tal intervención na actividade dos particulares deberá axustarse, en todo caso, ós principios de igualdade de trato, necesidade e proporcionalidade có obxectivo que se persegue (Art. 84.2 da LRBRL).

De conformidade co disposto no artigo 127 nº 1 apartado a ) da Lei 7/1985 de 2 de decembro reguladora das bases de réxime local, na redacción dada polo apartado 4 do artigo primeiro da Lei 57/2003 de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, corresponde a Xunta de Goberno Local a “aprobación dos proxectos de ordenanzas “

De conformidade co disposto no artigo 123 nº1 apartado d ) da Lei 7/1985 de 2 de decembro reguladora das bases de réxime local, na redacción dada polo apartado 4 do artigo primeiro da Lei 57/2003 de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, corresponde ao Pleno da Corporación “a aprobación das ordenanzas.” .

De conformidade co disposto no Título VII do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado definitivamente en sesión ordinaria de data 30.05.2016 e no artigo 49 da Lei 7/1985 de 2 de decembro reguladora das bases





## Concello de Vigo

de réxime local a aprobación das ordenanzas locais axustarase ao seguinte procedemento :

- a) aprobación inicial polo Pleno
- b) información publica e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións .
- c) resolución de tódalas reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno .

No caso de que non se houbera presentado ningunha reclamación o suxestión , entenderase definitivamente adoptado o acordo ate entón provisional .  
En canto a súa entrada en vigor será de aplicación o disposto no artigo 70,2 da Lei reguladora das bases de réxime local

A aprobación inicial do proxecto de modificación de ordenanza, inclusive a aprobación definitiva que, no seu caso, se adopte, non leva consigo ningún tipo de gasto para a Administración Municipal .

De conformidade co disposto no artigo 3 nº 3 apartado d) do Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, o Secretario Xeral emitira informe previo, en todo caso, na tramitación da aprobación e modificación de ordenanzas.

Polo exposto e habéndose dado cumprimento a tódolos tramites previos necesarios para a aprobación do proxecto da modificación da ordenanza, previo informe do Secretario Xeral do Concello, sometese a aprobación da Xunta de Goberno Local o proxecto de modificación da ordenanza reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo, para a súa posterior aprobación polo Pleno da Corporación.

### **PROPOSTA**

**PRIMEIRO** ; Aprobar o proxecto de modificación da Ordenanza Reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo, co texto que se transcribe a continuación.

**SEGUNDO**; E propoñer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte Acordo:

PRIMEIRO,-Aprobar inicialmente a Modificación da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo, que se transcribe a continuación .

SEGUNDO,-Abrir un período de información publica e conceder tramite de audiencia polo prazo de 30 días contados a partir da publicación do presente Acordo no Boletín Oficial da Provincia, para a presentación de reclamacións e suxestións .

**TERCEIRO**,- Declarar que de conformidade co establecido no artigo 49.C) da Lei

reguladora das bases de réxime local, de non presentarse ningunha reclamación ou suxestións, entenderase definitivamente aprobada a Modificación da Ordenanza reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo debendo publicarse o texto íntegro da Ordenanza no B.O.P.PO entrando en vigor aos 15 días hábiles da súa completa publicación

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI DA CIDADE DE VIGO**

### **PREÁMBULO**

A aprobación do regulamento da lei 4/2013 de 30 de maio aprobado por Decreto 103/ 2018 de 13 de setembro obriga aos municipios a adaptar no prazo de un ano as súas Ordenanzas ao previsto no mesmo.

A modificación da Ordenanza ten como fin adaptar a mesma a nova regulación así como introducir melloras na actual ordenación .

Introdúcense, entre outras modificacións relativas a :

- procedemento de transmisións de licenzas.
- procedemento de extinción de licenzas .
- a idade máxima dos vehículos que se fixa en 10 anos como máximo.
- as condicións para a obtención do permiso municipal de condutor, incluíndose novos requisitos como o coñecemento básico de primeiros auxilios.
- procedemento de substitución dos vehículos.
- contía do cambio obrigado para o cobro dos servizos que se amplía até 50 €.
- o número máximo de prazas dos vehículos adscritos a o servizo que se amplían ate nove prazas pero o caso sempre que leven unha praza para usuarios en cadeira de rodas.
- condicións de titularidade dos vehículos permitindo que os vehículos poidan ser adquiridos por renting,
- substitución do libro de reclamacións por follas de reclamación.
- regulación da contratación por praza con pago individual.



## Concello de Vigo

- posibilidade de elixir entre os dous primeiros taxis de a parada .
- adaptación das infraccións tipificadas a nova normativa, e as necesidades xurdidas da aplicación da actual ordenanza.

Este instrumento normativo contén a regulación precisa para atender a finalidade a que se dirixe, que é regular as condicións de prestación do servizo de taxi e os dereitos e deberes dos profesionais do sector u dos usuarios do servizo.

A modificación proposta satisfai o principio de eficacia por ser o instrumento máis axeitado para acadar o interese xeral dos profesionais e usuarios do servizo de taxi que fundamenta a necesidade de actualización desta norma .

O texto satisfai o principio de seguridade xurídica xa que a súa redacción dá cumprimento a esixencia recollida na Disposición Final 2ª, do Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio aprobado por Decreto 103 /2018 de 13 de setembro na que se establece que os concellos adaptarán as súas ordenanzas reguladoras do servizo de taxi ó previsto neste decreto, no prazo dun ano dende a súa entrada en vigor.

### **BORRADOR DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI DA CIDADE DE VIGO**

No ÍNDICE se modifica a redacción dos seguintes títulos e artigos :

O artigo 18 queda coa seguinte redacción: SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULOS

O artigo 23 queda coa seguinte redacción: PROCEDIMIENTO DE SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULOS

O título IV queda coa seguinte redacción: PERSOAS CONDUTORAS

Inclúese un artigo 30 BIS: CONTRATACIÓN POR PRAZA CON PAGO INDIVIDUAL

O artigo 41 queda coa seguinte redacción: TAXIS ADAPTADOS

No articulado inclúense as seguintes modificacións:

**No ARTIGO 1:**OBXECTO o último parágrafo queda coa seguinte redacción:

“No non previsto na presente Ordenanza ou nas súas disposicións complementarias, serán de aplicación directa as normas da Lei 4/2013 de 30 de maio e do seu Regulamento aprobado por Decreto 103/2018 de 13 de setembro de 2018; e supletoriamente seguirase o Regulamento Nacional dos Servizos Urbanos de Transportes en Automóbiles Lixeiros, aprobado por Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, e as súas modificacións aprobadas por Real Decreto 1080/89 de 1 de setembro, e Real Decreto 236/1983, de 9 de febreiro.”

**No ARTIGO 2:** COMPETENCIA MUNICIPAL o contido do punto cuarto substituíse pola seguinte redacción:

” Informe e aprobación sobre a solicitude de revisión de tarifas do servizo “

**No ARTIGO 6:** REQUISITOS PARA SER TITULAR os apartados c) y f) quedan coa seguinte redacción :

c) Acreditar a titularidade do vehículo, o a capacidade de utilización, en calquera réxime de utilización xuridicamente válido.

F) Acreditar estar en posesión do permiso municipal de condutor de taxi, establecido por esta ordenanza. Non será esixible o citado requisito no caso de transmisión a unha comunidade de herdeiros.

**O ARTIGO 8:** PROCEDIMIENTO DE CREACIÓN DE NOVAS LICENCIAS queda coa seguinte redacción :

”Só poderá promoverse a adxudicación de novas licencias en caso de dispoñer do continxente necesario para elo de acordo ao establecido no artigo 6.2. da lei 4/2013 de 30 de maio .

O procedemento contara cos seguintes tramites :

a) Elaboración dun estudo previo de mobilidade polo Concello que contará co contido mínimo establecido no artigo 5 a) do regulamento da Lei.

b) Audiencia sobre o estudo de mobilidade, por prazo non inferior a 10 días hábiles, as asociacións representativas do sector do transporte en taxi, aos sindicatos, as asociacións de persoas condutoras de taxi e as asociacións de persoas consumidoras e usuarias.

c) Solicitude e emisión de informe da Comisión Especial de transporte Público en Vehículos de Turismo do Concello Galego de Transportes .

d) Formulación de proposta por parte do Concello, unha vez completados os tramites anteriores e remisión do expediente a dirección xeral que corresponda da consellería competente en materia de transportes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, que emitira informe preceptivo e vinculante no prazo de tres meses.

e) Resolución polo Concello no prazo de 2 meses , de acordo co que resulte do informe vinculante da Dirección Xeral “

**O ARTIGO 9:** SUSPENSIÓN DE LICENZAS queda coa seguinte redacción :



## Concello de Vigo

“As licenzas de taxi poderán ser suspendidas temporalmente por un período máximo de dous anos nos seguintes casos :

- Por solicitude da persoa titular, en caso de accidente, avaría, enfermidade , incapacidade o calquera outra causa xustificada pola que deba deixar de exercer a actividade temporalmente.
- De oficio, nas transmisións forzosas, cando a persoa adxudicataria non reúna os requisitos para ser titular.

As solicitudes de suspensión dirixiranse ao Concello outorgante da licenza por vía telemática, e irán acompañadas da documentación precisa para acreditar a causa de suspensión que se alegue

A vista da solicitude o Concello outorgara a suspensión o a denegara mediante resolución motivada.

A suspensión da licenza implicará a da autorización interurbana polo mesmo período e baixo as mesmas condicións.

A suspensión outorgarase polo período mínimo imprescindible para salvar a dificultade que impide prestar o servizo e como máximo por dous anos contados dende a data da resolución na que se estima a solicitude , agás no caso de que na data da solicitude xa concorrese a causa na que se funda a suspensión , suposto no que computarase dende a data da solicitude . Si non se pode determinar no momento da autorización a duración do período , concederase polo prazo máximo indicado.

As solicitudes de suspensión enténdense estimadas se no prazo de tres meses o Concello non tivese ditado e notificado resolución expresa; pero non procederá estimar unha solicitude de suspensión até que transcorran dous anos contados dende a data de finalización do anterior período de suspensión.

Transcorrido un mes dende a finalización do prazo de suspensión sen haberse reanudado o servizo, reanudación que deberá ser comunicada ao Concello, incorrerase en causa de caducidade da licenza .

A suspensión poderá prorrogarse , a petición da persoa interesada e por unha soa vez pola metade do período inicial outorgado e un máximo de tres meses no caso de que persistan as circunstancias que a motivaron; non obstante en ningún caso poderá superar o prazo máximo de dous anos.

As solicitudes de prorroga, entenderanse estimadas, se non se ditase resolución expresa e se notificase no prazo dun mes , agás que se superase o prazo máximo de dous anos de duración da suspensión .

Autorizada a suspensión polo Concello, o titular deberá retirar do vehículo os distintivos que o identifican como taxi, así como o taxímetro, o que será comprobado polo Concello, e fará entrega no concello da licenza de taxi .

A solicitude de suspensión referida no punto primeiro deste artigo rematará no momento en que concorra algún dos supostos de transmisión forzosa previstos

no artigo 11 desta Ordenanza, debendo actuar o titular da licenza de acordo co previsto nese apartado .

**O ARTIGO 11:** TRANSMISIÓN DE LICENZAS o apartado a) queda coa seguinte redacción:

- a) Por falecemento do titular, a favor dos seus herdeiros lexítimos: os herdeiros adquirirán os dereitos e obrigacións inherentes a licenza podendo figurar, en caso de que se constituíse, a nome dunha comunidade de herdeiros por un período máximo de 2 anos dende o falecemento do causante . Transcorrido o citado prazo as licenzas deberan constar a nome dunha persoa física, caducando en caso contrario de maneira automática .

Neste caso poderá autorizarse a transmisión, aínda en caso de que non transcorreran dous anos dende que a persoa falecida houbera adquirido a condición de titular.

No caso de falecemento da persoa titular sen deixar persoas herdeiras determinará a extinción dos títulos habilitantes.

No caso de que a transmisión se produza a favor dunha persoa herdeira forzosa que careza dos requisitos exixidos para ser titular , os títulos habilitantes quedaran en suspenso por un período máximo de dous anos, antes de quedar definitivamente extinguidos en caso de no se cumpran tales requisitos o se produza a transmisión a favor dunha terceira persoa.

No caso de a primeira transmisión transmisión mortis causa que se produza tras a entrada en vigor da Lei 4/2013 de 30 de maio , non será esixible a exclusiva dedicación a actividade de taxi nin a prestación persoal do servizo de taxi pola persoa titular da licencia de taxi.

En relación coa persoa transmítente, as obrigacións tributarias, coa seguridade social e demais relacionadas coa actividade de taxi , así como as sancións dinerarias

derivadas do exercicio da actividade de taxi que le foran impostas por resolución administrativa firme, deberán estar satisfeitas por aquela o aquelas a quen legalmente lles corresponda por motivos de falecemento.

**O ARTIGO 12:** PROCEDEMENTO DE TRANSMISIÓN DE LICENZAS queda coa seguinte redacción :

“O procedemento para a transmisión da licenza será o seguinte :

- a) A solicitude de transmisión da licenza de taxi formulada no Concello deberá ser por medios electrónicos no rexistro xeral telemática e subscrita conxuntamente polo titular transmítente e polo adquirente, acompañada da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 6 da presente ordenanza .



## Concello de Vigo

- b) Comprobación polo Servizo de Transportes do cumprimento dos requisitos esixibles para a transmisión .
- c) Remisión da proposta de resolución do Concello o Órgano competente en materia de transportes da Xunta de Galicia no que debera especificar que estean acreditados os seguintes requisitos:
- Ter transcorrido un mínimo de dous anos, dende a adquisición pola persoa transmítente, da condición de titular da licenza municipal.
  - O transmítente e o adquirente están ó corrente das súas obrigas tributarias locais e das relacionadas coa actividade propia do servizo de taxi.
  - O transmítente e o adquirente non teñen pendente de cumprimento sancións pecuniarias derivadas do exercicio da actividade como taxista que lles fosen impostas polo concello por resolución administrativa firme.
  - O adquirente non supera con esta transmisión o límite máximo de concentración de licenzas de taxi nunha mesma persoa titular, de conformidade co disposto no artigo 9 e concordantes da lei 4/2013, de 30 de maio, e no artigo 7 da presente Ordenanza, así como que o mesmo cumpre os requisitos para ser titular da licenza municipal.
  - Non impúxose a prohibición da transmisión como medida provisional durante a tramitación dun procedemento de extinción da licenza, nin obsta ningún outro impedimento para a transmisión.
- d) Informe vinculante nun prazo dun mes sobre a procedencia de transmisión da autorización interurbana polo citado órgano.
- e) Autorizada a transmisión da licenza polo Concello, e unha vez inscrita a nova titularidade no Rexistro de Títulos habilitantes, a Xunta de Galicia resolvera sobre a transmisión da autorización interurbana de taxi de modo congruente co contido do informe emitido con anterioridade.
- No prazo máximo dun mes dende a notificación desta última debera darse inicio efectivo ao servizo
- f) A transmisión da licenza de taxi estará condicionada na súa eficacia, ao outorgamento da autorización interurbana de taxi ao novo titular.

Transcorridos tres meses dende a presentación da solicitude de transmisión si non se houberse ditado e notificado resolución expresa, entenderase desestimada.”

**NO ARTIGO 13:** PROHIBICIÓNS o paragrafo último queda coa seguinte redacción:

“A cesión do uso da licenza ou calquera outro acto translativo de posesión desta que se realice sen a previa autorización do Concello, contravindo as disposicións

desta Ordenanza, será declarada nula e será sancionada de conformidade co disposto no artigo 46 apartado C da presente Ordenanza.”

**NO ARTIGO 14: EXTINCIÓN DAS LICENZAS** : engádesse un apartado d) co seguinte redacción:

d ) “Tamén extinguíranse no caso de revisión de oficio do acto o actos de outorgamento das mesmas, nos términos previstos na Lei 39/2015 de 1 de outubro .”

despois do apartado d ) engádesse dos novos parágrafos:

“A concorrencia de calquera dos supostos anteriores implica a desaparición dos títulos habilitantes.

A vinculación entre as licencias de taxi e da autorizacións interurbanas, implicara a extinción do outro título ao que este vinculado .”

Na regulación da **caducidade** :

-o apartado b) queda coa seguinte redacción:

“b) Non iniciar o servizo transcorrido un mes dende a data de finalización do período de suspensión. “

-e engádesse dos novos apartados e) e f )

“e) Permanecer devanditos títulos a nome dunha comunidade de persoas herdeiras máis aló dos límites temporais especificados no artigo 17.2 da Lei 4/2013, do 30 de maio, e no artigo 11 A) da presente ordenanza.

f) Imposición da sanción de caducidade en caso de cometer unha infracción moi grave, de acordo co previsto no artigo 63.1 da Lei 4/2013, do 30 de maio.”

-E engádesse dos últimos parágrafos :

“A extinción producirase de forma automática nos casos previstos na Lei 4/2013 de 30 de maio

A declaración de caducidade efectuarase despois de tramitar o oportuno procedemento que axustarase ao previsto na lei 39/ 2015 de 1 de outubro e no que garantirase a audiencia as persoas interesados agas no suposto do apartado f).”

Na regulación da **revogación** engádesse ao final dos novos parágrafos :

O procedemento de revogación das licenzas iniciarase por acordo conxunto do Concello e da Dirección xeral competente en materia de transportes da administración xeral da Comunidade Autónoma Galega, a iniciativa de calquera deles e de conformidade co disposto no artigo 21 do vixente regulamento da lei 4/ 2013 de 30 de maio .

En todo caso, deberase garantir a audiencia dos interesados.





## Concello de Vigo

**NO ARTIGO 15** : CONTIDO DO REXISTRO engádesse despois da autorización para exhibir publicidade :

“ Calquera outra incidencia que afecta á licenza municipal “

**O ARTIGO 16:** OBRIGATORIEDADE queda redactado nos seguintes termos:

“A validez dos títulos habilitantes quedará condicionada ao seu visado periódico que realizárase de conformidade co disposto no artigo 18 da lei 4/2013 de 30 de maio e na orde prevista neste último, no regulamento de desenvolvemento da Lei de data 13 de setembro e demais disposicións que poidan ditarse n cumprimento dos mesmos.

O visado dos títulos habilitantes é a actuación pola cal os órganos competentes constatan de forma periódica que a persoa titular mantén as condicións que orixinariamente xustificaron o seu outorgamento e que constitúen requisitos para a súa validez, así como o pago das sancións impostas por resolución que poña fin a vía administrativa, e o cumprimento de todos aqueles requisitos que aínda non foran esixidos orixinariamente, resulten así mesmo de obrigado cumprimento.

O Concello realizará o visado da licenza municipal no prazo dun ano do visado da autorización interurbana, e este sexa anotado no Rexistro de Títulos habilitantes con indicación do período de validez do mesmo.

Para a realización do visado municipal o Concello, establecerá un calendario por Resolución do Alcalde o Concelleiro-delegado de transportes, figurando na mesma Resolución os requisitos de deben ser xustificadas polo titular da licenza e a forma de xustificalos”

**O ARTIGO 17:** NORMAS XERAIS. queda redactado nos seguintes termos:

O titular da licenza ten que ser titular do vehículo que se propoña para prestar o servizo, e deberá figurar como tal no rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico, o ben posuír a capacidade de utilización do mesmo por calquera título xuridicamente válido; neste segundo suposto deberá aportar o contrato que así o acredite , que sempre deberá estar a nome do titular da licenza

Nos supostos de transmisión de licenza o vehículo poderá ser o mesmo adscrito a licenza cando o novo titular adquirese a disposición do mesmo, e sempre que os servizos técnicos municipais informen favorablemente sobre o estado do vehículo, previa a autorización da transmisión de licenza.

No caso contrario deberá adscribir un novo vehículo conforme o establecido no artigo 18 da Ordenanza.

Deberá concertar de maneira obrigatoria a correspondente póliza de seguros que cubrirá danos a viaxeiros e a terceiros, segundo o disposto na normativa vixente.

**NO ARTIGO 20:** CARACTERÍSTICAS DOS VEHÍCULOS se introducen as seguintes modificacións :

No paragrafo primeiro despois de Qm. engádese “ excepto nos supostos de transmisión o cando con antelación estiveran adscritos a outra licenza. En caso de substitución o novo vehículo debera ter unha antigüidade inferior ao vehículo substituído e ter en todo caso menos de 4 anos e menos 45.000 qm. e en todo caso menos quilómetros que o substituído.”

O paragrafo quinto queda coa seguinte redacción: “O número máximo de prazas será de nove, sempre que leven unha praza para persoa en cadeira de rodas , debendo respectar en todo caso que o espazo interior do vehículo sexa o suficiente para permitir a comodidade dos usuarios; neste caso tódolos asentos do vehículo deben ser das mesmas características e o acceso aos mesmos debe ser cómodo “

No paragrafo sexto engádese un novo paragrafo “ Os parachoques, retrovisores e demais accesorios exteriores do vehículo, deberan ser do mesmo cor do vehículo, o no seu caso negro sé son de serie.”

O paragrafo decimo apartado c) queda coa seguinte redacción:

C) “na parte frontal do interior do vehículo deberan figurar nunha placa o numero da licenza , numero de prazas e matricula. (cunhas medidas de 20,5 cm de largo e 7,5 cm de alto) “

No paragrafo décimo cuarto inclúese un novo paragrafo “Na certificación ou informe emitido polo fabricante ou concesionario oficial, deberá facerse constar que todas as prazas son aptas para utilizar polas persoas usuarias do servizo e que ningunha delas ten dimensións reducidas en relación co resto de prazas.”

O paragrafo décimo quinto queda coa seguinte redacción:

“Dispositivos de calefacción e aire acondicionado en correcto estado de funcionamento “

O paragrafo décimo sexto queda coa seguinte redacción :

“Dotación de extintor de incendios, homologado e non caducado. “

O paragrafo décimo sétimo queda coa seguinte redacción:

“Levarán un taxímetro homologado, debidamente sometido ao control metrolóxico e precintado, situado na parte dianteira do interior do vehículo no terzo central, de forma que en todo momento resulte visible para o viaxeiro a lectura do prezo do transporte, iluminándose no momento que estea en funcionamento. Os novos taxímetros que se instalen, deberan incorporar obrigatoriamente impresora de factura. “

O paragrafo vixésimo primeiro queda coa seguinte redacción “Espazo dedicado a maleteiro totalmente independente e diferenciado do habitáculo destinado a pasaxe e suficiente para transportar o equipaxe desta e cunha capacidade



## Concello de Vigo

mínima de 330 litros, que deberase alcanzar coa configuración de asentos e prazas máximas que teña autorizada Exceptuase desta obriga os taxis adaptados nos que esterase a configuración propia dos vehículos desta tipoloxía.

E engádese un ultimo paragrafo vixésimo segundo, coa seguinte redacción: "Placa de servizo publico o SP visible que irá instalada na parte dianteira e traseira dos vehículos"

**NO ARTIGO 21:** DOCUMENTACIÓN se inclúen as seguintes modificacións

No apartado a) despois de vehículo engádese " e as persoas condutoras "

No documento quinto a redacción e a seguinte " Póliza do seguro de responsabilidade civil previsto nesta Ordenanza."

No apartado b) o final engádese " ou tipo de xornada "

Os apartados e) f) g), quedan coa seguinte redacción :

"e) Impreso oficial das tarifas de prezos vixentes en lugar visible para as persoas usuarias que deberá estar también a disposición en formato braille.

f) Talonario de recibos autorizado polo Concello, no seu caso.

g) Follas de reclamacións "

E engádese dos novos apartados k) e L)

"k) Copia do contrato de traballo da persoa condutora asalariada, e ultimo TC2 o documento que o substitúa.

l) Copia do contrato suscrito entre as partes para o caso de concertación previa con toma de persoas viaxeiras fora do termino municipal correspondentes ao suposto do artigo 43,2 do regulamento da lei."

E engádese un ultimo paragrafo coa seguinte redacción :

"A relación de documentos poderá ser modificada por Resolución da Alcaldía, para actualizarse , co fin de introducir as adaptacións derivadas da evolución da técnica e de cambios normativos, dos que se derive a supresión e transformación dos formatos e tipoloxía dos documentos citados. "

**O ARTIGO 22:** ANTIGÜIDADE, queda coa seguinte redacción :

"Os vehículos afectos ó servizo de taxi non poderán permanecer en servizo por un tempo superior a 10 anos contados dende a data da primeira matriculación; no caso de que o vehículo alcance dita antigüidade sen ser substituído por outro, declararase a caducidade dos correspondentes títulos habilitantes. "

**O ARTIGO 23:** PROCEDIMENTO DE SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULOS, queda coa seguinte redacción :

A ) As solicitudes de cambio de vehículos serán dirixidas ao Concello de forma telemática pola persoa interesada, tanto en relación coa licenza municipal como coa autorización autonómica, debendo formularse polo titular da licenza, en todo caso antes de que expire o prazo de 10 anos do punto anterior, e nun prazo máximo de dez días, contados a partir da data de matriculación do citado vehículo.

A documentación que o titular deberá presentar con ocasión do cambio de vehículo é a seguinte:

- a) Solicitud con xustificante de pago das taxas por revisión de vehículo e por emisión de certificado.
- b) Copia da documentación do vehículo.
- c) Copia da póliza de seguro contratada que cubra , a cobertura da responsabilidade civil con o xustificante do pago da mesma
- d) Licenza municipal do vehículo que vai ser substituído.
- e) A documentación que o Concello considere necesaria para a comprobación da correcta prestación do servizo de taxi.
- f) Contrato de arrendamento financeiro no caso no caso de rentig.

O Concello poderá realizar cantas revisións do vehículo considere necesarias para comprobar o estado de conservación, limpeza a demais condicións esixidas ós vehículos, previa notificación ó titular.

B) A solicitude anterior será tramitada polo Concello de acordo co establecido con carácter xeral pola Lei 39/2015, do 1 de outubro. En concreto, deberá requirir á persoa interesada que emende a solicitude, de conformidade co artigo 68 da devandita lei, no caso de que non acompañe a documentación mencionada no apartado anterior.

C) Completada a tramitación, o Concello poderá desestimar directamente a solicitude, se estima que non concorren os requisitos precisos para acceder ó solicitado. Si polo contrario considera que si danse os requisitos efectuará proposta de resolución e a remitira xunto co expediente ó servizo de Mobilidade da Xunta de Galicia, para informe.

D) Unha vez recibido o informe citado, que terá carácter vinculante, no caso de que teña carácter desfavorable, o Concello deberá ditar unha resolución desestimatoria da solicitude formulada, e notificarallo á persoa interesada.

Se, pola contra, o informe fose favorable, continuarase a tramitación do expediente solicitando da persoa interesada aquela documentación complementaria da inicialmente achegada que resulte precisa para resolver.

A persoa solicitante deberá presentar o vehículo para inspección do mesmo, a requirimento dos servizos inspectores do Concello, quen emitirá informe favorable se o mesmo cumpre os requisitos establecidos nesta Ordenanza.



## Concello de Vigo

E) Unha vez resolto o expediente dítarase resolución, que lle será notificada ó titular da licenza de taxi, con indicación de que a súa eficacia está condicionada á resolución favorable da Administración autonómica, e inscribírase no Rexistro de Títulos Habilitantes.

Non poderá prestarse servizo co novo vehículo , en tanto non dispoña das autorizacións correspondentes.

**O ARTIGO 24** Normas Xerais: queda coa seguinte redacción:

“Durante a prestación do servizo os vehículos deben ser conducidos por unha única persoa condutora , xa sexa a persoa titular da licencia e autorización interurbana, u outra que fose contratada laboralmente para este fin por esta.

Para exercer a actividade de persoa condutora dun vehículo taxi e necesario estar en posesión do correspondente permiso de condución suficiente, establecido na lexislación vixente, dispoñer do permiso municipal de condutor de taxi expedido polo Concello, e figurar de alta e ao corrente de pago no réxime correspondente da Seguridade Social.

A persoa titular da licenza deberá prestar o servizo persoalmente de maneira única e exclusiva .

Non obstante poderá contratar persoas condutoras asalariadas en réxime laboral , figurando en xornada completa e con dedicación exclusiva, o en réxime de persoal autónomo colaborador de acordo coa lexislación laboral.

Cada licenza de taxi non poderá ter adscritos á mesma máis de dous condutores, incluída a persoa titular salvo que esta este exenta de prestar persoalmente o servizo de conformidade co disposto na disposición transitoria terceira de Lei 4/ 2013 de 30 de maio

Nos supostos de baixa médica por enfermidade o declaración de incapacidade permanente revisable, por un período superior a 60 días e polo tempo que estas duren, poderá substituíse a persoa condutora asalariada afectada, por un período igual ao da correspondente baixa o declaración.

A adscrición dunha persoa condutora asalariada a unha licenza de taxi debera ser autorizada polo Concello.

A persoa titular da licenza debera presentar por medios electrónicos no rexistro xeral do Concello a solicitude de alta nun prazo máximo de 5 días, a partir da data da súa contratación.

A documentación que deberá presentar a persoa titular da licenza xunto coa solicitude será a seguinte:

- Copia do Contrato de Traballo.
- Copia do permiso municipal de condutor da persoa contratada.

- Vida Laboral do condutor asalariado.
- Copia da alta na Seguridade Social.
- Pago das taxas por expedición da tarxeta de condutor.
- En tanto non se autorice polo Concello a adscrición do condutor a licenza , non poderá prestar o servizo .

No caso de que a persoa asalariada produza baixa, a persoa titular deberá comunicalo nun prazo máximo de 5 días e entregar a tarxeta de identificación correspondente ao contrato.”

**NO ARTIGO 25:** OBTENCIÓN DO PERMISO MUNICIPAL DE CONDUTOR DE TAXI. CONDICIÓNES ESIXIBLES realízanse as seguintes modificación :

No paragrafo primeiro substitúese o condutor pola “persoa condutora “ e despois de probas necesarias engádese “ que axustaranse aos principios de mérito, capacidade , igualdade e publicidade,”

No paragrafo terceiro substitúese os aspirantes pola “ persoas aspirantes “

No paragrafo cuarto substitúese o interesado pola “persoa interesada”

Nos requisitos despois do paragrafo terceiro engádese un novo paragrafo :

“Ter os coñecementos oportunos para atender debidamente as persoas usuarias en xeral e en particular, a aquelas que teñan mobilidade reducida o que presenten algunha discapacidade física o psíquica , limitacións sensoriais o que sexan mulleres xestantes. “

No paragrafo sexto engadir despois de físico “ ou psíquico”

No ultimo requisito engadir despois de primeiros auxilios “ sempre que se organicen cursos oficiais para esta finalidade “

E engádese un penúltimo paragrafo coa seguinte redacción:

“E demais requisitos establecidos no artigo 38 do regulamento da lei 4/2013 de 30 de maio de transporte de persoas en vehículos de turismo de Galicia. “

**O ARTIGO 26 :** RENOVACIÓNS E DUPLICADOS queda redactado nos seguintes termos :

“Os permisos municipais de condutor de taxi terán unha validez de dez anos, podendo ser renovados polo mesmo período, sempre que a persoa interesada acredite cumprir os requisitos necesarios para a obtención do devandito permiso, e acreditar o desempeño habitual da profesión durante o citado período o en toda caso con un mínimo de dous anos En caso de non exercer a profesión durante o período mínimo esixible debera superar unha proba de aptitude .

A persoa que, no momento de solicitar a renovación do permiso municipal estea de alta como autónomo, asalariado ou colaborador nunha licenza de taxi, ten a



## Concello de Vigo

obriga de presentar solicitude telemática e deberá cumprir os mesmos requisitos establecidos no artigo 25 da presente ordenanza para a obtención do permiso municipal de condutor de taxi aportando a documentación xustificativa que lle sexa requirida polo Concello.

Se a persoa non está prestando servizo de taxi no momento de solicitar a renovación, debera xustificar o cumprimento dos mesmos requisitos.

Debe solicitarse a renovación do permiso con anterioridade ó vencemento do prazo de validez ata un máximo de dous meses antes, e até un mes despois.

De non solicitarse a renovación no prazo sinalado anteriormente, e sempre que non pasara máis dun ano dende a data en que se debería renovar, deberán superar unha proba de coñecemento da normativa en materia de taxi e coñecemento das vías públicas da cidade de Vigo.

Se pasou máis dun ano entre a data en que se debería renovar o permiso municipal de taxi, e a data da solicitude de renovación, quedará automaticamente desestimada a correspondente solicitude, debendo obter novamente o permiso municipal, conforme o establecido no artigo 25 desta Ordenanza

Así mesmo, expediranse duplicados dos permisos municipais de condutor de taxi cando sexa necesario nos casos de perda, roubo o deterioro . Nos casos de perda o roubo deberan presentar a correspondente denuncia ante a Policía Local o Nacional o unha declaración responsable.

A persoa que, no momento de solicitar o duplicado do permiso municipal estea de alta como asalariado ou autónomo colaborador nunha licenza de taxi, ten a obriga de presentar solicitude telemática e e deberá cumprir os mesmos requisitos establecidos no artigo 25 da presente ordenanza para a obtención do permiso municipal de condutor de taxi aportando a documentación xustificativa que lle sexa requirida polo Concello.

**NO ARTIGO 29:** NORMAS XERAIS no paragrafo primeiro despois solicitarse inclúese “ telematicamente” e despois de instalar inclúese “ e axuntarse copia do contrato “

**NO ARTIGO 30 :**CONCERTACIÓN DO SERVIZO no apartado d) engádese despois de mediante “ concertación o “

e no paragrafo f) suprímese a letra f) e queda coa seguinte redacción : “A contratación do servizo, levarase a cabo pola capacidade total do vehículo, entendendo por tal o total de prazas autorizadas das que dispoña o vehículo para o transporte de persoas e os vultos cos que viaxen, sen perxucio de que varias persoas compartan o vehículo si así o acordan.”

**Engádese un artigo 30 bis:** CONTRATACIÓN POR PRAZA CON PAGO INDIVIDUAL

De conformidade co disposto no artigo 39 nº 3 do regulamento da lei 4/2013 de 30 de maio de transporte de persoas en vehículos de turismo de Galicia e nas condicións establecidas no mesmo, contéplase os servizos de taxi a varias persoas usuarias por cobro individual por praza, que deberán axustarse as seguintes condicións :

1) A contratación por praza con pago individual solo admitirase nos servizos de taxi previamente contratados por medios telemáticos.

2) Os servizos de taxi compartido componse dun traxecto principal, solicitado polo primer viaxeiro, e dos traxectos accesorios, que deberán sempre discorrer dentro do traxecto principal a efectos de que poidan subir e baixar viaxeiros durante o mesmo

3) Cando un viaxeiro contrate un servizo de taxi por praza facilitará o punto de orixe e destino do traxecto, data e hora da súa realización, o número de prazas que se desexa contratar e deberá coñecer o prezo antes da súa realización.

4) Durante o desenvolvemento dun servizo contratado por praza cumpriranse as seguintes condicións:

a) O itinerario será o máis dereito o adecuado entre o inicio e final do traxecto principal a elección do condutor

b) Admitiranse paradas intermedias para permitir a subida e baixada de viaxeiros durante o traxecto compartido.

c) No módulo luminoso visualízase que o vehículo realiza un servizo previamente contratado.

d) Si se produce o abandono do vehículo por algún dos viaxeiros, suporá a finalización do servizo contratado con o viaxeiro e o pago do prezo acordado con él.

5) Realizado o viaxe, cada usuario recibirá un tique.

6) Para un traxecto orixe e destino, a suma dos prezos abonados polos usuarios que comparten total o parcialmente o traxecto non poderá ser superior ao prezo que resultase do prezo cerrado .

**NO ARTIGO 32: INICIACIÓN DO SERVIZO** engádense os dous seguintes parágrafos ao principio :

“Os servizos de transporte interurbano, deberán iniciarse no termino do Concello ao que corresponda a licenza de transporte urbano , salvo no caso de contratación o reserva previa contemplado no artigo 33 da Lei 4/2013 de 30 de maio .

Neste caso , o servizo concertado deberá ter por destino efectivo o Concello no que este domiciliada a licencia de taxi, o tratarse dun servizo de taxi para persoas usuarias de mobilidade reducida en cadeira de rodas , sempre que nos municipios de orixe e destino non existan vehículos de taxi adaptados. O contrato debe documentarse por escrito.





## Concello de Vigo

**NO ARTIGO 33:** PAGAMENTO DO SERVIZO onde di até 20 € substitúese por “ate 50 €”

### **NO ARTIGO 35 :** DENEGACIÓN DO SERVIZO

No paragrafo primeiro substitúese condutor por “ persoa condutora “

Nos motivos de negativa engádese un ultimo paragrafo co seguinte contido:

“Cando exista una reiteración de servizos solicitados por telefono o telematicamente que unha vez prestados non sexa abonado o seu importe, sempre que o usuario poida ser identificado e se comunique previamente a Concello. Considerarase a reiteración cando o mesmo feito e pola mesma persoa se produza dúas o mas veces no transcurso dun ano, correspondendo a persoa titular do taxi a proba destes incumprimentos “.

**NO ARTIGO 37:** FORMA DE PRESTACIÓN DO SERVIZO: queda coa seguinte redacción:

#### A) DEREITOS DAS PERSOAS PROFESIONAIS DO TAXI

- a ) a cobrar os servizos de conformidade coas tarifas aprobadas en cada momento.
- b) a negarse a prestar o servizo nos casos previstos no artigo 35 da presente ordenanza.
- c) a que as persoas usuarias non suban ni baixen do vehículo cando este estea en movemento.
- d) a que as persoas usuarias non manteñan actitudes que poidan resultar molestas u ofensivas para a persoa condutora.

E todos aqueles que se deriven do contido da presente ordenanza.

#### B) DEBERES DAS PERSOAS PROFESIONAIS DO TAXI

- a) prestar o servizo que se demande , sempre que o vehículo estea libre e a solicitude se realice cumprindo as obrigacións que corresponden as persoas usuarias.
- b) non transportar un numero de persoas superior al das prazas autorizadas.

- c) observar a máxima dilixencia no exercicio da actividade de taxi.
- d) cobrar os servizos de conformidade co réxime tarifario oficialmente establecido, e entregar ao viaxeiro o recibo do servizo prestado.
- e) coidar o aspecto e o aseo persoal e vestirse axeitadamente para o servizo .Queda prohibida a utilización durante a prestación do servizo de chandal, roupa de deporte , camiseta de tirantes , chanclas e pantalóns curtos .
- f) poñer a disposición das persoas usuarias do servizo as follas de reclamacións.
- g) revisar o interior do vehículo ao final de cada servizo para comprobar si o usuario ten esquecido calquera das súas pertenzas nel.
- h) durante a prestación do servizo, en ningunha ocasión e por ningún concepto , os condutores proferiran ofensas ou entablaran discusións que alteren a orde , xa sexa entre si , cos pasaxeiros , co publico en xeral ou cos axentes de autoridade.
- i) admitir e respectar o uso do dereito da confidencialidade das linguas castelá e galega que fagan os usuarios, nas indicacións necesarias para o cumprimento do servizo.
- j) levar o vehículo en condicións óptimas no interior o exterior, en canto a hixiene, limpeza, comodidade e estado de conservación.
- k) os condutores dun vehículo taxi, unha vez chegado ao lugar de destino e se un cliente que poida encontrarse en situación de especial vulnerabilidade así llo demanda, estarán obrigados a esperar e vixiar a entrada destes nos seus portais, non podendo abandonar o lugar ata ese momento.
- l) non fumar no vehículo en ningún momento, debendo levar no vehículo un cartel que así o indique.
- m) non consumir bebidas alcohólicas o calquera tipo de sustancias estupefacientes no interior do vehículo.

E todos aqueles que se deriven do contido da presente ordenanza.

**No artigo 39:** DESCANSOS engádese un ultimo paragrafo:

No paragrafo segundo engadir despois de Concello “en horario de 6,00 a 22,00 horas”

Cando concorran situacións excepcionais que impliquen una importante diminución o incremento da demanda perfectamente xustificada e provisional no tempo, que poida afectar as condicións de prestación do servizo en relación coa rendibilidade do mesmo, e que non se trate dunha proposta que de lugar a unha modificación permanente do sistema de descansos, pode estudarse unha modificación provisional do réxime de descanso.



## Concello de Vigo

**O artigo 40:** PARADAS queda redactado nos seguintes termos :

O Concello, previa consulta as asociacións profesionais representativas do sector do taxi e as organizacións das persoas usuarias e consumidoras representativas fixara os puntos de parada nos que os vehículos que presten o servizo de taxi poderán estacionar de forma exclusiva a espera de pasaxeiros, determinara igualmente o número máximo de vehículos que poden concorrer simultaneamente a cada punto de parada e a forma na que deben estacionar. Para o establecemento das paradas terase en conta, en todo caso e prioritariamente, o mantemento das adecuadas condicións para a fluidez do tráfico así como a visibilidade das mesmas.

As persoas usuarias poderán escoller o vehículo que lles preste servizo entre os que ocupan as dos primeiras posicións na correspondente parada.

Os vehículos en circulación no poderán tomar viaxeiros a menos de 100 metros dos puntos de parada establecidos no sentido da marcha, excepto para as persoas de mobilidade reducida que soliciten un taxi adaptado.

**No artigo 41:** TAXIS ADAPTADOS :

O parágrafo terceiro queda coa seguinte redacción : “As persoas condutoras que presten servizo de taxi deben axudara a subir e baixar do vehículo as persoas con mobilidade reducida , a empregar os sistemas de retención e no seu caso a cargar no espazo do vehículo destinado a tal efecto os elementos que aquelas poidan necesitar para desprazase.”

Engádense un parágrafo anterior ao último co seguinte texto :

“As persoas usuarias poderán ir acompañadas de cans guías o de asistencia sen que poida supoñer incremento no prezo do servizo.”

**O artigo 42:** NORMAS XERAIS engádense ao final os seguintes parágrafos novos :

“Sen perxuicio do anterior , con antelación ao inicio da prestación dos servizos de taxi, a persoa titular da licenza de taxi e as persoas usuarias poderán acordar un prezo fixo para a súa prestación o un desconto sobre a tarifa que resulte de aplicación para o conxunto de conceptos facturables. Nestes supostos, as tarifas terán a consideración de máximas e o acordo debera ser documentado en soporte papel o electrónico.

No caso de establecemento dun prezo final fixo, no acordo debera figurar o importe acordado como o que correspondería a prestación do servizo atendendo as tarifas máximas aplicables; no caso de aplicación dun porcentaxe de desconto sobre o prezo final na documentación debe identificarse dito porcentaxe

En todo caso estarase ao disposto no nº 7 do artigo 40 da lei 4/2013 de 30 de maio de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia “

**O artigo 43** DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS queda coa seguinte redacción :

- a) a ser informados pola administración competente das condicións en que deben prestarse os servizos de taxi.
- b) a exixir da persoa condutora o cumprimento de tódalas obrigacións vinculadas a prestacións dos servizos.
- c) a que a persoa condutora observe a máxima dilixencia na conducción do vehículo e no trato coas persoas ocupantes do mesmo e ocupantes da vía pública.
- d) a recibir da persoa condutora si así o demanda, xustificación escrita das causas da negativa a prestar o servizo.
- e) a decidir sobre o funcionamento do aire acondicionado o calefacción do vehículo.
- f) a obter axuda da persoa condutora sempre que se necesite tanto para subir e baixar do vehículo, como para cargar e descargar equipaxes o aparatos necesarios para o desprazamento de persoas usuarias , tales como cadeiras de rodas o carriños de bebés, equipaxes que non poderán supoñer un risco para a integridade das persoas o nin causar danos no interior.
- g) a decidir que se apague o baixe o volume da radio o de calquera outro aparato de reprodución , excepto o aparato de reprodución de radio taxi o equivalente.
- h) a que se lle facilite cambio de moeda ate o importe de 50 €
- i ) a que se lle entregue recibo do servizo prestado no que conste o prezo, orixe e destino do servizo, o número da licenza de taxi do vehículo que atendeu o servizo, a identificación da persoa titular dos títulos habilitantes e da persoa condutora condutora e a petición da persoa usuaria , o itinerario percorrido
- j) a que se lle faciliten follas de reclamacións.
- k) a que a persoa condutora acenda a luz anterior do vehículos pola noite para facilitar a subida e a baixada dos viaxeiros e o pagamento do servizo.
- l) a poder ir acompañados de cans-guía cando se trate de persoas cegas o con deficiencia visual o de cans de servizo que acompañen a persoas con discapacidades físicas ou psíquicas.
- m) acceder ao servizo en condicións de igualdade. Os condutores e condutoras que prestan o servizo deberán proporcionar a súa axuda ás persoas con mobilidade reducida, así como a aquelas que vaian acompañadas de nenos e nenas, ou ás mulleres xestantes, e deberán cargar e descargar a súa equipaxe.
- n) a prestación do servizo con vehículos que dispoñan das condicións óptimas, no interior e no exterior, en canto á hixiene, limpeza, comodidade e estado de conservación.



## Concello de Vigo

ñ) a subir e a baixar do vehículo en lugares onde quede suficientemente garantida a seguridade das persoas.

o) a seleccionar o percorrido que consideren máis adecuado para a prestación do servizo. No suposto de que non exerzan o referido dereito, sempre debe realizarse seguindo o itinerario previsiblemente máis curto, tendo en conta tanto a distancia que se vai percorrer como o tempo estimado de duración do servizo, segundo as condicións de saturación da circulación.

p) a obter información sobre o número de licenza de taxi e as tarifas aplicables aos servizos.

q) A transportar equipaxes coa limitación da capacidade do maleteiro, sempre que estes non supoñan un risco para os persoas o danos no vehículo; podendo portar gratuitamente no maleteiro un vulto de equipaxe.

E todos aqueles que se deriven do contido da presente ordenanza.

**O artigo 44 :** DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS queda coa seguinte redacción:

a) pagar o prezo da prestación do servizo de acordo co réxime de tarifas establecido.

b) non subir ni baixar do vehículo cando este este en marcha.

c) non manter actitudes que poidan resultar molestas u ofensivas para a persoa condutora e non deteriorar ningún elemento do vehículo.

d) absterse de fumar no interior do vehículo.

e) absterse de consumir bebidas alcohólicas o calquera tipo de sustancias estupefacientes no interior do vehículo.

f) adoptar un comportamento respectuoso durante a prestación do servizo, sen interferir na condución do vehículo e respectar as instrucións da persoa condutora en relación coa prestación do servizo en condicións de seguridade sen que poida implicar perigo para as persoas e os bens.

E todas aquelas que se deriven do contido da presente ordenanza.

No **artigo 46 :**FALTAS MOI GRAVES modifícanse os apartados h) e i) que quedan redactados nos seguintes termos e engádense os novos apartados q) r ) e s) :

h) o incumprimento das obrigacións de prestación do servizo de taxi , impostas polo Concello.

i) non levar aparato taxímetro, a manipulación do mesmo , facelo funcionar de maneira inadecuada, impedir a súa visibilidade ,non levalo en funcionamento durante a prestación do servizo, así como tódalas accións destina-

das a alterar o seu correcto funcionamento, aínda cando este non se encontrase en funcionamento no momento da inspección .

q) a prestación de servizos de transporte con vehículos que incumpran as condicións técnicas sobre accesibilidade de persoas con mobilidade reducida sempre que o vehículo sexa un taxi adaptado.

r) prestar o servizo con un numero de ocupantes que supere o numero de prazas autorizadas de conformidade coa normativa vixente.

s) a realización de servizos de transporte de persoas mediante cobro individual, excepto nos casos en que estea expresamente autorizado.

**O artigo 47 FALTAS GRAVES** :substituíse o apartado m) actual que queda coa seguinte redacción :

m) “Calquera das infraccións previstas como moi graves cando por su natureza, ocasión o circunstancia no deba ser cualificada como moi grave.”

**O artigo 48: FALTAS LEVES:** se engade dous novos apartado n) e o) coa seguinte redacción:

n) “no interior do vehículo, non expoñer ao publico os cadros de prezos autorizados o telos en lugares non visibles, e non indicar a carencia de follas de reclamacións.

O ) Calquera das infraccións previstas graves cando por su natureza, ocasión o circunstancia no deba ser cualificada como grave.”

Dentro do **CAPITULO II, PROCEDEMENTO SANCIONADOR** substituíse o texto polos seguintes artigos :

### **Artigo 50: CONSIDERACIÓNS XERAIS**

O procedemento sancionador será o establecido na normativa básica en materia sancionadora contida na lei 39/2015 de 1 de outubro en na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector publico.

### **Artigo 51: PROCEDEMENTO**

O procedemento sancionador será incoado de oficio:

a) Por acordo do órgano competente.

b) Por denuncia dun terceiro. Calquera persoa (particular. Central Sindical, Agrupación Profesional ou Asociación de Consumidores e Usuarios), poderá formular denuncia por feitos que constitúen infracción dos preceptos contidos nesta Ordenanza.



## Concello de Vigo

c) Están obrigados a formular denuncia os axentes da autoridade.

O prazo dentro do cal debe notificarse a resolución do procedemento sancionador é dun ano desde a data do acordo de incoación do correspondente expediente sancionador,

Antes do inicio do procedemento administrativo sancionador o Órgano competente de oficio o a instancia de parte , nos casos de urxencia para protexer provisionalmente os intereses das persoas implicadas , pode adoptar as medidas axeitadas o efecto , medidas que deberan ser , modificadas o levantadas polo acordo de incoación do procedemento sancionador que debera producirse nos quince días seguintes ó de adopción do Acordo.

Si a persoa interesada decide voluntariamente facer efectiva a sanción antes do transcurso de 30 días seguintes a notificación do expediente sancionador, a contía pecuniaria da sanción inicialmente proposta reducirase nun 30%

O pagamento da sanción pecuniaria con anterioridade a que se dite a resolución sancionadora implicara a conformidade cos feitos denunciados e a renuncia a formular alegacións por parte da persoa interesada e a finalización do procedemento , debendo non obstante , ditarse resolución expresados.

O pagamento das sancións pecuniarias impostas en materia de transportes por resolución que poña fin a vía administrativa , será requisito para o visado obrigatorio , así como para autorizar a transmisión da licenza de taxi.

Engádesse unha **disposición adicional** despois do artigo 51, co seguinte contido “de acordo ao artigo 28 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, a persoa interesada ten dereito a non presentar documentos que xa se encontren en poder das administracións públicas ou que fosen elaborados por estas, sempre que o Concello teña acceso aos mesmos e solicitante non se opoña o autorice nos casos que así sexa necesaria a súa consulta.”

### **A DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA : queda redactada co seguinte texto:**

“De conformidade co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local , a presente modificación da vixente Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo, entrara en vigor aos quince días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, una vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación”

### **16(744).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez